

Nº 1.928  
Zona I.



OBRAS COMPLETAS  
DE VALENTIN LAMAS CARVAJAL

# Espiñas, Follas e Frores


e

# A Musa d' as Aldeas

VERSONS GALLEGOS



ORENSE  
Imprenta y Pap. de "La Región,"  
1927




REAL ACADEMIA  
GALEGA  
A CORUÑA

3024

Biblioteca






ESPIÑAS, FOLLAS E FRORES

ESPIÑAS, ROLLAS E FERORES



VALENTIN LAMAS CARVAJAL

*† 4 Septiembre de 1906.*



OBRAS COMPLETAS  
DE VALENTIN LAMAS CARVAJAL

---

ESPIÑAS, FOLLAS  
E FRORES

VERSORS GALLEGOS



ORENSE  
IMPRENTA DE «LA REGION»  
1927

Es propiedad del autor. Re-  
servados todos los derechos.



## UN POETA SOBRESALIENTE

*Airiños, airiños aires  
airiños da miña terra,  
airiños, airiños aires  
airiños, levádime a ela.*

(Cantiga popular).

*En una de las calles más estrechas (\*) de Orense, y en una de las casas más modestas de la población, vive un poeta, joven por la edad y viejo por la dolencia; artista por naturaleza y literato por el estudio; que canta con suavísima ternura los males de la patria y describe con vivísimos colores las costumbres de Galicia; trovador infatigable de todos los infortunios y constante admirador de las glorias españolas; poeta que, sin recursos, sin auxilios, sin ajenas protecciones, y hasta sin vista, es uno de los más útiles y utilizables cultivadores del pensamiento. Ese joven, ese escritor, ese poeta, para muchos desconocido y sólo de pocos apreciado, se llama Valentín Lamas Carvajal.*

*El que estas líneas escribe vió la luz primera en el mismo país, y quizás en el mismo pueblo que Carvajal. Los dos hablamos el mismo dialecto, y a ambos nos despertó en la infancia el acompasado y vibrante toque de la prima; uno y otro vivimos y nos alimentamos de las letras, de esas letras objeto de tanto cambio y de tanto comercio para los poderosos, y de tan menguados resultados para los humildes.*

*Así es, que considero un deber de presentar a este*

(\*) La calle a que se alude en este trabajo, escrito para la edición de 1877, es la de Lepanto. (N. del E.)

*nuevo e infortunado compañero en el mundo literario para que las honradas inteligencias y los buenos corazones dispensen a su talento y a su desgracia el favor que ha menester de la opinión.*

*En otro país, escritor tan discreto, cuyos cantares solo el sentimiento los dicta y al sentimiento se dirigen, hubiera encontrado, por la falta de vista y por su ingenio peregrino, benévolamente acogida y sabrosa correspondencia en particulares y corporaciones. Pero ya se ve, aquí, en esta tierra de España, la política todo lo absorbe y todo lo envenena; los primores y los frutos de la inteligencia ceden la palma a los arrebatos de la pasión y a las vocingleras exageraciones de la oratoria.*

*Entre el ruido de las contiendas personales y el eterno batallar de los partidos españoles, me permite ofrecer al público para dulcificar sus pasiones, algunas muestras del talento versificador de D. Valentín Lamas Carvajal.*

*No pocas obras dió a la imprenta, y de diversos géneros, en breve espacio de tiempo, pero me limitaré a la última, que reúne a la sencillez el buen decir, a la expresión la dulzura, a la verdad de las descripciones la destreza con que maneja el dialecto gallego. Quizás se observe en las composiciones más sentimiento que arte, más corazón que preceptos retóricos. Así es, en efecto; pero lejos de ser un demérito, la poesía popular necesita candor, expresión, viveza, espontaneidad, sentimiento y sencillez, para que interese a todas las clases y a todas las fortunas, sobre todo a los buenos hijos del pueblo, que retienen con pasmosa memoria, aprenden sin esfuerzo y trasmitten fielmente los cantares de su tierra y las coplas de la mocedad.*

*Valentín Lamas se acuerda, en sus últimos libros, de su madre, de su hijo, de sus paisanos, y de su todavía curable ceguera, que son para él espiñas, follas e frores de su corazón. El Ramiño primeiro está consagrado por entero a la familia, al hogar, al genio, a la ciencia y a Galicia: el segundo al arte, al amor, a la inspiración y al patriotismo.*

*Recordando la nostalgia que produce la emigración entre los hijos de Galicia, que ante todo y sobre todo son hijos de España, dice:*

*Meus gallegos, meus paisanos,  
non volvades a emigrar;  
meus paisanos, meus gallegos,  
volvede axiña pr' acá;  
é mellor fame n-aldea  
que fartura n-ese lar;  
pensade ben que Galicia  
deserta quedando vai;  
pensade ben qu' os craveles  
viven solo n-o rosal,  
as oveillinas n-o monte,  
as sardiñillas n-o mar,  
os peixes n-o craro río.  
as ledas fróres n-o val;  
os gallegos en Galicia,  
lonxe morren de pesar;  
pensade que poucos veñen  
polos moitos que se van.  
¡Ay, Bos Aires unha cova  
é pr'á nosa mocedd!*

*Los hijos de Galicia que viven fuera de su patria, si llegan a leer estos versos, repetirán con lágrimas en los ojos:*

*¡Ay, quéén tivera das, das...  
moitas das pra voar!...*

*No pocos que residen en América, en busca de fortuna o de trabajo, y suelen cosechar más dolencias que dinero, más pesadumbres que satisfacciones, dirán también:*

*¡Ay, probe aldea... aldeña  
de San Pedro de Moreiras,  
cántos sospiros me costas  
e cántos ayes me levas!...*

. . . . .

*Ali non hay fror nin monte  
que n-os meus sonos non vexa  
nin souto que non conoza,  
nin camiño que non sepia;  
inda escotto o son dorido  
d'as catro campás d'a eirexa,  
cal si falando viñesen  
a contarme tristes queixas.*

*Tiene razón Carvajal al afirmar que*

*..... Os probiños gallegos  
moito queren á sua terra...*

*e van morrer sin consolo  
sempre lonxe... lonxe d' ela!*

*Quixerá que m' escoitaran,  
estou canto d' agardar;  
quixerá traspolos montes  
voando n-a inmensidá,  
quixerá traspolos ríos,  
quixerá traspol-a mar,  
e chegar hastra Bos Aires,  
ond' os gallegos están,  
falarles de moitas cousas,  
facelos volver pr' acá;  
mais, jay de min, coitadiño,  
que nada pudo lograr!  
Probe e sin luz, squ' ei facer  
sinon sofrir e chorar!...*

*¡Ay, quén n-a rexión d' o espíritu  
poidera vivir en paz!*

*¿Y los hijos de Galicia, que teniendo trabajo sobrado  
en su tierra, vienen a Castilla con ánimo de ganar...  
algunas pesetas y sin el propósito de perder... la salud?  
¡Ah! los campesinos gallegos, modelos de virtudes, de  
sufrimientos y de privaciones, soportan el clima, las  
fatigas y las penalidades con admirable resignación;  
pero codiciosos de trabajo y de fortuna, pierden la salud  
y la vida por la salud y la vida de su familia. Por eso  
Carvajal pinta la triste situación de nuestros paisanos  
en las siegas, y el cariñoso recibimiento de su llegada a  
la aldea.*

*Vel-ehi veñen os gallegos  
traballadores d' a sega,  
escarramelando os ollos  
por ver de lonxe a sua aldea:  
entoan un alaláza,  
a cántiga feiticeira  
que lles da forza e consolos,  
qu' os anima y-os alenta.  
Dempois d' un longo desterro  
respiran por vez primeira  
os prefumados airiños,  
os airiños d' a sua terra;  
e cal si rexenerados  
s' alcontrasen, solo en vela,  
as tristes almas de onte  
hoxe viven satisfeitas.  
Xa ó lugar en qu' os agardan*

*os traballadores chegan;  
xa se ven co' as xentes suas.  
¡Que de bicos e de apertus,  
cántas vagoas e sospiros,  
e cántas palabras tenras!*

*Negros veñen, os traballos  
que tiveron en Castela  
son d' aquiles que n-os homes  
probas d' os seus males deixan.*

*El poeta pide a los que visiten la sepultura donde  
descansen sus cenizas:*

*Eu pidolle a Dios que biquen  
a miña lousa de pedra  
ises airiños líxeiros,  
que sospiran, que se queixan  
n-os alboriños d'o souto,  
n-as fontelas d'a ribeira,  
n-os picoutos d'as montanas  
e n-as chouzas d'as aldeas,  
os airiños de Galicia,  
os aires d'a miña terra.*

*Se advierte que el joven y ya ilustre trovador no canta más que tristezas y aflicciones, aflicciones y tristezas que revelan la situación de su ánimo y el estado de su vista.*

*La situación de su ánimo, porque pocos, muy pocos tienden la mano protectora al genio poético de Carvajal, como lo exige y lo demanda la ley de Dios y lo aconseja el espíritu de paisanaje, tan levantado y tan hidalgo, teóricamente hablando, entre los naturales de Galicia. De esos pocos que se acuerdan y favorecen a un literato de provincias, existe uno que ni es gallego, ni es oriundo de aquella tierra, ¡por qué no decirlo, si cede en elogio suyo? pero tiene fe, tiene corazón, tiene entusiasmo por las letras patrias, tiene fe, corazón y entusiasmo para hacer que se publiquen en la capital de España y en propia casa, los versiños de Carvajal. Aludo a mi respetable amigo el conocido tipógrafo madrileño D. Manuel Tello, más admirador en la práctica que en la teoría de nuestros artistas y de nuestros escritores, escritores y artistas que pasan la vida labrando fortunas ajenas a costa de la pobreza individual.*

*El estado de su vista, porque aquel que no vé, siquiera haya visto el realismo contemporáneo y tenga esperanza de ver, merced a los adelantamientos de la cirugía, no puede cantar las alegrías de los demás, canta sí, como canta Carvajal, pero sus versos y sus cantares tienen que estar impregnados de esa melancolía y de esa tristeza que entraña el sentimiento del poeta, sentimiento que respira la atmósfera en que vive y que le persigue a todas partes, en el hogar y fuera de él, dentro y fuera del país. Es Carvajal, y tiene que serlo, no el poeta atildado de los salones, sino el cantor del pueblo, que traduce fielmente, narra con exactitud y fotografía a las mil maravillas sus impresiones, sus pesares y sus esperanzas; mejor dicho, lo pasado, lo presente y lo porvenir de cuanto le rodea. Por eso dice, y dice bien:*

*Cand' os gallegos morren de coitas  
entr' os misterios d' as suas montañas,  
entoan o canto con moita forza,  
y-entón semellan, n-as enramadas,  
eses gorzeos d' os rousinores  
cando saudan a luz d' a y-alba,  
eses murmuxos que tén o río,  
eses concertos que fan as aurás...*

*Dempois qu'o entoan con moita forza,  
con toda a forza d' a sua y-alma,  
van-o baizando pouquín a pouco  
hastra que logo n-a gorxa esmaya,  
como unha queixa que leva o vento,  
cal un suspiro qu' o peito garda.*

*El autor, al recordar a sus paisanos en todas las páginas del libro, no echa en olvido a un hombre eminente, natural de Casdemiro, provincia de Orense, quizá el más eminente entre todos los españoles del siglo XVIII, al P. Feijoo (\*) cuya estatua llama la atención del público en la Biblioteca Nacional.*

*Aldó n-aldea de Casdemiro,  
vese unha casa, dolce retiro*

---

(\*) Respetamos la ortografía del autor de este trabajo, pero entendemos que el apellido Feijoo debe llevar acentuada la segunda de las dos últimas vocales, opinión que sostuvo Martínez Salazar. (N. del E.)

*d' unha familia nobre e legal;  
as ledas aurás, y-o vento louco,  
o río Miño pouquinho a pouco  
seus negros muros bicando van.*

*Grandes recordos de gloria encerra  
aquela casa d'a nosa terra  
que bico o Miño murmurador;  
ali, os ollos abriu n-o mundo  
o escrarecido xenio fecundo,  
o renembrado Padre Feijóo.*

*Carvajal en Casdemiro, en aquella honrada casa,  
lamentándose del olvido en que se tuvo la memoria de  
Feijóo durante tantos años, dice entre acongojado y en-  
tristecido:*

*Tiveron que pasar douscentos anos  
pra qu'en Ourense honrasen a tua historia  
¡dous siglos pra facer xusticia á gloria,  
que limpia ver brillar pobos estranos!*

*Naciche eiqui: os ceos soberanos  
dérонche, pra que fose mó'r vitoria,  
fonda cencia, virtú, xenio e memoria  
pra escoller as verdás entr' os enganos.*

*Teu xeneral saber d' abondo proba  
que de Dios a tua cencia recibíche,  
sendo luceiro d'unha idea nóva,  
adiantándose ó siglo en que viviche.  
¡Que non teñas tuas cinsas n-unha cova  
d' acurrunchada aldea onde naciche!!*

*A pesar de haber nacido en Galicia el P. Feijóo, ver-  
dadera lumbre de la Iglesia y de la Ciencia, no se  
observa en el país ni un monumento, ni una estatua, ni  
una inscripción, ni una lápida, que traiga a la memoria  
el nombre de aquel portento de sabiduría y de aquel  
incomparable escritor, que desterró tantas y tan tradi-  
cionales preocupaciones. ¡Cosas de España!*

*Galicia, recordá con cantos e frores  
o nome d' o xenio, refrezo de Dios,*

*ya que no acaba de perpetuarse en broncees y mármoles,  
como desean las corporaciones populares y espera Ga-  
licia, el nombre del sabio benedictino (\*).*

(\*) En la actualidad tiene el sabio benedictino una estatua en la plaza de Isabel la Católica y lleva su nombre una de las mejores calles de Orense, en la que se levanta el magnífico Palacio donde está instalado el Instituto Nacional de Segunda Enseñanza. (N. del E.)

*Tentado estaba a copiar gran parte del libro desde la Alborada y A volta d' o soldado, de irresistible lectura, por su candor y sencillez, hasta N-o mosteiro d' Oseira y O monte Sagro, de rica, galana, fluída y armoniosa versificación, si las composiciones poéticas no siguieran a estas páginas, páginas que según la feliz expresión de Espronceda, constituyen otras tantas hojas*

*.....desprendidas  
del árbol del corazón.*

*Baste saber que existe en Orense un poeta*

*anque probe e sin luz, Dios m' alumea,*

*que canta en dulcísimo lenguaje las glorias y las desgracias de la patria, y cual otro vizconde de Castilho, perdido por desgracia para la literatura lusitana, describe con honesto gracejo y singular donaire las costumbres populares.*

*Carvajal es un escritor modesto, y lo apadrina otro modesto escritor. Bien merecía más alto padrinazgo. Si mi voz fuese escuchada por las corporaciones populares de Orense, tendríamos en el poeta un excelente cronista, tan bueno como Trueba, que es cuanto hay que decir; pero ya que mi solicitud valga poco en la opinión, acudo al libro y a la prensa periódica para que la prohije con su voto y la robustezca con su autoridad.*

MODESTO FERNÁNDEZ Y GONZÁLEZ

## *PROLOGO (\*)*

*A nosa patria conta con moitos e bos fillos; Galicia seica vai espertando d' a deixadez en que facía. É necesario, pois, que cantos por bos gallegos se teñen, procuren xeneralizar o brando e melosiño lenguaxe d' os nosos abós.*

*De vez en cando, algúns xenios erguen a sua voz pra cantar seus inspirados versíños en gallego. Votade unha ollada ás tenrísimas «Follas» que pubriou fai algúns anos a rola de Galicia chamada Rosalía Castro de Murguía: ¡canta tenrura e canto sentimento e canta poesía teñen os seus versos! Ben mal parados quedaron ises barafullas que din qu' a nosa lengua é árida e falta d' expresións e melodía.*

*Leede a «Gaita Gallega» de D. Xoan Manoel Pintos, e teredes que confesar que n-ela respanse toda isa gracia que teñen as costumes e diversíos d' os nosos campesinos; leede os versos de D. Francisco Añon, os de D. Eduardo Pondal, e non poderedes menos de chorar e rir ó tempo mesmo;*

---

(\*) Este Prólogo, escrito para la primera edición, figura también en la tercera, impresa en Madrid el año de 1877 en la renombrada Casa de M. Tello, impresor de Cámara de S. M. (N. del E.)

*o primeiro distínguese pol-o seu graxexo inimitabre, estoutro pol-o sentimento e melancolía que teñen as suas canciós.*

*Dous cantores gallegos que dormen n-a cova o sono d' a morte, tamén enriqueceron a nosa lengua con inspiradas cantigas; falo de D. Alberte Camiño e D. Xosé García Mosquera, qu' inda os chora, e chora, e chorará sempre toda Galicia.*

*Un virtuoso e ilustrado crego, un por moitos conceutos distinguido literato, déunos un tesouro de moito valer, unha roya que soilo poderán apreciar aquiles que conozan as desfavorabres condiciós conque tivo que loitar, pra pór fin a ise menamento d' a nosa literatura, pra escribir a «Gramática gallega». D. Xoan Antón Saco e Arce, é merecente d' unha coroa, é merecente pol-o tanto d' a ademiración e cariño d' os seus veciños.*

*Emprendo hoxe, pois, a pubricación d' as ESPINAS, FOLLAS E FRORES, /Dios queira que pójade seguir a senda de fróres porque camiñaron istes xenios!*

*Eu ben sei que non podo voar tan alto cal îles; os meus probes versiños non son mais que solitarias violetas e non teñen outro mérito tampouco mais qu' o perfume d' amor patrio que respiran.*

*Ben quixera qu' iste libriño chegase hastre as maos d' os que pobran as aldeas mais acurrunchadas, quixera espertar n-o curazón d' os meus paisanos o amor á nosa dulcísima lengua. Causa vergonza decilo; os mesmos nosos campesinos mistúrana hoxe sin piedade co' a castellana. Non poderey lograr os meus deseños porque son probe; pídolle, pois, de favor a cantos merquen iste libriño, si é que non lles prace, que llo regalen a calquera aldeano qu' atopen no seu camiño, pra que leéndoo entr' eles, vexan que non é vergonza, cal pensan, o expresarse n-a sua rica fala.*


*Non quero decir por isto, que o meu lenguaxe*

*sea castizo, non me gabo tanto; falo así porque como  
dí o refran: d' o mal o menos.*

*¡Ogallá qu' o meu libriño chegue a encher o fin  
qu' eu cubizo!*

*¡Ogallá qu' os que conozan o meu pensamento,  
axuden os meus esforzos!*

VALENTIN L. CARVAJAL



RAMIÑO PRIMEIRO

LAWING-PROMPT

## INTRODUCIÓN

Vouvos falar n-o prácido lenguaxe  
d' as afenciós dolcísimas e tenras,  
n-ese lenguaxe brando e melosiño  
cal son os fillos d' esta nobre terra;  
n-ese lenguaxe, singular concerto  
de sospiros, d' arrolos e de queixas,  
dolce cal esa vaga melodía  
qu' os agros teñen cand' o sol esperta,  
e cando pol-o vrau n-as craras noites  
bican as bris as follas d' alboreda;  
n-ese lenguaxe, míseca d' o ceo,  
eiquí vibrada por mortales lenguas,  
eco d' o corazón que penas xeme,  
espresión d' unha y-alma d' amor chea.

Eu vin a luz, d' o relembrado Miño  
n-as froridas e máxicas ribeiras;  
d' ese río prateado e maxestoso  
que nace e morre n-a rexión gallega;  
d' ese río, o mellor d' a miña patria,  
quero, pois, eu seguir a sorte mesma,  
quero ser cal as frores que no Outono  
morren ond' ó follato en que naceran.  
Coitado trovador d' estas montanas,  
entrammentres non hache a morte n-elas,  
eu cantarei as grorías e costumes  
d' os nobres fillos d' esta santa terra,  
niño d' amor mimado pol-as fadas,  
feitizado xardín d' a natureza.  
Vinde, pois, meus gallegos, os que tendes

almas d' amor e d' entusiasmo cheas,  
os que sintides inframar o peito  
c' os recordos de glorias e grandezas,  
vinde tamén as que d' amor morredes,  
dolces, sensibres e garridas nenas,  
eu cantarei tamén vosos amores:  
anque probe e sin luz, Dios m' alumea.

## AMOR DE NAI (\*)

*N-o verce, n-os sendeiros d'a  
xuventú, n-as coitas, n-as fondas  
tréboas d'a cova, a nai é o dn-  
zel que nos fai dolce compaña.  
(Benditas sean as nais!)*

### I

Relembrazas de tempos que foron  
van vindo á memoria,  
como triste cantar que de lonxe...  
muy lonxe... s'escoita:  
soedades que levo comigo,  
soedades muy fondas,  
misturadas n-o espiritu que sofre,  
sospiran e choran,  
¡ay! sospiran ollando fuxidas  
as prácidas grorias  
que gocei sendo nena, en compaña  
de nai cariñosa;  
tristes choran sin paz nin consolo  
ó verme tan sola;  
sin seu dolce y-amante agarimo  
alcóntranme orfa...  
¡Ay! qu'as vágoas que saen d' os ollos  
non teñen agora  
quen as mire con fonda tristura,  
nin quen as recolla!

---

(\*) Composición premiada c' unha pruma d'ouro, ofrenda d' o  
señor D. Modesto Fernández e González, n-o certame que celebrou  
*O Heraldo Gallego* o 4 d' Outubre de 1876.

¡Qu' os sospiros que saen d' o peito  
     lembmando congoxas,  
 xa non teñen un alma xemela  
     que d' eles se doya!  
 Cal a fror d' o roseiro arrincada  
     se muscha e desfolla,  
 com' o sol que se perde co-as tréboas  
     d' a noite treidora,  
 eu asina estarei mentras viva,  
     tan triste, tan sola;  
 eu asina estarei n-este mundo  
     namentras non morra,  
 pois perdín o meu santo feitizo,  
     meu ben, miña gloria,  
 a naicíña que tanto me quixo,  
     ¡que dorme n-a cova!

## II

Unha tarde do vrau, ¡ay que tarde  
     de loito e desgracias!  
 un hirmau qu' era noso agarimo,  
     qu' os eidos coidaba,  
 pol-as ordes d' os homes chamado,  
     marchouse d' a casa:  
 caíu quinto, levárono á guerra  
     e foi miña alma!  
 cal ovella que pr' ó matadeiro  
     á forza é levada.  
 Miña nai nada soupo: a sua volta  
     de cote agardaba  
 n-os erguidos picoutos d' aldea,  
     tremando, apenada.  
 Moitos días correron; non chega  
     o fillo qu' agarda  
 a naicíña que morre de coitas,  
     coberta de vágoas:  
 vendo solo o camiño por onde  
     seu fillo marchara,  
 con acento de fonda tristeza  
     que fire as entranas,

pondo os ollos n-o ceo, axuntando  
 as maus, escrama:  
 «Eu non podo vivir sin meu fillo,  
 meu Dios... ¡cánto tarda!»  
 Mais o fillo, que vive muy lonxe,  
 en terras estranas,  
 non escoita os xemidos d' aquela  
 naiciña adourada,  
 que por velo e bicalo daría  
 cen vidas, cen almas,  
 si cen almas e vidas tivera  
 n-o mundo pra dalas;  
 qu' é o amor d' unha nai infinito,  
 pasión pura e santa,  
 luz de gloria, pracer e consolo  
 que nunca s' apaga,  
 limpa fonte de tenras caricias  
 que sempre tén augas,  
 validoso tesouro qu' as pelras  
 d' o mundo non pagan.

## III

Consumida morreu de pesares  
 a nai que vos lembro;  
 orfa e probe quedei n-este mundo  
 d' espiñas cuberto.  
 Pra cantar d' unha nai o cariño,  
 palabras non teño,  
 qu' as afogan as tristes, as fondas  
 soedades que levo  
 misturadas n-o espiritu que vive  
 chorando e xemendo;  
 solo pudo decirvos que canto  
 de bó, nobre e tenro  
 pôdea ser semellanza n-a terra  
 d' as gracias d' o ceo,  
 canto alcenda n-as almas un fogo  
 de puros afectos,  
 canto leva hastra Dios os espiritus  
 por mundos espréndidos,

é d' o amor d' unha nai semellanza,  
purísimo espello.

## IV

Si hay amores n-o escuro deserto  
d' o mundo cativo,  
si hay afeutos que deixan n-a y-alma  
recordos purísimos,  
si hay caricias, e gloria, e praceres,  
e santos feitizos,  
non tan puros e grandes ser poden,  
non tan infinitos  
como a cega pasión que lle teñen  
as nais ós seus fillos.  
¡Ay! Deixade un momento que lembre  
con tenro cariño  
miña nai, que con dolces coidados  
n-o colo me tivo;  
miña nai, que con cántigas brandas,  
namentres dormindo  
eu estaba, gardou amorosa  
meu sono tranquilo;  
foi a boa, a leal compañeira,  
o ánxel divino,  
que d' os toxos treidores d' o mundo  
librou meu camiño;  
miña nai, que me daba por centos  
apertas e bicos,  
cando eu n-o seu colo brincaba  
d' amores sourrindo.  
¡Ay! que sempre bendiga e protexa  
o ceo benino  
ás naicíñas que solo cobizan  
o bén d' os seus fillos!

## N-O CIMETERIO D' OURENSE

*Un recordo ó inxenioso e inapirado poeta gallego D. Xosé Garcia Mosquera.*

É unha tarde, tarde serea,  
de luz, praceres y-encantos chea;  
o sol alumia veiga e pinar;  
solo eu chamado por un misterio,  
veira unha cova d'o Cimeterio  
esconsolado veño a chorar.

¡Ourense, Ourense... cantos doores  
entre garridos ramos de frores,  
ay... pr' os teus fillos gardados tés!  
¡E cántas vágoas de pena ardente  
leva o río Miño n-a sua corrente  
d' auga que leda bica os teus pés!

Cantor que dormes eiquí esquecido,  
espiritu d' ánxei, xenio nacido  
n-o chau gallego, n-este xardín;  
¡qué coitadiña foi a tua sorte...  
nin n-a tua vida, nin n-a tua morte,  
unha coroa colliche d' fl.

Nobre poeta, com' outros tantos  
que foron grandes pol-os seus cantos  
cheos de groria, d' inspiración,  
vivo, alcanzache solo doores;  
morto, unha probe cova sin frores,  
orfa de vágoas e d' oraciós.

Probe Galicia, nai sin ventura,  
as tuas grandezas, a noit' escura  
d' o negro olvido, sumindo vai.

Si é que perguntan naciós estranas  
que fas d' os fillos d' as tuas entrañas,  
¿qué vas decirilles, coitada nai?

Pensa que mortos, sin menumentos  
tel-os teus héroes y-os teus talentos,  
xenios que foron moito pra tí;  
ansí perdendo vas d' a tua historia  
nomes ilustres, follas de groria,  
grandiosos feitos, fazañas mil.

Cando as gallegas xentes que veñan  
en moita estima y-en honra teñan  
as santas cinsas d' este cantor,  
si é que chas piden, nai descoidada,  
¿poderás darllas? ¿onde gardada  
tés esa xoya de gran valor?

N-esta d' a morte mansión severa,  
ninguén alcontra rastro xiquera  
que pra buscala sirva de luz;  
naide o recorda... ¡ceo bendito!  
Naide hoxe garda seu nome escrito...  
¡nun unha lousa, nun unha cruz!

.....

Cinsas sagradas pra min queridas  
que pol-os ventos esparexidas  
vades sin rumbo, d' eiqui pr' alí,  
¡ay! pra esta cova volvede logo,  
eu vol-o pido, eu vol-o rogo,  
pois necesarias sodes eiqui.

Mañá de fixo, cando a xusticia  
seu trono asente n-esta Galicia  
que agora viste mouro sayal,  
teredes cinsas, mellor memoria...  
GARCÍA MOSQUERA foi unha groria,  
y-o seu recordo será inmortal.

*Agosto, 1874.*

## QUEIXAS

Estou soliño n-o mundo,  
naide me vén consolar,  
que son as vágoas d' os probes  
pingas de chuvia n-o mar.  
Eu vivo infeliz n-aldea,  
coitadiño n-a cibdá,  
morro n-os soutos de coitas,  
n-os montes de soedás;  
eu vou cal sombra d' un morto  
correndo d' eiquí pr'alá,  
sin amores, sin amigos,  
sin luz, sin nome, sin lar.  
¡Ay, quéen n-a rexión d' o espritu  
poidera vivir en paz!...  
¡Ay, quéen tivera áas, áas...  
moitas áas pra voar!...

---

Sai o sol e sai a lua  
o firmamento alumear;  
cobrese o ceo d' estrelas,  
o mar vólvese un cristal,  
móstranse as frores con pelras  
orballadas n-a mañán;  
todo esperta, todo vibra,  
todo é vida e craridá;  
solo eu, coitado, non vexo  
tanta groria e maxestá,  
n-este deserto d' o mundo

grande como a inmensidá.  
 ¡Ay, quén n-a rexión d' o espíitu  
 poidera vivir en paz!...  
 ¡Ay, quén tivera áas, áas...  
 moitas áas pra voar!...


Alá van as miñas ansias,  
 meu pensamento alá vai,  
 ond' os probiños gallegos  
 de fatiga morrerán;  
 deixan n-este chau frorido  
 a sua noiva, a sua nai,  
 qu' os arrulou cando nenos  
 con toda felicidá;  
 deixan a terra que garda  
 as cinsas d' os mortos pais.  
 ¿E pra qué? Pra comer lonxe,  
 mollado en vágoas o pan.

Meus gallegos, meus paisanos,  
 non volvades a emigrar;  
 meus paisanos, meus gallegos,  
 volvede axiña pr' acá;  
 é mellor fame n-aldea  
 que fartura n-ese lar;  
 pensade ben que Galicia  
 deserta quedando vai;  
 pensade ben qu' os craveles  
 viven solo n-o rosal,  
 as ovelliñas n-o monte,  
 as sardiñiñas n-o mar,  
 os peixes n-o craro río,  
 as ledas frores n-o val;  
 os gallegos en Galicia,  
 lonxe morren de pesar;  
 pensade que poucos veñen  
 polos moitos que se van.

¡Ay, Bos Aires unha cova  
é pr' á nosa mocedá!

Quixerá que m' escoitaran,  
estou canso d' agardar;  
quixerá traspolos montes  
voando n-a inmensidá,  
quixerá traspolos ríos,  
quixerá traspol-a mar,  
e chegar hastra Bos Aires,  
ond' os gallegos están,  
falarles de moitas cousas,  
facelos volver pr' acá;  
mais, ¡ay de min, coitadiño,  
que nada podo lograr!  
Probe e sin luz, ¿qu' ei facer  
sinon sofrir e chorar?...

.....  
¡Ay, quén n-a rexión d'o espiritu  
poidera vivir en paz!  
¡Ay, quén tivera áas, áas...  
moitas áas pra voar!



## DESCONSOLO DE NAI

Eu ben o vin, c' o seu morral ó lombo,  
car' á Cudeiro ben o vin marchar...  
Leváronmo pr' á guerra... ¡Ay, probe fillo...  
¡Ay, probe fillo!! ¡Coitadiña nai!!

Eu xa non teñio quen console agora  
as penas que m' acoran; sin él son  
sér que morre de coitas e saudades,  
alma sin sonos e xardín sin fror.

Inda hoxe o recordo, e inda teñio  
gardadas n-o meu triste corazón  
as vagoas d' os seus ollos, as palabras  
que me dixo o meu ben cando se foi.

«¡Miña nai, miña nai, cale, non chore!»  
dixo o probe, morrendo de pesar;  
difume unha aperta logo, e despidiuse,  
foise dempois, e non-o vin xa máis.

O meu tesouro, a miña xoya, o fillo  
que con tantos traballos eu criéi,  
¿onde s' atopará? ¿Morreu ou vive?  
¿Eu morrereime sin volvelo a ver?

---

Anduriñas voadoras que traspondes  
os espazos, si o vedes, por piedá

faládelle de min, qu' o quero moito,  
que veña axiña, axiña pr' ó lugar!...

.....  
¡Ay, e ninguén responde! Todo cala...  
saudades... door... loito e sofrir!  
Sinon alento xa sin o meu fillo,  
¿onde estás, morte, que non vés por min?

## O FIADEIRO

### I

Cando vai anoitecendo  
y-as campanas d' a parroquia  
ó toque d' as oraciós  
dooridamente dobran;  
cando os eidos y-o traballo  
deixa a xente labrador,  
namentras que pol-os mortos  
as almas cristianas rogan,  
camiño d' o fiadeiro  
van os mocíños e mozas  
máis satisfeitos e fonchos  
que pr' á festa d' a patrona,  
os us brincando c' os outros,  
cantando entre dentes copras.

### II

Alí n-a casa d' o crego,  
á luz d' un candil que colga  
d' unha baraza de liño,  
vense as rapaciñas todas  
sentadas en longos bancos  
y-en duas ringuileiras postas,  
contando contos de bruxas,  
turra que turra d' a roca.  
¡Ay que cariñas tan brancas,  
qué xoviales, qué xeitosas!

¡Cánto fogo n-as miradas!  
N-os labios, ¡que risas tolas!

## III

Ali tedes a Marica,  
rapaza traballadora,  
que fiou solo nantronte  
dazasete mazarocas.  
Unhas nove eran de liño,  
as outras oito d' estopa;  
pro tan feitucas, tan lisas,  
tan acabadas deixounas,  
que si fiaran n-os ceos  
xurara que os anxes foran.  
Ali tedes a Carmela,  
que deprendeou de memoria  
os cristos, o calendario  
e moitos libros n-a escola;  
ela divos as palabras  
com' o crego d' a parroquia,  
eses latís que se dicen  
ó tempo d' alzar a hostia;  
ela léevos de corrido,  
facendo puntos e comas;  
e si teñen en Bos Aires  
os seus cortexos as mozas  
ela escrifbelles as cartas,  
e de modo e xeito ponas  
que adivinña os pensamentos  
e canto sinten as noivas.  
En fin, evos a Carmela  
pr' ó lugar unha doutora.

## IV

«Calade... ei vén a trullada  
d' os mozos de Santa Comba.  
Condergados... ¡cómo berran  
e cantas cantigas botan!

Calade... que tran pandeiro,  
e tran ferreñas e conchas...  
Runfla temos... ¡arde o eixe!»  
Y-así din y-así reloucan,  
os mozos pol-o camiño,  
e n-o fladeiro as mozas.

## V

«Xa chegan... ¡chists!... caladiñas,  
que xa están chamando á porta».«  
Pol-a cerradura un mozo  
ó tempo que axexa, escoita,  
c' o sombreiro car' atrás,  
cal si a beber auga fora.  
Loitan outros por guichare,  
y-entre rempuxós e loitas  
arrebulladol-os mozos  
fan abrir de par a porta.  
Entón ármase o barullo,  
entón empezan as gordas,  
trema o candil n-a baraza,  
arreconchéganse as mozas,  
y-os condergados d' os homes  
quérenlle queimar a estopa.  
—¡Non pode ser!—berran unhas  
escondendo ó tempo as rocas.  
—Non seades barafullas,  
qu' o liño cartiños costa.—  
Mais, ¿quéén a ley alí pón,  
si ningún dito se escoita?  
Vense queimar as manelas,  
os fusos pol-o chau rodan,  
e cal si fosen o demo,  
trafulcan o qu' eles tocan.

## VI

Comenza a tocal-o chifro,  
logo a pandeireta sona,

¡cata que demo!, calados  
quedan cando tal escoitan.  
—Peneira ben o pandeiro,  
dícelle Xoan á Calrota.  
—¡Viva o fiadeiro, e vivan  
os mozos de Santa Comba! —  
Y-o pandeiro e pandeireta,  
y-o chifro, y-as castañolas,  
que dempois tañe o que baila,  
e facendo dúa as conchas,  
compoñen a leda orquesta  
d'aquela trullada louca.

## VII

Cando cansan as rapazas  
e rapaces de dar voltas,  
y-as preguiceiras d'as vellas  
dan coteñadas ou roncan,  
séntanse logo n-os bancos  
e dempois historias contan.  
Hay quen dí con xuramento  
que víu pol-a correredoira  
d'o muíño, unh' alma en pena  
en duas sábas envolta.  
Esto que conta Xuliana  
fai tremar de medo a todas.  
Fala logo a tía Xertrudes  
(por nomeada *Cazola*),  
e di que víu a *Compañía*  
sair de noite, á deshora,  
e que n-o medio d'o adro  
afondaran unha focha,  
e que por ela fuxiron  
as unhas dempois d'as outras.  
Así vai correndo o tempo,  
hastra que por fin escoitan  
o ronco cantar d'o galo,  
fixo relóx d'a parroquia  
de noite, pois pol-o día

sírvelles o sol de norma.  
Oubindo tal, o fiadeiro  
van deixando, que son horas,  
e salen d' alí xuntiños  
cada mozo co'a sua moza.  
Unhos van de parrafeo,  
os outros cantando copras,  
chegan á sua casa, e danse  
as boas noites á porta.

Pouco dempois, os aldeanos  
entr' as brancas sábas folgan,  
e sosega o pobo enteiro  
agardando a luz d' aurora.

the first time in  
the history of  
the world, the  
whole of the  
population of  
the globe  
is now  
subjected  
to the same  
influence  
and  
undergoes  
the same  
processes  
of  
development  
and  
degeneration.

The progress of  
the world is  
now  
irreversibly  
towards  
the  
highest  
degree  
of  
development,  
and  
towards  
the  
lowest  
degree  
of  
degeneration.

It is  
now  
impossible  
for  
any  
nation  
or  
people  
to  
remain  
stationary  
in  
its  
condition  
of  
development,  
and  
it  
is  
now  
impossible  
for  
any  
nation  
or  
people  
to  
remain  
stationary  
in  
its  
condition  
of  
degeneration.

It is  
now  
impossible  
for  
any  
nation  
or  
people  
to  
remain  
stationary  
in  
its  
condition  
of  
development,  
and  
it  
is  
now  
impossible  
for  
any  
nation  
or  
people  
to  
remain  
stationary  
in  
its  
condition  
of  
degeneration.

## O TOQUE D' AGONÍA

—Nai, miña nai, ¿qué din as bateladas  
qu'escoito polos aires resoar,  
cal si fosen xemidos d'outros mundos?  
¿Qué din esas campanas, miña nai?  
—Din moitas cousas, neno, moitas cousas  
tristes, muy tristes, que me fan chorar...  
Son as queixas d'os mortos cando veñen  
c'os vivos a falar.

¡Ay! esas bateladas xemidoras,  
queixas, sospiros, despididas son  
d'os que chorando van polos que deixan  
n'este mundo de vágooas e delor;  
por elas falan c'os seus probes fillos  
as nais amantes; n'esas vibraciós  
as libres almas d'os que foron, piden  
o ben d'as oraciós...

.....  
—Tocan a morto n-a veciña eirexa,  
¡As campanas que vágooas fan verter!...  
—¿Tí morrerás tamén, nai queridiña?  
—Todos temos, filliño, que morrer.  
—¡Eu quedarei soliño n'este mundo!  
—Non... dam'un bico... cala... Eu pidirei  
a Dios pra que nos leve a morte xuntos,  
cal agora nos ve.

17.000.000.000.000

reduced to 100000000000000  
providing a large number of  
the required services to a number of countries.  
The above statement was made by  
General Secretary of the International  
Labour Office, Mr. G. C. Scott, in his  
recent speech at the Conference on  
Trade Unions.

General Secretary said that  
the world's population is increasing  
more rapidly than ever before. In many parts  
of the world there is a constant increase  
in the number of people who are  
unable to find employment and so  
are compelled to migrate to other countries  
in search of work.

General Secretary also stated that  
there is a great demand for  
immigrant workers in the United States  
and Canada, but that the demand  
is not so great in Australia and  
New Zealand where there is a  
large number of native labourers.  
General Secretary said that the  
United States and Canada are  
now the chief countries in which  
immigrant workers are employed.

## A MIÑA ALDEA

Preto d' os Castros de Trelle,  
n-unha frorida ribeira  
onde moita clas de plantas  
e d' alboriños vexetan,  
érguense as humildes chouzas  
de San Pedro de Moreiras;  
probe aldeíña onde teño  
as miñas grorias d' a terra,  
o niño d' os meus amores,  
os recordos que m' alentan;  
n-ela vin a luz d' o dia  
e pol-a noite as estrelas;  
alí pensando n-o ceo  
vertín as vagoas primeiras:  
alí miña nai, amante,  
arruloume satisfeita  
ó son vagoroso e dolce  
d' as cantiguiñas gallegas;  
alí, n-o seu camposanto,  
onde debaixo d' as herbas  
dormen o sono d' a morte  
as miñas amadas prendas,  
¡cántas veces eu rezaba  
pensando choroso n-elas!  
Alí non hay fror nin monte  
que n-os meus sonos non vexa,  
nin souto que non conoza,  
nin camiño que non sepia;  
inda escoito o son doorido

d'as catro campás d'a eirexa,  
cal si falando viñesen  
a contarme tristes queixas.  
¡Ay, probe aldea... aldeíña  
de San Pedro de Moreiras,  
cántos sospiros me costas  
e cántos ayes me levas!...

Así dicia un coitado  
galleguiño, aló n-América,  
cando morto de soedades  
pensaba n-a sua aldea.  
¡Ay! os probiños gallegos  
moito queren á sua terra...  
e van morrer sin consolo  
sempre lonxe... lonxe d'ela!!

## O NACIMENTO D' O PADRE FEIXÓO

Aló n-a aldea de Casdemiro,  
vese unha casa, dolce retiro  
d' unha familia nobre e leyal;  
as ledas auras, y-o vento louco,  
o río Miño pouquiño a pouco  
seus negros muros bicando van.

Grandes recordos de groria encerra  
aqueila casa d' a nónsa terra  
que bica o Miño murmullador;  
ali, os ollos abriu n-o mundo  
o escrarecido xenio fecundo,  
o renembrado PADRE FEIXÓO.

Foi unha tarde qu' o sol morría...  
Aló n-os soutos leve armunía  
iban facendo murmuxos mil;  
daban perfumes as brancas frores,  
os paxariños cantos d' amores,  
o río, as auras, ecos sin fin.

Non sei que vago concerto estrano,  
xamáis oubido por sér humano,  
iba collendo forzas e voz,  
n-o feitizado feliz retiro,  
n-a probe aldea de Casdemiro,  
cando a esta terra viña FEIXÓO.

Unha garrida nai virtuosa,  
filla obedente, leyal esposa,  
tiña n-o colo con tenro amor  
o piquiniño tan feiticeiro,  
cal é a lua pol-o Xaneiro,

como no estio refulxe o sol.

A nai, o neno con fe arrulaba,  
o pai, de gozo vagoas choraba,  
o piquiniño chorou tamén;  
e n-aquel día veu pra Galicia  
unha esperanza y-unha dilicia,  
un sol, un xenio de gran valer.

Cantando mentras seu nacemento  
iban lixeiros n-as áas d' o vento,  
coros celestes, brancas visiós:  
música branda, leda armunía,  
que asi falaba cando nacia  
aquele lostrego d' a luz de Dios:

«Desperata, Galicia, desperata, non chores;  
»naceuche hoxe un fillo qu' un xenio será;  
»ondinas d' o Miño, con cantos e frores  
»a cuna d' o neno feliz, arrular.  
»Os xenios que foron de grande memoria  
»xa veñen, xa chegan velando por ill;  
»virtú e nobreza, talentos e groria,  
»xa teñen, gardados pra dar á sua historia  
»as *fadas* que dormen n-as grutas d' o Sil.  
»Filósofos, sabios, baixade a cabeza;  
»estrelas, deixade brilar ese sol,  
»que fogo divino lle deu pra grandeza  
»Aquél que protentos de luz e belleza  
»n-o ceo e n-a terra d' a *nada* criou.  
»Galicia, desperata; Galicia, non chores,  
»xa tés quen desterre teus vellos errores,  
»xa tés nóvas grorias e nóvos brasós;  
»Galicia, recorda con cantos e frores  
»o nome d' o xenio, refrexo de Dios.»

## O CRUCEIRO DE PEDRA

Triste, afrixida e chorosa  
ó pé d' o cruceiro, Rosa  
morriáse de doer;  
a probiña sospiraba,  
e choraba  
a morte d' o seu amor.

Xoven ainda, muy nena,  
xamáis conoceu a pena,  
triste herenza d' o vivir;  
non coidara a coitadiña  
qu' inda tiña  
que chorar e que sofrir.

Recordos que non-a deixan  
seus pensamentos aqueixan,  
pensando con inquietud  
que más feliz tiña visto  
aquei Cristo  
que fai cravado n-a cruz.

¡Ay, cántas veces a lua  
alumou a sorte sua  
diante d' o cruceiro aquil!  
¡Cántas veces seu refrexo  
n-os brazos d' o seu cortexo  
a vira sourrindo ali!

¡E cántas diant' o cruceiro  
as tocatas d' o gaiteiro

moveran seu corazón,  
cando o verau comenzaba  
e chegaba  
a festa de San Antón!

¡Cántas veces o *alalála*,  
cantar qu' o gallego exhala  
d' o fondo d' o corazón,  
adormeceu seus amores  
co' eses máxicos rumores  
que teñen nosas canciós!

Hox' alcóntrase soliña,  
¡mal pocado, coitadiña!  
non fai sinon sospirar.  
¡Ay! a xoven namorada,  
esconsolada,  
¿qué ha facer sinon chorar?

Santo cruceiro de pedra,  
cuberto de musgo e d' edra  
qu' o seu desconsolo ves,  
dalle ti un consolo agora  
xa que chora  
morta d' amor ós teus pés.

Mira como xa te chama,  
mira como xa recrama  
o teu favor cando dí:  
«Dios d' o ceo, Dios d' o ceo,  
o corazón d' o meu seo  
quixera arrincar eiqui.


»Mira que vivir non pudo  
sin seu amor, que foi todo  
canto n-a terra adorei,  
foi miña groria querida,  
luz d' a vida,  
sin seu amor morrerei.

»Mira, meu Dios, que son nóva  
e que tan terrible proba

non poderei resistir.  
¡Santo Cristo d' o cruceiro,  
meu luceiro,  
compadeceivos de min!»

Asina, triste, escramaba  
a Rosiña, que choraba  
morréndose de doer  
ó pé d' o santo cruceiro,  
compañeiro,  
testigo d' o seu amor.

Sempre gardan cen memorias  
d' amantes, tenras historias  
os cruceiros d' o lugar,  
n-as aldeas compañeiros,  
conselleiros,  
d' o amor e d' a soedad.



## RECORDO E QUEIXA

*Ó distinguido e coitado escritor amante de Galicia D. Fernando F. Fulgosio.*

Namorado leyal d'a miña patria,  
nobre escritor, escrarecido xenio,  
cumpríuse o teu afán... a negra morte  
abrfuche a cova n-este chau gallego.  
N-esta terra infeliz onde non choran  
nin honran a memoria d' os inxenios,  
perderase o teu nome... cal se perden  
as cinsas d' os que morren n-os desertos.  
Hoxe non tés un alma qu' afrixida  
veña poñer n-o triste cimeterio  
unha garrida fror que te recorde,  
unha cróa que premie os teus desvelos,  
unha vágoa que molle o teu sepulcro,  
nin sospiros que creben teu silencio.  
Sumido n-as entranas d' esa cova,  
contas a longa inmensidá d' os tempos,  
agardando qu' a trompa d' a nembranza  
o teu nome pubrique en áas d' o vento...

---

¡Quén che dixerá, dí, quén che dixerá  
que solo olvido atoparías, en premio  
d' aqueles cantos brandos e queixosos  
que más nembranzas a Galicia deron!  
¡Quén che dixerá qu' este chau frorido,  
a quien tiveches un cariño tenro,

soło tería pra ofrecerche en pago  
a cova d'un escuro cimeterio!

.....

¡Ay! namentras que eiquí esquecido,  
namentras que non tés un menumento,  
xenio sin cróa, durme, non despertes  
d' ese sono de somas e misterios...  
Durme, non volvas a este mundo os ollos  
que sempre foi ingrato c' os talentos...  
¡Amante coitadío de Galicia,  
si é qu' espertas, esperta aló n-o ceo!...

## UN CORAZÓN DOORIDO

Lisonxeira esperanza, groria miña  
que nos meus sonos cando neno vin,  
¿pra qué te mostras con nemiga sorte?  
¿Pra qué fuxes de min?

Paz d' o meu corazón, que sufre e chora  
sin que naide coneza o seu sufrir,  
lume d' o craro sol, ¿pra qué tan cedo  
por meu mal vos perdín?

Almas boas que fúchedes un tempo  
o meu consolo, a miña groria eiquí,  
¿cómo non vindes a calmar agora  
os meus doores sin fin?

Eu son n-a terra onde vivo e morro  
un espírito xa feito pra sentir,  
un corazón sin ilusíos nin sonos,  
un coitado infeliz.

Sin luz, sin groria, sin amigos tenros,  
por estas terras camiñando vou...  
Deixádeme cantar... qu' ás miñas penas  
así consolo dou.

.....

¿Chámasme tí, arcánxel d' o meu ceo?  
Ay Virxen santa, celestial Xesús!

¡E disme que te mire!... ¿Tí non sabes  
que xa non vexo a luz?

.....

Cala, cala, non chores quiridiña,  
non redobres co'as vágoas meu sofrir...  
¿Dis que queres chorar?... Pois chora, chora...  
¡Qué coitado eu nacín!

¡Sin luz sin groria, sin amigos tenros,  
por estas terras camiñando vou!...  
¡Deixádeme cantar... qu' ás miñas penas  
así consolo dou!...

'A ROLA DE GALICIA

ROSALÍA CASTRO DE MURGUÍA

Rousinol d' a miña patria,  
d' a nosa ribeira rola,  
pombiña con pico d' ouro,  
xenio esprendente de groria;  
non sei que teñen teus cantos,  
non sei que teñen tuas trovas,  
qu' o meu corazón inframan  
cando as digo de memoria;  
desqu' as deprendín de neno  
de cote se me recordan.

Cando escribes teus versífolios  
cicayes a pruma mollas  
n-os rayos d' o sol, que tinguen  
os picoutos de luz roxa;  
ou de noite, cando a lúa  
as augas correntes doura  
n-o espello d' o craro río  
ó mirarse melancónica.  
Tí d' os niños d' os paxaros  
as amantes queixas roubas,  
e colles d' o val prefumes,  
e luz e vida d' as hortas,  
sospiros de cantos sofrén  
e vágoas de cantos chorán,  
pra compoñer esas cántigas  
co' as que entretés e namoras,

esas cantiguiñas brandas  
que falan de moitas cousas...  
ecos d' as voces d' os ánxeles  
qu' ó pé d' o Señor revoan...

Non sei que dera por ter  
o teu xenio, miña xoya,  
rousinol d' a miña patria,  
d' a nosa ribeira rola.  
Bendita sea a naicíña  
que t' arrulou coidadosa,  
o pai que che deu alento  
y-o marido que t' adoura,  
os corazós que te queiran  
y-as almas que te conozan.  
Tí xa ben estar deberas,  
pra gala d' a terra nosa,  
n-unha xauliña de ouro  
chea de pelras preciosas;  
deberan poñerche logo  
n-a tua frente duas coroas,  
que xa ll' as dech' a Galicia,  
e son, dolcísima rola,  
unha, os *Cantares gallegos*,  
e outra, as últemas *Follas*.

## A VIRXEN D' OS DOORES

Virxen chorosa, Nai sin consolo,  
tén o seu Fillo morto n-o colo  
botando sangue por maus e pés;  
fíxol-os ollos n-o azul d' o ceo,  
as sete espadas n-o casto seo  
a Nai e Virxen cravadas tén.

Virxen chorosa, Nai lastimeira,  
cando tua imaxen por vez primeira  
cando era neno n-a eirexa vin,  
meus probes labios d' amor tremeron,  
meus tristes ollos vágoas verteron,  
non sei que cousa pasou por min.

Dolces recordos, santas memorias  
cheas d' encantos de luz e grorias  
sentín n-o peito rezusitar;  
a paz soñaba vivindo en guerra...  
pensei n-o ceo, deixei a terra...  
mais, ¡ay, non tiven áas pra voar!

¡Non se m' esquece mentras que viva  
a miña y-alma sola e cautiva  
n-este desterro sin paz nin luz!  
¡Non se m' esquece teu desconsolo,  
Virxen sagrada, que tés n-o colo  
quen por nosoutros morreu n-a cruz!

Desconsolada Nai d' os mortales,  
branca pombiña que moito vales,  
foco esprendente d' a luz d' o sol;  
¡fai que te vexa pra miña sorte  
cando estes ollos me cerre a morte...  
fai que te vexa preto de Dios!!


## COITAS D' A EMIGRACIÓN

Aló en Montevideu, un galleguiño  
recibiu unha carta de sua nai,  
abríuna, leeu e dífulle un bico tenro,  
e volveuna bicar.

Mirou dempois de cara pra Galicia,  
e víu o mar, o ceo... e nada más,  
y-atopándose sólo, chorou triste,  
e volveu a chorar.

Tiña aquel home, que pouquinho a pouco  
morrería de coitas e pesar,  
áas n-o pensamento, mais non tiña  
áas n-o corpo pra poder voar.

¡Ay d' o paxaro que n-o inverno emigra,  
ledo d' aquel que volve pol-o vran!  
¡Ay d' o que deixa a terra onde nacera  
pra non vela xa más!!



## MARÍA PITA

Nós murallós d'a Cruña ergueu airosa  
a frente sua diante d'o estranxeiro;  
sostiña n-unha mau taxante aceiro,  
n-outra mau a bandeira vitoriosa:  
así loitou valente e xenerosa,  
corpo a corpo c' o ingrés que osou primeiro  
domeñar o valor d'o chau ibeiro,  
pra mór iniquidá n-a terra nosa.  
O fin venceu; a causa d'a xusticia  
contra a torpe invasión forza é que venza;  
trunfou o patriotismo d'a codicia:  
sepián cantos nos ven con indifrencia,  
que tamén hay mulleres en Galicia  
que loitan pol-a nosa INDEPENDENZA.

272. 273.

more than you want & is sufficient to  
keep you warm & is enough for you &  
your wife to go to bed in without  
any fear of being cold.

Remember to mind your  
breathing when you sleep & do not let a heavy  
cushion rest on your stomach.  
When you are ill you will find it  
easier to sleep if you have a  
pillow & a blanket under your  
head but do not let the pillow  
press against your neck or the  
blanket against your back.

## A NAI C' O NENO QUE DORME

### I

---

Non faledes... caladiños...  
qu'está durmind' o meu neno  
en dolce paz, cal si fose  
un anxelijo d' o ceo:  
non lle fagades barullo;  
eu cando durmindo o vexo  
coido de que non se mova  
nin unha palla, non quero  
que naide veña a turbare  
o sono d' o meu pequeno,  
¿pois quén sabe si falando  
fai con Dios agora mesmo?

### II

Eu non lle quero dar bicos  
e solo me folgo en velo  
durmidijo cal un ánzel;  
como son nai, tempo teñio  
de bicalo moito, moito,  
as veces que chora esperto.  
¡Chist... calados! ¿Non oubides  
o xemir d' o seu alento?

## III

Ont' á noite o probeciño  
 non durmíu e tiña medo,  
 e chorou cal si estivese  
 n-esta terra sin achego;  
 entón, ¡coitada de mí!  
 tiven tantos pensamentos,  
 qu'a decirvos si quixerá  
 o que sintín, non acerto:  
 s'eu lle morro, si soliño  
 n-o mundo meu fillo deixo,  
 ¿qué será d' él? ¿Quén lle pode  
 dar ese cariño tenro,  
 que solo sabe unha nai  
 gardar n-o fondo d' o peito?

.....  
 ¡Caladiflos, non fagades  
 espertar o meu pequeno!

## IV

Hoxe reíu, os seus ollos  
 azules fixou n-o ceo,  
 e falaba moitas cousas,  
 pero ¡falaba tan quedo!  
 que non sei que cousas eran  
 as qu'oubín e non entendo;  
 outra vez de nóvo volven  
 as dudas e pensamentos;  
 ¿será que Dios dende a gloria  
 fala co'as almas d' os nenos?

## V


Hoxe paseéi n-a horta,  
 vin doux craveles d'inverno,  
 un xa casi desfollado  
 por riba d' outro pequeno;  
 entón como si estivese

por diante d' un craro espello,  
 vin o meu neno vivindo  
 mentras eu iba morrendo;  
 y-é que moitas veces falan  
 con tal verdá os ouxetos,  
 que n-unha fror ven os ollos  
 un mundo de sentimentos.  
 ¡Ay, qu' estes doux caraveles  
 teñen pra mí un misterio!

## VI

Non vos riades de mí  
 si é que tola vos parezo;  
 quixerá con brando arrullo  
 adormir o meu pequeno,  
 pra que non sufra, nin chore,  
 nin padeza o qu' eu padezo.  
 ¡Si fose este mundo un sono  
 d' amor e praceres cheo,  
 pra espertar dempois de morto  
 aló n-as rexións d' os ceos!

Mais xa esperta... ¡durme, durme!  
 Eh... eh... eh... dúrmete neno.



## Ó ESPERTAR O DÍA EN CONXO

O sol que doura souto e ribeira  
sai esparcindo tesouros mil,  
os regos bulen pol-a pradeira,  
brilan as frores d'a primaveira,  
tí solo nena faltas eiquí.

Ven que te chaman os paxariños  
con tenros cantos dende seus niños,  
non te deteñas, ven pr' ond'a míñ,  
qu'estes encantos d'a natureza  
non son consolo pr' esta tristeza  
que sinto, nena, lonxe de tí.

N-estas garridas, verdes alfombras,  
unha manada de brancas pombas  
a beber auga veuse deter;  
y-a nobre filla d'un estranxeiro  
a cova sua y-un monasteiro  
cumprind'un voto mandou facer.

N-esta ribeira sempre garrida  
d'o Sar lixeiro murmullador,  
fai o convento n-o que Rosuida  
esconsolada pasou a vida  
chorando a morte d'o seu amor.

Conxo, que garda d'estes amores  
a negra historia, chea de doores,  
será testigo d'o noso afán;  
as duas sombras d'os namorados

qu' en vida foron tan acoitados,  
as nosas citas protexerán.

Deprenderemos a ser costantes;  
a triste historia d'eses amantes  
será o consolo d'o noso amor,  
pois xa sabemos que cando é forte,  
tanto n-a vida como n-a morte  
deixa recordos unha pasión.

.....  
.....  
.....  
.....

¡Si tí poideras ver o qu' eu vexo!  
¡Cántos encantos, cánto refrexo  
e cántos rayos de vida e luz!  
Vexo Santiago sempre xigante,  
¡cántas eirexas vexo por diante,  
e cántas torres e cánta cruz!

Fai San Lourenzo n-esa fondura,  
Velvís erguido n-aquela altura,  
ó pé d'o pobo sospira o Sar;  
a Rocha dorme n-unha ladeira  
baixo d'os mantos d'unha silveira,  
pensa n-os anos que viu pasar.

Non sei que cousas estranas teñen  
estes recordos qu' agora veñen  
a confundirse n-o corazón;  
en canto miro vexo poesía:  
ven, miña xoya, que chega o día,  
ven, meu arcánxel, que sai o sol.

Ven, que te chaman os paxariños  
con tenros cantos dende seus niños,  
non te deteñas, ven pr' onda míñ.  
qu' estes encantos d'a natureza  
non son consolo pra esta tristeza  
que sinto, nena, lonxe de tí.

## OS AIRES D'A MIÑA TERRA

*'O meu querido amigo o inspirado poeta gallego Manoel Currros Enríquez.*

Días de sol feiticeiros,  
noites de luar serenas,  
albas d' o enxoito verau,  
tardiñas d' a primaveira;  
¡ay! traéndeme eses aires  
que sospiran, que se queixan  
n-os alborífolios d' o souto,  
n-as fontelas d' a ribeira,  
n-os picoutos d' as montanas  
e n-as chouzas d' as aldeas,  
os airiños de Galicia,  
os aires d' a miña terra.

Eu non sei que teño...  
Morro de soedades e penas  
sin atopar un consolo,  
nin quen comigo padeza;  
vou camiñando pr' á cova  
sin chorar, pois vexo n-ela  
a prácida sombra amiga,  
d' os meus males compañeira;  
c' o corazón doorido,  
co'a miña probe alma enferma,  
como fror que se desfolla...  
cal múseca que s' aleixa...  
como unha luz que s' apaga  
vou morrendo de tristeza:

si en algo alcontro consolo,  
 si algunhas cousas m' alentan  
 son os aires de Galicia,  
 os aires d'a miña terra.

Fillos d' esta nobre patria,  
 gallegos qu' aló n-a América  
 tristemente sospirades  
 por vir axiña pra ela;  
 os que tedes eiquí fixas  
 as ilusíós lisonxeiras,  
 os pracenteiros recordos,  
 as esperanzas más ledas,  
 volvede logo, volvede  
 a respirar n-as aldeas  
 estes airiños lixeiros  
 qu' as nosas frentes refrescan,  
 que collen ecos d' os ríos  
 e perfumes d' as pradeiras,  
 os airiños de Galicia,  
 os aires d'a miña terra.

Eu muy pouco vivirei,  
 pois mórrome de tristeza;  
 cando sosegue n-a cova,  
 cando non teña quen verta  
 unha esconsolada vágua  
 nin frores, por riba d' ela,  
 cando ninguén me recorde...  
 cando o meu nome se perda,  
 eu píolle a Dios que biquen  
 a miña lousa de pedra  
 eses airiños lixeiros,  
 que sospiran, que se queixan  
 n-os alboriños d' o souto,  
 n-as fontelas d' a ribeira,  
 n-os picoutos d' as montanas  
 e n-as chouzas d' as aldeas,  
 os airiños de Galicia,  
 os aires d'a miña terra.

PEDRO PARDO DE CELA

Hay unha cova n-esta patria hermosa,  
pra vergonza d' o pobo escarneida;  
n-esa cova que fai sempre esquecida,  
Pardo de Cela, o mariscal, reposa.  
Xenio leyal d' a independenza nosa,  
por ela batallou; mau homicida,  
con infame treición, quitoulle a vida:  
¡mártir foi n-esta terra xenerosa!  
A sangue d' o infeliz Pardo de Cela  
crama venganza a Dios pol-a inxusticia:  
aquei que a derramou tén que bebelo,  
anque a cova escarnezan, a xusticia  
ha de facer que rezusiten d' ela  
a INDEPENDENZA e GRORIA de Galicia.



verso de un libro que se ha perdido  
que se ha perdido  
que se ha perdido  
que se ha perdido

verso de un libro que se ha perdido  
que se ha perdido  
que se ha perdido  
que se ha perdido

## CANTIGAS

Solo y-esquecido vivo,  
qu' estou pr' este mundo morto;  
e o dór meu cimeterio,  
o desengano meu lobio.

Dinme que chorache moito  
ó morrer o teu amante;  
de fixo qu' está n-o ceo  
cand' eiquí o chora un ánzel.

D'un modo fatal e estrano  
vese a posición d' os homes.  
¡Cánta fartura n-os ricos!  
¡E cánta fame n-os probes!

¡Cánto s' engana o que xuzga  
os homes pol-a presenza!  
¡Hay unhos corpos tan grandes  
e' unhas almas tan pequenas!

Dícheme o dolce «te amo»  
un día n-o cimeterio;  
d' o amor que nace entre mortos,  
¿cál será o fin postreiro?

Ave que deixa seu niño,  
baxel que se vai pr' ó mar,  
soldado qu' está n-a guerra,  
¡sabe Dios si tornarán!

Os homes dín qu' as mulleres  
dan espiñas cal as frores;  
todos eles saben esto,  
¿e pra qu' as buscan estonces?

Collín unha fror, y ó punto  
quedou muscha e desfollada;  
¡así lle pasou n-o mundo  
á fror d'a miña esperanza!

Fun feliz, tiven amigos;  
hoxe qu' estou n-a desgracia,  
os que me daban a mau  
agora vólvenm' a cara.

Nena d' os olliños negros,  
negros com' o meu dooir,  
a d' os cabeliños rizos,  
rizos que meu sono son.

A d' as miradas melosas,  
melosiñas cal o amor,  
¡ay, cántos sospiros costas,  
costas ó meu corazón!

## A GAITA GALLEGA

Vago concerto que trae o vento,  
que fire as cordas d' o sentimento,  
eco d' o ceo, coro d' amor,  
voz d' os espiritus anxelicales,  
*gaita gallega*, tí moito vales,  
arrullo brando d' o corazón.

¿E quén te fixo? Ninguén o sabe;  
a tua armunía dolce e suave  
solo creala poidera Dios,  
Dios, que n-as nosas verdes montanas  
puxo as suas galas más soberanas,  
himnos de brisas, xardís de fror.

¡Gaita gallega! bendita seas,  
tí que feitizos tés n-as aldeas  
cando parleira tocando vas,  
tí que consolas sensibres almas,  
tí que secretos doores calmas,  
sempre en Galicia, sempre serás.

Eres o embrema d' a nosa fala,  
fel semellanza d' ese *alalála*,  
canto d' o noso pobo infeliz.  
Cantos encantos, canta armunía  
tén tarde e noite, mañán e día,  
todos atopo xuntos en tí.

Xa dés ó vento d' unha alborada  
 a melosíña, dolce balada,  
 xa d' as muiñeiras o ledo son,  
 sempre me praces, gaita gallega,  
 y-a tua tocata facendo chega  
 eco n-o fondo d' o corazón.

¡Ay, cántas veces, veira unha fonte,  
 sentín teus ecos que dende o monte  
 me trouxo o vento fresco e sotil!  
 ¡E cántas veces sonando amores,  
 ó brando arrullo d' os teus rumores.  
 as miñas coitas adormecín!

Eres amante, sentida queixa,  
 que xa se chega... que xa s' aleixa...  
 entre concertos de vibraciós;  
 c' un mesmo tono tí ris e chorás,  
 ris co' as tuas notas arroubadoras,  
 chorás c' o ronco que fai teu fol.

Quéixaste, falas, sospiras, chorás;  
 tí tés d' as augas murmuradoras  
 ese costante, prácido son,  
 a voz d' o xenio qu' o mundo corre,  
 o ¡ay! doorido d' aquel que morre...  
 os dulces cantos d' o rousinol.

Non hay un peito de bo gallego  
 que non che teña, gaita, un apego  
 tenro e subrime cal eres tí;  
 cantos sonidos o mundo encerra,  
 míseca branda d' a nosa terra,  
 tí, todos xuntos, deixas sentir.

Fillos d' a nobre, leyal Galicia,  
 non despreciedes esta delicia,  
 facede a gaita más popular;  
 ben a muiñeira, ben a alborada,  
 deixade sea sempre tocada  
 n-aldea e souto, n-o monte e val.

## A VOLTA D' O SOLDADO

*'O meu hirmano Silverio.*

### I

Unha probe nai xemía  
por un fillo que loitaba  
n-a guerra croel, impía;  
a triste nai que choraba,  
chea de doer decia:

«Dios maldiga a quen levou  
ó meu filliño pr' á guerra;  
sin achego me deixou,  
e soliña n-esta terra  
onde morrendo me vou.

»¿El morrerá? ¡Pode ser!  
Cando estrondan os caños  
ja cántos farán morrer!  
Seica non-o volvo a ver...  
¡Mais non... non m' o leves, Dios!

»Virxen santa d' o Carmelo,  
si é que cara á morte vai,  
fai por libralo e detelo;  
con solo bicalo e velo  
morre feliz esta nai.»

Agardou, mais non volveu  
o fillo xunto á naicíña,  
que de soedá morreu.  
¡Ay, morreu a coitadiña,  
foi pr' á cova, e non-o veu!

## II

Era unha tarde d' o vrah  
cando camiñaba un mozo  
c' un pau con moca n-a mau,  
e colgada d' o pescozo  
a cinta d' o licenciamu.

Logo parouse; ó refrexo  
d' o sol viu n-unha ladeira  
un pobo, e dixo perprexo:  
«¿Será verdá que te vexo,  
Santa Marta d' Ortigueira?

»Teño n-o teu lar a nai  
qu' amante coidou de min;  
tí gardas morto meu pai;  
¡e xa canto tempo fai,  
meu pobo, que non te vin!»

Dixo asina, e más lixeiro  
camiñou pol-o carreiro;  
tal vez porque cobizaba  
que n-o istante en que chegaba  
o vise o lugar enteiro.

Mais non, que outro fin mellor,  
outro deseoyo más grande  
lle da forzas e valor.  
¡Non é estrano que ande,  
por ver a nai, seu amor!

Xa cансo, chegou á porta,  
chamou, agardou e dixo:  
«Estará regando a horta;  
non vén agora de fixo.»  
¡Ay probe, que estaba morta!

Non tivo a quen perguntar;  
foi dempois anoitecendo,  
sintiu a oraciós tocar,  
foise a xente recollendo,  
mais naide viña ó seu lar.

Por fin un home chegou;  
con ansia lle perguntou,  
«¿Qué foi d' a tua ama, Andreu?»  
e solo lle contestou:  
«¡A tia Xuana morreu!»

—¿Qué morreu?—Si é que non erra  
pr' ó conto a miña memoria,  
un ano n-o Agosto cerra;  
está debaixo d' a terra,  
¡qué Dios a teña n-a groria!

## III

N-a casa entrou sin consolo,  
e viu n-a parede solo  
unha estampa d' o Carmelo  
fixa n-as puntas con miolo.  
¡Cánto padeceu co'aquelo!

¡Cántos recordos chegaban,  
con son amargo e doido,  
ó seu corazón ferido...  
e cántas cousas falaban  
d' un eco xamáis oubido!

Y-é que certos sentimentos  
contan á y-alma que chora  
os seus pasados concertos,  
os santos encantamentos  
d'a vida feitizadora.

Recorda que piquiniño,  
feliz e ledo vivira  
co'a prenda d' o seu cariño.  
Hoxe fáltalle, ¡probiño!,  
e sufre, chora e sospira!

¡Cánto pranto esconsolado,  
meu Dios, que fondo door  
sinte un probe d'un soldado  
cando volve licenciado  
pr' ó niño d' o seu amor!

## O PRIMEIRO BICO

O Xan pidiulle un bico á Maripepa,  
a que sourrindo, dixo: «Non ch' o dou».  
Fai ben, pois dill' o crego d' a parroquia  
que os bicos soilo pr' ós santiños son.

Hachárona unhas nenas n-o camiño,  
e co'isa bulra propia d' a muller,  
dixéronlle: «Tí seica viche o zorro?  
¡Ay Maripepa, que alcendida vés!»

Atopouna soliña certa tarde  
o Xan, y-un bico lle volvenu pidir;  
ela quixo loitar, fixose forte,  
mais... dicindo que *non*, dixo que *sí*:  
«Non quero, non ch' o dou, que o crego rifa»,  
dixo cobrindo a cara c' o mandil;  
mais o demo d' o Xan, queiras non queiras,  
díulle o bico, e dempois botouse a rir.

Atopárona us homes d' alí a pouco,  
e por falar, dixéronlle tamén:  
«¿Seica andiveche tí c' o trasno ás voltas?  
Vállate o ceo, ¡que alcendida vés!»

Dempois, pensando a solas a rapaza,  
deprocatouse d' unha cousa, e foi  
que os bicos teñen a virtú de darrle  
ás meixelas d' as nenas más coor;

xa non creeu n-o crego d' a parroquia,  
que sempre pradicou co'a fe mellor  
esta verdá que cen leucíos encerra:  
«Os bicos solo pr' ós santiños son.  
¡Sempre os homes son demos pr' ás mulleres,  
sempe as nenas se perden pol-o amor!»

## DE RIOLA POR GALICIA

Vamos a Ourense pra ver a ponte,  
alí non pode faltar quen conte  
as escelenzas d' o Santo Cristo,  
que é d' o muy pouco bó que tén visto  
a xente toda d' a cristiandá.  
E de camiño xa iremos vendo  
botar as Burgas auga fervendo,  
¡cántos milagres! ¡qué cousas hay!  
botan n-o inverno como n-o vrau.  
¡Qué maravillas tén este chau!

Pra dar consolos ás nosas penas  
veremos nenas, pero ¡qué nenas!  
Teflen us ollos que fan pecar,  
labios bermellos, longas pestanas,  
cabelos rizos: as ourensanas  
como xeitosas dan que falar.  
Vamos pra Ourense, vamos pr' alá,  
¡ala que xa!

Vamos a Vigo, xoya d' os mares,  
ond' os barquiños chegan a pares  
por ver a virxen pelra d' o mar:  
o pobo dorme cal pomba amante,  
cobrando arrulo c' o murmurante  
son que unhas olas con outras fan.

Alí n-a tarde, cando s' esmaya  
o sol, dourando montes e playa,  
e cando brilan as augas más,  
é un protento d' a natureza  
ver n-a ribeira pra mór belleza,  
botes que veñen, botes que van:

son d' os probiños d' os pescadores  
que drento as augas con cen sudores  
un anaquiño ganan de pan.

¿Queredes nenas muy graciosiñas?  
Pois achegaivos pol-as tardiñas  
de cara a Cangas, veira d' o mar.  
¡Qué boas rapazas vos hay en Vigo!  
Non son tan brancas com' o pantrigo,  
son moreniñas, ¡con unha sal!  
Vólvennos tolos c' o seu cariño,  
¡por algo corre pr' ó mar o Miño!...  
Vamos a Vigo, vamos pr' alá,  
¡ala que xa!

Vamos agora pra Pontevedra;  
ali nós temos baixo unha pedra  
a Méndez Núñez, xenio inmortal.  
¡Témol-os héroes sin menumentos!  
¿Cando han honrarse nosos talentos?  
¿Cando ese día feliz virá?  
En Pontevedra, ciudá divina,  
vemos a eirexa d' a Pelegrina  
resprandecente de maxestá:  
tén unha Virxen tan feiticeira,  
qu' a somellanza más verdadeira  
evos d' a mesma que é de Dios nai.

Veira d' o Lérez, ó pé d' a ría,  
vese a ciudad que Andalucía  
ténlle, abofellas, ben qu' envidiar;  
tén azul ceo resprandecente,  
unha campiña muy frorecente,  
tén un conxunto muy celestial:  
os qu' ali moran viven n-o ceo.  
Cantas grandesas forxa o desevo,  
todas xuntiñas ali vos hay.  
¡A Pontevedra, vamos alá!  
¡Ala que xa!

¿Seica nos vamos pra Compostela?  
Si, camiñemos, que é groria vela,  
é nosa Roma menumental;

ali veremos o corpo enteiro  
d' o Santo Apóstol, que d' o estranxeiro  
veñen as xentes ant' él a orar.

O tan lembrado *bota-fumeiro*  
de nave a nave voa lixeiro,  
¡e cánto fume botando vai!  
Riba unhas andas, vai a cabeza  
d' o noso Santo, y-en cada peza  
leva unha xoya que moito val;  
andan os cregos cubertos d' ouro,  
n-unha capilla tén un tesouro (\*).  
¡Vaya unha pelra de Catredal!  
Xan, non te volvas sin que lle toques  
ó misterioso *Santo d' os croques*  
que n-a portada d' a *Groria* hay.

Alí veremos moitos conventos,  
moitas eirexas con cen protentos,  
¡e cántas torres hay n-a ciudá!  
Alí está a Escola n-a que aprenderon  
tantos ilustres xenios que deron  
á nosa terra nome inmortal.

Eiquí deixamos muy esquecidos  
dous nosos xenios escrarecidos,  
Aurelio Aguirre, Calros Fontán:  
d' as nósas grorías veleiquí a sorte.  
Dormen o sono d' a negra morte  
como si fosen calquer mortal!  
Pero deixemos hoxe estas cousas...  
¡Xenios, durmide baixo esas lousas!  
¡Sagradas cinsas, durmide en paz!  
Vamos pr' á Cruña, vamos pr' alá,  
¡ala que xa!

Corte d' a nosa querida terra,  
moitas grandezas a Cruña encerra;  
tén un castelo d' a antiguedá  
que naide sabe decir de fixo  
quen foi seu dono, nin quen o fixo,  
esto n-os tempos perdeuse xa.

(\*) A capilla d' as reliquias.

Inda n-a Cruña hoxe palpita  
o feito heróico de María Pita,  
nome qu'a fama dicindo vai,  
muller valente, xenio esforzado,  
que d'a codicia d'o ingrés odiado  
a patria sua soupo salvar.

Eiquí as horas fuxen lixeiras;  
temos rapazas xa casadeiras  
que son pombiñas d'este pombal;  
teñen us ollos que botan fogo,  
non as miredes, sinon muy logo  
a y-alma enteira ll' habrés de dar.

Ós pés d'o pobo desfanse as olas  
d'o mar, que sempre consigo a solas,  
anque sin logro, loita n-o Orzán.  
N-o mar a Cruña tén seu encanto,  
tén a sua gloria, tén o seu canto,  
a luz, a vida, todo n-o mar.

Vamos a Lugo, vamos alá,  
¡ala que xa!

Pobo en Galicia tan relembrado,  
a Xesucristo sacramentado  
decote mostra n-a Catedral;  
este é recordo d'unha victoria,  
cantan os egregios himnos de gloria,  
brilan as luces n-o santo altar.

Tén unha antiga, forte muralla,  
qu'está agardando que unha batalla  
os seus nemigos lle veñan dar;  
frorón antigo d'o chau gallego,  
por entre frores danos o rego  
d'a sua rica fonte Miñá.

Xa non vos falo d'os menumentos,  
d'as maravillas e d'os protentos  
qu'eiquí esparcidos se ven brilar;  
os que falades mal de Galicia,  
si lle queredes facer xusticia,  
sin perder tempo, vide pr'acá,  
¡ala que xa!

## Ó MEU FILLO

Ven, miña xoya, ven, meu pequeno,  
dolce consolo d' o mal que peno,  
ánxel que gardas meu eisistir;  
ven, que xa teño eu pra tí solo  
fogo n-os bicos, amor n-o colo,  
mel n-as palabras solo pra tí.

Cando tí crezas, meu piquiniño,  
fareich' un traxe de galleguiño;  
verás que groria, verás que ben,  
terás pra gala n-os días de feira,  
calzós de rizo, terás monteira,  
y-un pau con moca terás tamén.

Cando n-a calle teu traxe asomes,  
«Ay, un gallego!» dirán os homes  
y-as mullerciñas d'a pobración,  
e tí dirásllas: «Sepia o que o pense,  
que un galleguiño d'eiquí d'Ourense  
a moita honra, ¡carafio!, son».

Cando vayamos a unha romaxe,  
irás postiño con ese traxe  
pra que te vexan, meu dolce amor;  
serás lembrado n-o pobo enteiro,  
serás a xoya d'aquel turreiro;  
cal tí, tan postos, non verás dous.

Os doux iremos n-un cabaliño  
 a ver a festa d'o Carballiño,  
 y-a Celanova n-a d'o Cristal;  
 a Ribadavia pol-a vendima:  
 quen ben se quere, mellor s'estima,  
 nós viviremos pra troulear.

Sei que non pudo chegar a vello,  
 y-antes que morra darch'un consello  
 vou, meu filliño d'o corazón:  
 ama cal amo eu a Galicia,  
 respeta ós vellos, tem' á xusticia,  
 se bo c'os probes, y-adora a Dios.

D' os bos o nome xamáis se borra:  
 si é que tí vives dempois qu'eu morra,  
 n-a miña cova roga por míñ;  
 si eres poeta, non vertas pranto,  
 solo cobizo me des un canto  
 como recordo d'o que sofrín.

¡CÁNTO TARDA!

Vai a lua pol-o ceo  
camiñando solitaria,  
dorme o val e dorme o monte,  
o pobo sosega en calma;  
solo fai desperta Alisa  
que por seu cortexo agarda,  
según o tén de costume,  
sentadiña n-a solaina.  
Pasa tempo, pasan horas  
e naide vén a chamala,  
e pasa dempois más tempo,  
n-o corral o galo canta,  
y-entón triste y-afrixida  
dí muy quedo estas palabras:  
«¡Xa son as doce d'a noite!...»  
¡Cánto tarda!...»

N-o rumor d' as ledas brisas,  
n-o d' os cas que lonxe ladran,  
n-o cantar d' un paxariño  
e n-as correntes d' as augas,  
xuzga escoitar d' o seu mozo  
a tenra y-amante fala.  
Pero... vendo que non chega,  
inda más esconsolada,  
volve decir muy quedo:  
«¡Cánto tarda!...»

Alma chea de doores,  
corazón sin esperanza,  
ánxel que chora n-a terra,  
virxen d' amor solitaria,  
vai sendo a probe d' Alisa  
que chorosa, n-a solaina  
a vida d' o seu cortexo  
impaciente e louca agarda;  
todo en vano, que non chega  
o dono d' a sua y-alma.  
Cand' o sol d' o día alumá  
os picoutos d' as montanas;  
entón arrinca un sospiro  
d' o seu corazón, e fala  
outra vez quedo, muy quedo:  
«¡Cánto tarda!...»

Sai o sol, ¡ay! non salira  
pr' á probiña namorada  
que tén que verter xemindo  
n-o seu corazón as vagoas;  
tén a solas que bebelas  
e drento de sí enxugalas,  
pra que n-o lugar non sepian  
o secreto qu' ela garda;  
pero non por eso deixá  
de sentir drento d' a y-alma  
o vagoroso rumor  
d' estas amantes palabras:  
«¡É xa de día e non vén!...  
¡Cánto tarda!»

## ALBORADA

Xa chegou a y-alba,  
xa o sol alumea  
os altos picoutos  
d' os montes d' aldea,  
as campanas tocan  
á misa n-a eirexa  
y-os paxaros cantan,  
y-os homes espertan;  
xa o gando camiña  
de cara á pradeira,  
e brincan e balan  
n-o monte as ovellas,  
xa as auras sospiran  
dolcísimas queixas,  
e todo é concertos  
e galas n-a terra.  
¡Ay, cántos encantos  
e cántas grandezas  
tén unha alborada  
d' o vrau n-as aldeas!  
Felices d' os homes  
que tantas bellezas  
c' os ollos d' o corpo  
e alma contempran;  
dichosos d' os seres  
qu' os doores aqueixan  
e teñen soedades,  
d' o amor compafeiras,  
qu' en právida calma  
consolan suas penas;

dichosos d' aquiles  
 cortexos que vexan  
 o sol pol-o dia,  
 de noite as estrelas,  
 ó lado d' a virxen,  
 ó lado d' aquela  
 que doura e feitiza  
 a sua eisistencia;  
 felices cen veces  
 d' os homes qu' á veira  
 d' o rego prateado,  
 que frores e pelras  
 n-as augas correntes  
 manílico leva,  
 as horas d' a vida  
 fuxir ve lixeiras;  
 dichosa d' a y-alma  
 que sinte e que pensa  
 e corre voando  
 muy lonxe d' a terra,  
 y-ás prantas divinas  
 de Dios, pura chega:  
 tanto encantamento  
 e tantas grandezas  
 tén unha alborada  
 d' o vrau, n-as aldeas.

Alá vai o Pepe  
 seguindo á sua Euxenia,  
 que vai mallar liño  
 n-o outeiro d' a Vela;  
 os dous camiñando  
 de igual xeito pensan:  
 él quere falarlle  
 sin que naide os vexa,  
 y-a solas n-o souto  
 falarlle quer ela.  
 Un ano xa cumpre  
 que por vez primeira  
 tiveron n-o santo  
 cruceiro de pedra,

un bó parrafeo  
de dolces tenrezas;  
os doux ben s' entenden  
y-amor se confesan,  
mais cóidanse moito  
que naide ll' o sepia  
pra que non marmuren  
nin falen as lenguas  
d' algúis *fura-bolos*  
e de moitas vellas.

Fan muy ben; os contos  
que o demo os entenda:  
amores calados  
aforran xenreiras.

Atópanse logo,  
y-estonces comenzañ  
a falar baixiño  
d' amores e queixas;  
a nena seus ollos  
tén fixos n-a terra  
e xoga co' as puntas  
d' o pano de seda;  
o mozo, con menos  
vergonza que ela,  
ou rí cando a mira  
ou ben lle fai festas.

O sol vai saindo,  
as frores espertan,  
con cróas d' orballo  
d' o campo son reinas;  
as vacas que muxen,  
os nenos que berran,  
os brancos cabirtos  
que comen n-as edras,  
os dolces paxaros  
que n-as carballeiras  
xa pían n-os niños,  
casiñas de herba,  
son vagos concertos  
qu' a groria asomellan;

e tanta armunía  
e tantas grandesas  
tén unha alborada  
d' o vrau, n-as aldeas.

¿Qué fai o gaiteiro  
que os días de festa  
tocando a alborada  
n-o lugar, non deixa  
n-o leito durmindo  
nin mozos nin nenas?  
Cand' o condenido  
tocando s' achega  
á porta d' aqueles  
que dormen, espertan,  
e todos en riola  
deatrás de sí leva,  
cal leva o abesouro  
tras sí as abellas,  
cal leva n-o ceo  
a lua as estrelas,  
facéndolle a corte,  
brilando muy ledas.  
¿Qué fai o gaiteiro?  
¿Pra qué asina deixa  
tan acurrunchada  
a gaita parleira?  
Que veña o gaiteiro,  
que veña, que veña,  
tocando a alborada,  
tocando a muñeira  
sin perda de tempo,  
qu' o piden as nenas...  
Mais non... que non todos  
son días de festa;  
que traballen hoxe  
n-as hortas e leiras.  
A vau os tesouros,  
a vau as bellezas,  
tén unha alborada  
d' o vrau, n-as aldeas.

## OS OLLOS

### D' O ÁNXEL D' A MORTE

Vense n-a Limia unhas frores  
qu' unha historia de doores  
gardan as probes en sí;  
tiveron tan mala sorte  
que *ollos d' o ánxei d' a morte*  
chámanlle as xentes d' alí.  
Contan antigas consellas,  
e inda hoxe o din as vellas,  
que son parecenza leal  
d' os ollos d' unha coitada  
que padeceu namorada  
n-unha torre de Sandiás.

Seu perfume é tan lixeiro  
que fuxe com' o primeiro  
sospiro d' o corazón,  
e chega dempois ó ceo  
d' amor e tenrura cheo  
en áas de vibraciós.

Os qu' a veiriña recorren  
d' o craro lago; que morren  
onde nacen, vendo van,  
car' a Celme a sua cabeza  
baixar con moita tristeza  
y-ó morrer bican o chan;

son frores tristes qu' herdaron  
as coitas de quen tomaron  
a somellanza e color;  
frores que son a mamoria  
d' a triste e tráxica hestoria  
d' un esconsolado amor.  
N-o escuro dia en que chove,  
si é qu' a ledia brisa as move,  
as pingas cal vágoas can,  
y-as frores somellan solo  
ollos sin luz nin consolo  
que se desfán a chorar.

Frores que si as bica o vento  
vólvese o bico un lamento,  
unha queixa funeral;  
frores d' estrana eisistencia,  
teñen n-un misterio a esencia,  
a vida n-a soedá.

Os que un imposibre amades,  
os que n-a terra chorades,  
os que morredes d' amor,  
amai estas probes frores,  
qu' as más tristes e mellores  
d' o lago d' a Limia son.

## O DÍA DE FESTA

### I

Chegou a festa d' a nosa aldea,  
hoxe os veciños van a folgar,  
chegou a festa, ¡bendita sea!  
¡Afellas tarda ben en chegar!

Vai a alborada tocando a gaita,  
qu' inframa todolos corazós,  
vailles dicindo que é dia de festa  
e que se ergan que sai o sol.

Diante d' as crocas brincan os nenos,  
fan os foguetes, */xiii, xiii... tras, tras!*  
Violís, zanfonas, tocan os cegos,  
e ripinican moito as campás.

Sairán os *ramos* cheos de panos,  
con cintas, frores postiñas ben;  
haberá *danzas* com' outros anos,  
e rifaranse *roscas* tamén.

Cando de volta, n-a eirexa logo  
entren os cregos co' a precesión,  
a unha madama poranlle fogo,  
¡cántas voltíñas dará ó redor!

Si as andas puxa calquer devoto,  
outros o precio máis rubirán:  
meter o santo drento d' a eirexa  
ha de custarles vinte reás.

Vellas e vellos, mozas e mozos,  
hoxe disfrutan de gran pracer;  
si non é sempre martes d' antroido

tamén as festas pouco se ven.

Día de festa, ¡bendito seas,  
pol-as legrías que tí nos das!  
Hoxe os veciños d' outras aldeas  
a ver a festa nosa virán.

## II

Vistiyvos logo Carmela e Xoana,  
poñede o dengue y-a muradana,  
bulid' axiña pra camiñar,  
que xa tocando vai o gaiteiro  
cara ó turreiro;  
non vos paredes, vamos beilar.

Sabel, axusta ben o corpiño;  
Anxela, coida si vai postiño  
teu zagalexo, bulide xa;  
ó son parleiro d' unha muiñeira,  
¿qué rapaciña xa casadeira  
non sinte o corpo d' amor tremar?

## III

Botan foguetes, toca o gaiteiro,  
as xentes bailan xa n-o turreiro.  
¡Mirai que gracia tén a Sabela!  
Fai unhos puntos qu' é groria vela,  
baila a muiñeira como ninguén;  
o barballoas d' o tío Xaviere  
morre por ela, mais non-o quere,  
pois xa cortexo n-a Granxa tén.  
¡Ay que postiña vén a Delores,  
que ben lle sentan aquelas frores  
que trai por riba d' o corazón!  
A boa moza ninguén lle gana.  
¡Vaya un corpiño d' unha aldeana!  
¡Vaya unhos óllos, que estrelas son!  
Eiquí vós vedes boas mociñas.  
¡E que graciosas, que xeitosiñas,

cántos espiritus, cánta muller!  
 Cabelos negros, cabelos rizos,  
 homes que sodes antoxadizos,  
 a vau xa tedes ond' escoller.

## IV

- ¿Quéres beilar, miña xoya?  
 —Non quero, porqu' estou cansa.  
 —Vamos a botar un neto.  
 —Tampouco, non teño ansia.  
 —¿Entón que tés?  
     —O que teño  
 a tí non che importa nada.  
 —Moito m' estrana que fales  
 d' a maneira que tí falas.  
 —Pois non-o estranes, Antón  
 poucas son as malas fadas.  
 —Abofé que non entendo  
 canto me dis, Xuliana.  
 —Ben ch' o creo, ben ch' o creo;  
 escouitas tocar a gaita  
 e férvech' o corpo enteiro  
 por ir beilar co'a Xenara;  
 anda, vai, que si che rifa,  
 ech' un disgusto pr' á casa.  
 —¿Seica te bulras de min?  
 Non, pois...  
     —A cousa está crara.  
 C' o gallo de que te quero,  
 ben te bulras e me enganas.  
 —Eu nunca enganei a naide  
 e menos a tí, Xuliana,  
 qu' eres soliña n-o mundo  
 a dona d' a miña y-alma.  
 —¿E pra que onte beilache  
 con outras n-a fuliada?  
 —Non é certo.  
     —Quen te viu  
 dixomo n-a miña casa.

—Si creto lle das a contos,  
entón... estás aviada.

—¿Logo tí quéresme?...

—Moito...

como se quer a unha santa.

—Pois moito más eu te quero.

¡Ay, si souperas as vágooas  
qu' onte verteron meus ollos!

—¿Abofellas?

—Dios me valla  
como che digo a verdá.

—Pois xa todo pasou, cala;  
hémonos casar os dous  
antes que cheguen as páscoas.

—Entón ben.

—O dito, dito;  
básteche a miña palabra.

## V

—Miña nai, non sei que teño;  
miña nai, vou a morrer;  
ouz' o barullo d' a festa  
e xa non me pudo erguer.  
Outros anos n-o turreiro  
tamén eu louco beilei,  
e tiña amantes mulleres  
que me deran seu querer;  
hoxe, n-este leito, enfermo,  
xa naide me vén a ver,  
nin teñio quen me recorde,  
nin quen me lembre terei,  
qu' o mundo cando s' entrega  
ás loucuras e pracer,  
d' os enfermos e d' os mortos,  
¿quéén se recorda? ¡Ninguén!  
—Cala, meu filliño, cala,  
non me fagas padecer,  
que unha naicíña quirida  
inda pra consolo tés.

## VI

—Hoxe as veciñas bailan e folgan,  
 solo eu, coitada, chorando estou;  
 son sin o home que tanto quero,  
 corpo sin alma, ceo sin sol.  
 ¡Ay! unha noite, ¡qué negra noite!,  
 á nosa casa veu un señor;  
 non sei que cousas falar podían  
 cando estiveron faland' os dous;  
 d' alí a tres días, o meu homiño  
 deixoume sola c' o meu door:  
 foise pr' Habana, ¡si nunca fora!  
 ¡Malia o énemigo que m' o levou!  
 Dixo que iba facerse rico;  
 xa fai tres anos qu' él se foi,  
 non sei si vive, nin sei si é morto.  
 ¡Ay meus filliños d' o corazón!  
 ¡Ay meus filliños, cando él estaba,  
 cando vivía xunto de vós,  
 caldiño e vica non vos faltaba,  
 hoxe morremos de fame nós!  
 ¡Malia os malvados homes qu' enganan  
 pol-as aldeas á xuventú!...  
 ¡Malditos sean, que non atopen  
 piedá n-o escelso Mártir d' a Cruz!

## VII


Vai vindo a negra noite calada  
 e xa s' escoitan d' unha ruada  
 os aturuxos y-os *alaldás*,  
 acento brando, que repitido  
 de monte en monte, cal un xemido,  
 lonxe, muy lonxe morrendo vai.

Noites tranquilas, noites sereas,  
 noites de festas que n-as aldeas,  
 cando era neno, feliz pasei.  
 ¡Ay, vou morrendo de soedades!  
 ¡Eses recordos d' outras edades,

sempre n-a mente fixos terei!

Cal vai quedando solo o turreiro  
cando se marcha d' él o gaiteiro,  
así pr' á cova soliño vou...  
Dolces recordos d' a miña vida,  
douvos a queixa de despidida.  
¡Adiós meus sonos, adiós, adiós!...

RAMIÑO SEGUNDO



O ALALALAA...

Si é que escoitades cando o sol morre,  
cando a ovelliña n-o monte bala,  
un canto tenro, vago e subrime  
que comovida vos deixa a y-alma;  
un canto brando, pero queixoso,  
que de pasados recordos fala,  
é o mellor canto d'a nosa terra,  
é o *alalalaa*...

Cántano as mozas que o gando coidan,  
cántano os homes que os eidos labran,  
cantando os nenos que san d' escola

van esa cántiga...

¡Ay que feitizos eiquí en Galicia  
tén o *alalalaal*...

Cand' os gallegos morren de coitas  
entr' os misterios d' as suas montanas,  
entoan o canto con moita forza,  
y-entón semellan, n-as enramadas,  
eses gorxeos d' os rousinores  
cando saudan a luz d' a yalba,  
eses murmuxos que tén o río,  
eses concertos que fan as auras...

Dempois qu' o entoan con moita forza,  
con toda a forza d' a sua y-alma,  
vanno baixando pouquiño a pouco

hastra que logo n-a gorxa esmaya,  
como unha queixa que leva o vento,  
cal un sospiro qu' o peito garda.


¡Ay! non m'esquecen d'aquela tarde  
as hoxe mortas legrías santas,  
cando eu oubia por vez primeira,  
aló n-o monte, lonxe, o *alalala!*...  
—¿Qué canto é ese?—eu pergunteille  
a unha garrida xoven aldeana  
que un feixe d' herba, n-a sua cabeza  
chea de negros rizos, levaba.  
Y-ela miroume co' aqueles óllos  
qu'a duas estrelas s' asemellaban,  
e co' a sourrisa n-os roxos labios,  
asina dixo con moita gracia:

«A cantiguiña qu' hastra nós chega,  
conmovedora, doída, branda,  
é o feitizo d'estas ribeiras,  
a compafieira d' as nosas y-almas,  
é o consolo d' as penas fondas,  
o pano limpo que enxuga as vágoas,  
o mellor canto d' a nosa terra,  
¡é o *alalala!*...

O meu cortexo, veira d' a fonte,  
e n-unha noite de lua crara,  
vendo qu' estaba cantando, estraída,  
soñando amores, un *alalala...*  
díxome logo qu' enhín a ola,  
e cando ó pobo m' encamiñaba:  
—Por Dios che rogo que cando estemos  
os dous soliños, miña Mariana,  
si é que non queres me volva tolo,  
non más entoes ese *alalala...*  
Seica che deron imás as meigas,  
seica che deron sua voz as fadas;  
tí fasme dano, si é que me queres,  
miña xoña, non cantes, cala.»

¡Meu Dios! ¿qu' estrano é que se volvan  
loucas d' amores as aldeanas,  
si Ti puxeches n-o chau gallego  
as melodías d'un *alalala*?...  
Ese lenguaxe d' o sentimento,  
esa amorosa, doida cántiga,  
forte ó comenzo, tenra n-o tono,  
e lastimeira cando s' apaga:  
é necesario non ter n-o peito  
un sentimento nobre, nin alma,  
pra que indifrente podia escoitarse  
aló n-as noites de lua crara,  
n-esta adourada, bendita terra,  
un *alalala!*...

Cando se queixan os paxariños,  
cando murmuxan as frescas augas,  
cando os perfumes d' o val s' esparcen,  
cando sospiran as ledas auras,  
cando as campanas alá n-a eirexa  
      tocan ás ánimas,  
¡ay! que feitizos eiquí en Galicia  
      tén o *alalala*...



## A GALICIA

N-O SEGUNDO CENTEARIO D' O NACEMENTO  
D' O SABIO FEIXÓO <sup>(1)</sup>

*¿Qué corazón non tén hoxe latidos?  
¿Que labio tendo voz agora cala?*

### I

¡Patria d' o meu amor! Ben faga o día  
en qu' as grandezas de Feixóo gabando  
tamén te gabas tú; santa legría  
o noso corazón vai inframando,  
ó ver o sol divino d' a xusticia  
con resplandente luz, aluméando  
o esprendoroso ceo de Galicia.

Ben faga, miña terra,  
o ilustre xenio que con mau forzuda  
ó mundo d' os enganos fixo guerra,  
lembrou a cencia e confondiu a duda.  
Ben faga o craro, murmuxante Miño  
que maino bica o lar, onde n-o mundo  
apareceu Feixóo; cantos, cariño  
darlle souberon con sentir profundo;  
o vento que arrolou con melodía  
o seu berce, y-os páxaros parleiros

(1) Composición premiada pol-o xurado c' un pensamento d' ouro  
o dia 6 d' Outubre de 1876.

qu' ó piar entr' os debres ameneiros,  
 n-a sua y-alma, espertaron a poesía  
 d'a maxestá de Dios, que fixo un día  
 con un sopro de luz, mundos enteiros.  
 ¡Saude, bendición, Galicia nobre!  
 Feiticeiro xardín, niño d' encanto:  
 hoxe a groria inmortal que te recobre,  
 ardendo en patrio amor eu lembro e canto.  
 Cantade vós tamén hirmaus quiridos,  
 n-a nosa tenra, melosiña fala;  
 ¿qué corazón non tén hoxe latidos?,  
 ¿qué labio, tendo voz, agora cala?  
 Cantade vós tamén; cantai a historia  
 d'o xenio que de cote eu ademiro:  
 cantade os trunfos, a vertú, a groria  
 d'o *sabio pensador* de Casdemiro.

## II

Muy poucas veces n-o enloitado ceo  
 d'a humanidá chorosa y-afrixida,  
 amóstrase, pra ben, limpo, sereo,  
 un lumíñar de salvación e vida:  
 craro sol qu'espaventa d' os enganos,  
 as derradeiras tréboas, e locindo  
 fulxente n-os currunchos más estranos,  
 vai as almas, pr' ó adianto redimindo:  
 mau misteriosa que pra un sigro nóvo  
 vai votando a semente d'unha idea  
 nóva tamén, n-o barulleiro pobo,  
 n-a queda vila, n-a riseira aldea:  
 águia voadora que feliz traspondo  
 con fortes alas a rexión d'o vento  
 chega preto de Dios; ali con fondo  
 subrime sentimento,  
 ali, pol-a atraución d'o pensamento  
 bebe n-as fontes d'a inmutabre cencia,  
 ólla n-os seos d'o saber profundo,  
 e vólvese pr' ó mundo  
 lostregando vertú e sabidencia.

De tal sorte Feixóo, pra mór vitoria  
d'a patria qu' o seu nome tén en moito,  
brilante apareceu; sendo pra groria,  
pra relembranza d'a gallega historia,  
o lumiñar d'o siglo dazaoito.

## III

¿E quén non-o recorda; quén non rinde  
a y-alma c' o máis puro arroubamento  
ó de xenio e saber vivo protento  
a iste gallego sol? ¡Ay, vinde, vinde,  
fillos d'a miña terra  
chegade aixiña a bendecil-o nome  
d'o que facendo ó fanatismo guerra  
ergueu ó ceo a dinidá d'o home!

D'o espiritu que xigante,  
adiantándose ó siglo en que vivía  
con esforzo puxante  
fixo rezusitar, libre, trunfante  
a cencia d'o descreto en que morría:  
d'o que con non ouvido  
universal e misterioso acento  
ós sabios rechamou pra ser vencido  
ou vencer n-o loitar d'o pensamento:  
de Feixóo luz brillante,  
de quen en arredor cal volvoretas  
acodian os homes pensadores,  
filósofos, poetas,  
d'aquel tempo somido en cen errores;  
d'aquel siglo que solo a groria tivo  
de ter por fillo a sabio tan xigante,  
d'a grandeza de Dios refrexo vivo.

## IV

A falangueira fama  
o seu nome inmortal vai pregoando  
pol-a terra y-o mar; hoxe Galicia,  
ilustre pobo qu' as grandezas ama,

a sabidencia de Feixón gabando,  
gaba tamén seu nome con xusticia.  
¡Patria d' o corazón! ti qu' és pra groria  
o berce d' iste sol, encarnamento  
d' o xenio, d' o saber e d' o talento;  
xa que pra mór lembranza d' a tua historia  
festexas con amor seu *Nacemento*,  
non por máis tempo deixes esquencida  
a fonda cova qu' as sus cinsas garda:  
non pode ter felicidá comprida  
pobo qu' en coroar seus xenios tarda.

## AS FRORES D' O CIMETERIO

Un rosal prantei por riba  
d' a cova d' o meu pequeno,  
y-agardei a que c' os meses  
as frores fosen nacendo;  
ó salir a luz d' aurora  
xa tiña o rosal por rego  
o pranto que d' os meus ollos  
pouco a pouco iba caendo:  
pasei asina agardando  
moitos días, moito tempo,  
hastra que ó cabo unha tarde,  
un pimpolo vin aberto,  
e xuzgando qu' era imaxen  
d' o meu quiridíño neno,  
entre vágooas e sospiros  
¡ay tolo de min! biqueino...  
Debeu levar aquel bico  
o fogo d' o meu alento,  
pois o pimpolo muschouse  
d' o sol c' os rayos postreiros.  
¡Cánto tardan en ter vida,  
pra dempois morrer muy cedo,  
as probes e tristes frores,  
as frores d' o cimeterio!

Non hay consolo pra min,  
pois penas fondas padezo,  
desque Dios quixo levarme  
ó meu fillo pr' ó seu ceo:


vou camiñando sin luz  
d' o mundo pol-o deserto,  
sin grorias que me consolen,  
sin amor e sin sosego;  
si teño algunha esperanza,  
si gardo algúin pensamento  
que podia calmar un pouco  
os meus doores inmensos,  
é ver de nóvo froridas  
as frores qu' eu tanto quero,  
as probes e tristes frores,  
as frores d' o cimeterio.

Levanteime unha maña,  
e como sempre, muy cedo,  
fun ver as frores que collen  
vida d' o meu morto neno;  
brilaba o sol refuxente,  
doído xemia o vento,  
e cal si voces estranas  
falasen d' os meus tormentos,  
formaban, movendo as follas,  
melancónicos concertos;  
os paxariños piaban  
n-unhos ábores que hay preto  
e fora d' os altos muros  
d' o sombrío cimenterio.  
Tan subrimes armunías  
meu espiritu estremeceron,  
e levado pol-a forza  
d' algúin oculto misterio,  
mirei pr' o rosal, e vin  
algús craveles abertos;  
por mais que din qu' os que morren  
non volven pra este deserto,  
eu cobicei ¡probe louco!  
volver á vida o meu neno;  
vin n-os craveles seus ollos,  
a sua brancura, o alento  
seu, percibín n-os perfumes

que esparxián feiticeiros,  
 oubín a sua voz melosa  
 que me falaba de lexos,  
 pro muy lexos, muy enriba,  
 cal si fose dend' o ceo.  
 ¡Ay, quén sabe si as suas cinsas  
 os meus doores coneccendo,  
 d' o triste leito d' a cova  
 sair por verme quixerón!  
 ¡Quén sabe si o seu espiritu,  
 c' un sopro de luz d' o Eterno,  
 tomou n-unha volvoreta  
 corpo, forza e movemento.  
 Pois vina baixar voando  
 dend' os espacios immensos,  
 logo n-un cravel pousarse  
 e dempois volver pr' o ceo,  
 y-ó fuxir tocar co'as alas  
 os meus xa brancos cabelos.

.....

Mais non, ilusiós de pai,  
 fuxide d' eiquí pra lexos,  
 e non fagades que morra  
 o corazón n-o meu peito;  
 ben sei que xa non tén luz  
 o meu sol, o meu luceiro,  
 ben sei qu' as frores que nacen  
 riba a cova d' o meu neno,  
 veira d' a morte, vexetan  
 e teñen que morrer cedo.  
 ¡Cántas vágoas e sospiros,  
 que croeles sufrimentos  
 cústanme as frores que teñen  
 sempr' o meu pranto por rego,  
 as probes, coitadas frores,  
 as frores d' o cimeterio!



## DOORA

Unha nena adoraba o seu cortexo  
c' o ardente anhelo d' o primeiro amor,  
n-a ansiedá d' os seus prácidos ensonos,  
falando a solas, con amante voz  
decía: «¡Quén me dera pr' adouralo,  
ter moitos... pero moitos corazós!»

Amou costante e foi correspondida;  
ela siguiú amando, él olvidou;  
cando sóla se viu, cando perdera  
a fe sagrada d' o primeiro amor,  
escramaba entre vágoas e sospiros:  
«¡Quén poidera vivir sin corazón!»

the 20th of June 1800  
I am writing to you  
from my old home in New York  
where I have been for  
the last 10 days.

My time has been mostly  
spent in visiting old friends  
and relatives, and in the study  
of the history of the country  
which I have done much more  
than I expected.

## O TOQUE D'ORACIÓN

O sol morreu; os probes labradores,  
seus eidos e seus montes van deixando  
cansos de traballar:  
seus capulos pechando van as frores,  
fánse más perceptibres os rumores,  
e mór a soedá.

A noite chega c' o seu pardo manto  
salpicado de nubes e d' estrelas,  
a lua saindo vai;  
verten os tristes seu oculto pranto,  
congoxosas suspiran as fontelas  
que bulen pol-o val.

¡Horas subrimes de misterio e calma,  
de soedades d' amor e poesía!  
¿Quén non goza con vós?  
Quen non sabe sentir, quen non tén alma,  
en alas de tan práctica armunía,  
non chega xunto a Dios.

En medio d' o concerto sin segundo  
que fan as noites dolces e caladas,  
resoa o triste son  
d' as campás, que cal voces d' outro mundo  
dobran con misteriosas bateladas  
o toque d' oración.

¡Cántas veces de neno unha pregaria,  
e cal o espiritu d' un arcánxel pura,  
chorando, a Dios erguín,  
cando d' unha eremita solitaria,  
oculta d' o camiño n-a fondaña,  
ese toque sentín!

Hora solene cando morre o día  
e resoan n-os montes e n-os hortos  
cen cántigas d' amor  
y-o místico rumor d' o ¡Ave María!,  
cand' os vivos que rogan polos mortos  
murmuran a oración.


Detense o viaxeiro reverente,  
e pensando n-os ceos, o afrixido,  
sinte as coitas pasar;  
o infame, trema; cala o maldicente,  
e con respeito, escoitan o doido  
lamento d' as campás.

N-ese metal bendito Dios nos fala  
a cada vez que morre a luz d' o día  
e vén a soedá;  
o sol morreu, a natureza cala  
e din coros d' amor ¡Ave María!  
n-o ceo, terra e mar.

Non sei que voz nin que secretos lazos  
pra decir e xuntar cousas sin nomes,  
tén ese triste son;  
pois resoa n-as chouzas e n-os pazos,  
estremecendo o corazón d' os homes,  
o toque d' oración.

MÉNDEZ NÚÑEZ

Saúda, viaxeiro reverente,  
as cinsas adouradas d' este home;  
n-o letreiro d' a groria tén seu nome  
posto pra relembranza eternamente;  
él venceu n-o Callao como valente,  
e deulle a España trunfos e renome.  
En vano o tempo con furor consome  
a cova d' este xenio refuxente.  
MÉNDEZ NÚÑEZ morreu, pero non chega  
a facer que se perda d' a memoria  
d' os nobres fillos d' a rexión gallega,  
o tempo nin a morte transitoria:  
cal bril' a luz n-a noite en que lostrega  
así brila o recordo d' a sua groria.



## UN SONO VEIRA D' O MIÑO

### FANTESÍA

*N-a morte d' o inspirado escritor e poeta  
gallego D. Ramón Rúa Figueiroa.*

Era unha tarde triste e misteriosa,  
d' esas tardes de brétemas d' o inverno;  
o sol iba traspondoo xa os picoutos,  
a lúa iba rubindo pol-o ceo,  
a noite vifía, os páxaros entoaron  
un cantar muy queixoso e lastimeiro,  
y-as brisas sospiraron tristemente  
entr' as follas d' os buxos e loureiros;  
oubín logo unhas cantas bateladas  
que alá lonxe... muy lonxe... se perderon,  
logo un suspiro triste e muy doído,  
dempois un ¡ay!... e logo moitos berros...  
Era a probe Galicia que choraba  
a irreparabre perda d' outro xenio:  
¡era que se morría FIGUEROA  
aló desviado d' o país gallego,  
lonxe d' as terras onde abríu os ollos  
á luz d' o sol, onde xogou de neno,  
onde fan os despoxos de seus pais,  
onde tiña os recordos d' outros tempos!  
Meu quiridiño hirmau, ¿que mala sorte,  
que negro fado te levou tan cedo?  
¿Pra que morriche tí, cando xa eras  
d' esta terra un cantor muy feiticeiro,  
un soldado d' a nosa INDEPENDENZA,

home de cencia, escrarecido inxenio?  
 Hastra envidiosa a morte, as nosas grorias  
 pouquiño a pouco vai esparexendo...  
 Chora, probe Galicia, chora, chora...  
 ¡teu destino é vivir sempre xemendo!

.....

Era de noite cando eu m' hachaba  
 veira d' o Miño murmuxador;  
 oubín as queixas que o vento daba,  
 era xa noite, naide alteraba  
 aquel sosego consoador.

Alá n-o ceo d'a miña mente  
 (pois n-outro ceo non vexo luz),  
 surxit imaxes vin de repente  
 qu' entre aureola resprandecente  
 iban baixando d'o ceo azul.

Y-unha subrime, vaga armunía,  
 cal os concertos qu' escoita Dios,  
 encheu os ventos y-a terra impía,  
 mentras aquela lexión decía,  
 correndo sempre d'unha alma en pos:

«Hoxe que chegas hastr' eiquí solo,  
 teu brando sono quero arrolar;  
 nobre poeta, ven pr' o meu colo,  
 ven a folgar.


»Eu son a groria que un día cego  
 seguindo fuches n-o mundo vil;  
 cantor ilustre, nobre gallego,  
 ven pr' onda min;

»ven, que xa teño feita unha croa  
 d' ouro e de pelras de gran valer;  
 d' ela eres dino RÚA FIGUEROA,  
 ven-a poñer.

»Si non che deron os homes sorte,  
nin coneceron o teu valor,  
as miñas portas abríuiche a morte,  
ven pr' onda Dios.

»Ven, xa t' agardan ilustres homes:  
Sarmento, Aguirre, Macías, Feixóo;  
teu nome escribo xunt' os seus nomes,  
¡vives, cantor!

»Vives por sempre, qu'a tua memoria  
venceu o tempo co'a eternidá;  
morren os homes, mais non a groria,  
pois é inmortal.»



## OS AMORES D' ALDEA

*Non quero zapatos curtos  
porque se enterrán n-area,  
non quero amores d' afora  
porque xa os teño n-aldea.*

(Cantiga d' o pobo).

### I

Vou ás veciñas romaxes,  
vou ás vilas, vou ás feiras,  
e de cote ven meus ollos  
rapazas garridas n-elas;  
vexo mocíñas que teñen  
dentes que parecen pelras,  
meixelas como craveles  
e dourada cabeleira,  
bermellos labios, y-us ollos  
que tolo a un santo volveran;  
mocíñas que me divirten  
co' a gracia d' a sua conversa,  
co' a sua melosifía fala,  
que unha múseca semella.  
As mocíñas de Galicia  
xeitosas son, abofellas,  
e mórrome por falalas,  
e práceme moito velas;  
mais eu non sei os encantos  
que tén pra min a Sabela,  
a moza que tén seu lar  
d' o meu probe lar á veira,  
que m' alcontro feitizado,

cal si ela fose unha meiga;  
 val pra min por todos xuntos,  
 o amor que seu peito encerra,  
 e consola as miñas coitas  
 y-a miña esperanza alenta;  
 non atoparei n-o mundo  
 muller que tanto me queira,  
 nin quen mellor os cobizos  
 d' o meu corazón entenda.  
 Por eso anque vexo moitas  
 rapaciñas falangueiras,  
 non quero amores d' afora  
 porque xa os teño n-a aldea.

## II

Iba cantando esta cántiga  
 preto d' o adro d' a eirexa  
 unha noite, e sin pensalo,  
 alcontreime co' a Sabela:  
 «Mintireiro, mintireiro,  
 (repricoume con voz tenra),  
 si fora verdá esa cántiga,  
 si a min sola me quixeras,  
 non foras a tantas ruadas,  
 non foras a tantas feiras,  
 deixándome eiquí esquecida  
 n-esta acurrunchada aldea,  
 onde orfa d' o teu cariño  
 eu mórrome de tristeza;  
 inda mais, a veces penso  
 que tí por outra me deixas,  
 e coido volverme tola  
 en pensalo tan xiquera.  
 Si é qu' enganarme cobizas,  
 non movas, por Dios, a lengoa  
 pra falarme d' us amores  
 que pra min gardar non pensas;  
 mira que non teño pais,  
 qu' estou soliña n-a terra,  
 non me des un desengano

pois co' él a morte me deras:  
 pregúntalle ó corazón  
 si hay outra muller qu' o encha  
 mellor qu' esta probe alma,  
 que pra tí eu gardo enteira,  
 e dimo, que mellor fora  
 que non calar o que pensa,  
 anque me maten as coitas,  
 pois morrerei satisfeita.

Si non me queres, Antón,  
 deixa, por piedade, deixa  
 de buscarme pol-as noites  
 preto o cruceiro de pedra,  
 de seguirmie n-os lameiros  
 e de falarme n-as eiras:  
 cando me vexas de lonxe,  
 e vir car' a tí me vexas,  
 colle por outro camiño,  
 fuxe por outras carreiras.»

¡Ay! parteume o corazón  
 con tal falar a Sabela!  
 Eu que non teño mais ansia  
 que vela feliz e leda.  
 Non hay amor mais subrime,  
 non hay pasión mais compreta  
 que a que lle gardo n-o peito  
 desque a vin por vez primeira;  
 xa non volvo ir ás romaxes,  
 nin ás vilas, nin ás feiras,  
 pra non deixar mais soliña  
 e chorando á miña prenda;  
 non quero amores d' afora  
 porque xa os teño n-a aldea.

## III

Non sei porque din qu' é xermen  
 de moito mal a probeza  
 cando eu non me trocaria  
 pol-o mais rico d' a terra:  
 desque sai a luz d'o sol

eu traballo, hastra que chegan,  
dando vida a cen misterios,  
d'a calada noite as tréboas;  
eu traballo con alento,  
porque traballo pra ela.  
Os dous andamos xuntando,  
á forza de moitas penas  
e de privaciós sin conto,  
pra mercar unha facenda;  
anque probe, temos lar  
onde acocharnos n-as negras  
noites d'inverno d'as xiadas  
que brancas poñen as serras,  
e dos eidos, que nos dan,  
sendo boa a recolleita,  
d'abondo millo e centeo  
pra poñer n-a nosa mesa;  
estou libre d'o servicio,  
e mañá, cando Dios queira,  
axuntareime pra sempre  
co'a miña probe Sabela.  
¿Qué mais pudo cobizar  
que ter unha compañeira  
que m'axude n-os traballos,  
que me console n-as perdidas,  
que sinta as miñas legriás,  
e qu'os meus doores padeza?  
Lonxe, esquecidos d'o mundo,  
traballando con pacencia,  
e con cariño coidando  
os fillos que Dios nos dea,  
serán as horas d'a vida  
comenzó d'a groria eterna.  
Libre de remordementos,  
d'ambiciós e de xenreiras,  
sempr amando, vivirei  
feliz co'a miña probeza.  
¡Non hay pracer más comprido  
qu'este pracer que m'alenta,  
non hay amores n-o mundo  
com'os amores d'aldea!

## A CARTA D'A GUERRA

Unha probiña xente d' unha aldea,  
sempre agardando carta d' un rapaz  
que camiñou pr' a guerra, vindo as noites  
xa non fai outra causa que chorar.  
Os coitadiños pensan que chorando  
danll' á xoya qu' agarda o seu amor  
eses consolos tenros que non teñen  
os que levan ferido o corazón.

Chega por fin o cobizado día,  
vén o carteiro, dalles o papel,  
e sin perda de tempo, todos xuntos  
as sospiradas letras van leer.

«Meus quiridiños pais: fólgome moito  
si vostedes s' atopan hoxe bós,  
cal desexo pra mí, (comenza asina,  
di asina o primeiro ringuilón).  
Saberán que n-a guerra d' as Provincias  
non hay mais que ruinas e dobor  
e mortos; xa se ve, unhos e outros  
van sementando a morte c' os cañós.»

(Chegando eiquí, a nai toda afrixida  
a leutura d' a carta fai parar;  
dinlle que cale... ¡pero quéen afoga  
os tristes sentimentos d' unha nai!)  
Siguen leendo: «Cando camiñamos,  
xa de día ou de noite sempre vou

c' o pensamento n-esa probe aldea  
 ond' a miña frorida edá pasou;  
 os soutos que n-o vrau lle prestan sombra,  
 seus regatos e montes vexo eiquí,  
 os ecos d' as campás d' aquela eirexa  
 tranm' os ventos d' a torre onde nacín.  
 Meus quiridiños país... ¡con qué lenguaxe  
 os recordos me veñen a falar  
 d' unhas cousas que falan d' outras cousas  
 que non podo nin sei adiviñar!

.....

»Meus quiridiños pais, si é que m' esquece  
 d' escribirlle á Sabela de Pitín,  
 diganlle que me queira e non me deixe,  
 que viva e teña amor solo pra míñ.  
 ¡Ay, aldeña!... ¡Cántas veces poño  
 en tí o pensamento e corazón!...  
 ¡Eidos, montes e soutos de Caldelas,  
 lonxe de vós eu morro de door!  
 Adiós, quiridos pais, que teño presa:  
 si poidera rubir a xeneral,  
 ¡cántas cousas lles dera o seu filliño  
 qu' hoxe, coitado d' él, non pode dar.  
 »Adiós, quiridos pais, hastr' outro día;  
 a cantos lle pregunten que é de míñ,  
 diganlle qu' estou bó, denlle recordos,  
 canto queiran vostés, ¡adiós!—Xoquín.»

Unha carta d' a guerra é un tesouro  
 pr' a coitada xentiña d' o rapaz,  
 carta que dempois leen os veciños,  
 o maestro y-o crego d' o lugar.

## N-O MOSTEIRO D' OSEIRA

Cheo de patrio amor, admirado,  
vello mosteiro, a contemporante chego;  
recordo d' as grandezas d' o pasado,  
fuches por homes sabios bautizado  
c' o ilustre nome d' o «Escorial Gallego».

Un tempo pasou xa: o son doído  
d' as campás, espallándose n-o vento,  
resoaban n-as chouzas solitarias  
cal a fala de Dios; logo perdido  
aló n-a inmensidá d' o pensamento,  
trocábase en sospiros e pregarias.

D' os teus monxes a cencia  
n-os mais estranos pobos relocia;  
sol de virtú, d' amor, de sabidencia,  
co' a sua luz alumbeaba a intelixencia  
que n-as tréboas d' o error se confundía.

O hino relixioso  
d' a cristiandá, subrime resoaba  
pol-as erguidas bóvedas d' o templo;  
o espíitu meditaba silencioso,  
o debre labio con fervor rogaba,  
d' os ánxeles de Dios seguind' o exemplo;  
a caridá cristiana, as portas tuas  
tiña de cote abertas pr' o mendigo  
e pr' o enfermo tamén; teu lar amigo,  
onde o Señor verteu as gracias suas,  
era pra moitos cobizado porto

de salvación e paz; eras d' amores  
espello e limpa fonte, eras un horto  
de gratos cheiros e perpetuas frores.

¡Non sei que sinto ó contemprante morto!  
¡Ay que días aqueles! ¡Que protento  
d' o sigro que pasou! Foi a tua historia  
relixión e saber, virtú e groria,  
adianto, caridá, luz, movimento.  
Menumento manífico e xigante,

¿qué foi d' a tua grandeza?  
A morte y-a ruina levas diante,  
cal a neve d' os anos n-a cabeza.  
Aldraxan as tuas canas, indiferentes,  
aqueles que deberan respetalas,  
e desdóuranas labios maldicentes  
que obrigación tiveran de bicalas.

¡E tí todo consentes...  
e mudo, inmobre, os teus pesares calas!


Esqueleto de pedra,  
que cobiza cubrir de musgo e d' edra  
o tempo, que se ceba n-as tuas obras;  
niños tés n-os teus muros misteirosos,  
qu' onte gardaban homes sabidosos,  
de cen morcegos e rastreiras cobras.

Podes tomar venganza ben comprida  
d' esta xeneración, que de tal sorte  
deixa morrer as grorias d' a tua vida;  
ela tamén camiña car' á morte;  
ela tamén feliz, tamén groriosa,  
cal fuche un tempo, vivirá esquecendo,  
que a pasos de xigante vai correndo  
cara ós fondos abismos d' unha hosa.

A tal xeneración levas ventaxa:  
anque o sigro lixeiro bula y-ande,  
tempo inda tés d' ollar a sua mortaxa,  
que anque morrendo vas, inda eres grande.

¡Ah, grorioso mosteiro  
véndote asina sinto un door subrime,

pois unha voz de místico misteiro  
tuas grorias canta cand' o vento xime,  
e n-o pingar d' as ágoas,  
n-esas noites d' inverno, cando chove,  
d' os teus monxes paresme ver as vagoas  
que veñen a verter, véndote probe!  
¡E namentres... de Dios o dedo augusto,  
n-a historia d' o universo marca xusto  
a ingratitú d' o sigro dazanove!



## ¡QUEN POIDERÁ CHORAR!


Eu chorei, sendo neno, moitas veces;  
pranto de pelras aquel pranto foi:  
tiña forza n-os ollos, mais non tiña  
forza n-o corazón.

Chorei dempois cando xa feito home  
loitaba c' os delirios d'a pasión,  
y-os meus ollos souperon o que eran  
as vágooas de door.

Logo mais tarde, cando as penas fondas  
deixáronme sin grorias nin pracer,  
eu cobicei chorar, pero non tiven  
mais que vágooas de fel.

As mortas ilusíós, os desenganos  
consumiron a alma c' o pesar;  
pidinll' ós ollos vágooas, ¡ay, coitado,  
xa non puden chorar!

Pranto dichoso, fonte de consolo,  
xa pra min as tuas augas non virán:  
cando c' os anos pérdense as legrías,  
¡quén poiderá chorar!



## A ESCASULA

¡Que noite aquela, que noite!  
¡Inda hoxe se me recorda,  
pois encantos e legrías  
deixou n-a miña memoria!  
N-a orela esquerda d' o Miño  
Alongos ergue as suas chouzas,  
que anque probiñas, a moitos  
traballadores acocha.  
N-o pazo d' o Conde hachábanse  
algunhas garridas mozas  
e algús mozos, que viñeran  
d' as mais veciñas parroquias,  
e pol-o chau esparxidas  
en montós, faguían moitas  
espigas de millo, inda  
recubertas co' as carochas;  
un candil dipindurado  
d' unha trave forte e longa,  
con dous mecheiros alcesos,  
alumeaba a sala toda.

Alí están xuntos o Xan  
de Freixendo, a tía Antona  
d' o muíño, o Facarelos,  
a Trellerma, a Xenerosa,  
o Farruco de Toen,  
a Marica d' a Costoira  
y-algús outros baralleiros,  
e todos eles boas louzas.

Pra dar comenzo á escasula  
solo lles falta unha cousa:  
que chegue logo o caseiro  
pra que os traballos dispoña,  
e namentras que non chega,  
como é xente que non folga,  
homes e mulleres xuntos,  
cantan, brincan, falan, xogan.

¿Onde estará? Tarda moito,  
e tardar non lle ten conta;  
mais cala, si non me engano  
seica andiveron n-a porta  
d' o corral, léveme xuncras  
s' él non é quen ven d' afora:  
dito e feito; vel-o ehí ven,  
ehí tedes a sua persoa;  
c' oa sua monteira de pano,  
co' as suas brancas cirigolas,  
c' o seu fungueiro n-a mau,  
c' un pito alceso n-a boca,  
ehí o tedes mais prantado  
que un xeneral diante as tropas.

Vend' o chegar, as «boas noites»  
danlle mocíños e mozas;  
él sauda, e pondo logo  
o fungueiro tras d' a porta,  
falando asina, lixeiro,  
comenza a dispor as obras:  
«Tres d' os mozos que teñades  
mais sande e mores forzas,  
os culeiros cheos d' espigas  
ide levando pra fora;  
as raparigas pequenas  
ide recollendo as follas;  
as demais escasulade,  
pero tende muy en conta  
d' as espigas d' o caruncho,  
non axuntalas co' as boas.»

Dempois que de tal maneira  
fala o caseiro, sin outras  
adevertencias, a xente  
pr' o traballo está disposta;  
e namentras qu' escasulan  
e van recollendo as follas,  
volven a entoar as dolces,  
as amorosiñas copras;  
esas cántigas que teñen  
a vaguedad misteriosa  
d' as nosas tristes montañas,  
d' os nosos vals e de todas  
cantas frores dan ó vento  
perfumes d' a terra nosa;  
esas cántigas, sospiros  
d' almas que xemen e choran,  
lamentos de corazós  
afrixidos pol-as coitas.  
¡Cánta tristeza e tenrura  
teñen as cántigas nosas!


O Farruco de Toen  
y-a Marica d' a Costoira  
fan calados. ¿Qué terán?  
¿Sofren algunha congoxa?  
Botádelle ben os ollos,  
que cando calan e proba  
de que algúñ penar d' a y-alma  
as suas legrías lle rouba;  
mais cala, o diaño d' o mozo  
estalle botando á moza  
as espigas qu' escasula,  
como quen non quer a cousa,  
Ela, c' os ollos cravados  
n-o chau, xiquera se coida  
de miralo, anque n-o peito  
sofre d' as pasiós a loita,  
porque non se deprocate  
d' o seu amor a tía Antona,  
que tén á veira; mais ésta,  
vella avisada e bulrona,

vendo que can as espigas  
preto de sí, bufa e roña:  
«Seica m' atentas Farruco,  
(di berrando), mellor fora  
e moito mais che valera  
non sair d'a tua parroquia  
que virte facer eiquí  
traballador, cando folgas.»  
O Farruco escoita e cala;  
mais non quere sin resposta  
á vella deixar, e canta  
entre dentes esta copra:  
«Ben che quixera falar  
d'o meu amor, miña xoya;  
mais non me deixa unha bruxa  
que fadarme quixo agora.»  
¡Quén tal dixo! Armou, rifando,  
un barullo a tía Antona,  
qu'eu non sei o que faría  
si o Facarelos non fora,  
pois meténdose entre eles,  
e turrándolle con forza  
á ela pol-o dengue, díxolle  
con voz de galíña choca:  
«¡Resoño! non lle dea tino,  
non s'alrite, non sea tola,  
como d'a mau de quen veñen  
débense tomar as cousas.»

O argallán d'o Nicolau,  
qu' é lixeiro com' a pólvora  
e que sintindo rifar  
alcóntrase n-as suas glorias,  
¿sabes o que fai? Agarra  
unha espiga d' as mais grosas  
e... ¡zau! tiralla ó candil,  
e deulle tan ben n-a corda,  
que de tanto abanear  
por pouco pol-o chau roda.  
«¿Quéres deixarnos a escuras,


Nicolau? (Dicelle a Rosa).  
Pois por hoxe non rabeas,  
non che toca, non che toca.\*  
Y-entre cántigas, atruxos,  
entre ditos e parolas,  
ven pasar aquela noite  
as xentes traballadoras.

A *escasula* n-as aldeas  
é unha festa cobizosa,  
pois ven recolleito o millo  
que tanto sudor lles costa,  
o millo que tanto regan  
dinantes de que o recollan;  
aquei pan que ha de mantelos  
n-as noites d'inverno longas,  
cando ó lume d'a lareira  
a cocer a bica poñan.  
¡Aldeas d'a nosa terra,  
costumes d'a terra nosa,  
cántos praceres gardades  
qu'en moitos pobos non soñan!  
¡Fillos d'as probes aldeas,  
ben fagan as ansias vosas,  
pois traballando folgades  
mais que n-as ciudades folgan!



DEUS FRATRESQUE GALLAICI

Galicia, esperta y-érguete lixeira,  
cobra loitando a libertá perdida  
que mellor é morrer, que confundida  
vivir c' oa que é pra tí como estranxeira.  
Tí que fuches d' os pobos a lumbreira,  
¿pra que fas aldraxada y-esquecida?  
sea a groria o teu sol, a paz tua vida,  
*Deus fratresque gallaici*, a tua bandeira:  
Fai un esforzo, patrea, mostra forte  
ise valor que sempre foi tua herenza;  
eres dina, Galicia, d' outra sorte;  
o dia d' a tua groria xa comenza:  
¡Loitade hirmaos! ¿E que val a morte  
si logramos a nosa *Independenza*?



## SOEDADES

### I

Veira d' as augas d' o craro Miño  
fai a eremita d' o Portovello;  
n-ela ben posta teñen a imaxen  
d' a imaculada Virxen d' os ceos,  
Virxen que todolos pescadores  
en moita estima sempre tiveron,  
pois pr' os seus males, cando é que a chaman,  
sabe muy logo darles remedio:  
ali, por diante d' a Santa Virxen,  
e n-a eremita d' o Portovello,  
foi onde un rogo por vez primeira,  
entenrecido li' erguin ós ceos.

¡Santos momentos d' a miña vida...  
inda os recordo! Era muy neno,  
y-era unha tarde d' o mes de Mayo;  
aló entr' as follas xemía o vento,  
asemellando queixas de almas  
que sospiraban por outros tempos  
os paxariños dolces cantaban;  
d' o río as augas iban correndo  
mainas, falando como si fosen  
d' amantes voces estranos ecos;  
o sol morría, cand' eu chegando  
hastr' a eremita sin coneceло,  
sin darm'e conta d' o que pasaba,

por un buraco n-a porta feito  
lixeira ollada botei a cantas  
cousas había postas por drento.

Xunto d'a porta d'a sanchristía  
eu vin a imaxen d'un esqueleto,  
inmobre, fixa, co' aqueles ollos  
como duas covas fondos e negros,  
co' aquela boca sempre sourrindo,  
co' aquel conxunto cheo de misterios:  
por vez primeira d'a miña vida  
pensei n-os mortos... e tiven medo.  
Pensei n-a morte, pensei que cando  
os vermes, xordos, fosen roendo  
a debre carne que me recobre,  
cand' os meus hósos ó descuberto  
quedando fosen esparexidos  
riba d' as covas d'o cimenterio,  
non habería quen os collese  
pra polos xuntos en esqueleto.  
¡Cántas tristezas, que desconsolos  
foron deixando n-o pensamento  
estas estranas miñas ideas,  
ás que din forza cando era neno!


## II

Pasaron anos; inda recordo  
hoxe a eremita d'o Portovello,  
que solitaria, veira d'o Miño  
érguese agora cal n-outros tempos.  
Inda recordo d'aquela tarde,  
d'o sol os tristes rayos postreiros,  
as miñas coitas, as miñas ansias,  
os meus estranos presentementos;  
e d'a maneira qu'entón pensaba  
en moitas cousas, agora penso;  
non se m'esquece pensar n-a morte,  
pois xa non pode poñerme medo;  
lévoa de cote por compañeira  
n-os areales d'este deserto

que vou traspondio; solo cobizo  
chegar ó cabo d' o meu desterro.  
¡Ay que difrentes son as soedades  
que tiven onte d' as que hoxe teñio!


## III

Óyolle a moitos que son os ollos,  
d' as nosas almas un limpo espello;  
onde mirarse non tén a miña,  
que vive a escuras c' os seus tormentos.  
O sol de Mayo, vals e montañas  
doura e feitiza c' os seus refrexos;  
bulen os ríos pol-as ribeiras,  
móvense as follas que bica o vento,  
os paxariños cantan n-os ábores,  
o gando brinca pol-os lameiros,  
e pobos, chouzas, aldeas, pazos,  
brancas eirexas, negros castelos,  
diante d' os ollos teñen os homes.  
¡Conxunto grande, subrime, espréndido!  
Sólo eu, coitado, sin luz, sin grorias,  
estrano a tantos encantamentos,  
pelegrinando sigo traspondio  
os areales d' este deserto.  
¡Ay que martirios sufro n-a terra!  
¡Ay que soedades tan fondas teñio!



## FRORES E VÁGOAS

Puxen frores por riba d' a tua cova  
como recordo d' o meu tenro amor;  
cando as fun ver dempois xa estaban muchas,  
perderan seu perfume e seu color.  
Entón chorei ó verte alí esquecida:  
dend' hoxe as miñas vágoas, frores son...  
Anque ninguén as vexa n-a tua cova,  
tí velas preto a Dios.  
As frores d' esta terra logo morren,  
sólo eternas serán as qu' eu che dou:  
vágoa qu' eiquí se verta por un morto,  
é n-o ceo unha fror.



### AS AUREANAS D' O SIL

Mainiñas cal as pombas d' as ribeiras,  
xeitosas cal os xuncos d' as cañadas,  
subrimes, vaporosas com' as fadas,  
tal son as aureanas feiticeiras.

Aluma o sol o val, doura as pradeiras,  
y-elas buscan n-as augas sosegadas  
as areas de ouro cobizadas;  
mais ven a noite, e fuxen pesareiras.  
O Sil é seu amor, a sua legría,  
teñen n-él sempre fixo o pensamento,  
canto pracer seu corazón ansía;  
lonxe d' alí, de triste acabamento  
a garrida aureana morrería,  
cal morre a fror sin o arrolar d' o vento

and in the case of the first two different  
relations we know that one has a greater  
value than the other, and that the value  
of the second relation is not less than  
the value of the first. Now let us suppose  
that the second relation has a greater value  
than the first, and let us suppose that the  
second relation is not equal to the first.  
Then there must be some relation which  
is greater than the first, and less than  
the second. But this contradicts the fact  
that the second relation is greater than  
the first.

## OS MEIGALLOS

—Naiciña, non sei que teñio,  
meu mal non o entende naide,  
díxome o crego que tiña  
qu' ir a Santiago a curarme  
n-os derradeiros d' o Abril,  
día de San Pedro Mártir.

—¿Entón terás os meigallos?  
¡Ay, pol-a Virxen d' o Carmen!  
¿E quéén ch' os botou, filliña?

Dimo logo, non me mates.

—Inda non-o sei de certo;  
pode que fosa unha tarde  
cando arrecadaba o gando  
n-o monte d' os Lumiáres,  
que m'os botaría un mozo  
garrido que veu falarme.

—¿Que che dixo?

—Moitas cousas:


díxome qu' eu era un ánxei,  
qu' en aliñas d' os amores,  
com' os páxaros n-os aires,  
poidera libre voar  
pol-as rexiós celestiales;  
díxome que tiña us ollos  
muy churrusqueiros e grandes,  
maus brancas com' a neve  
y-os dentes feitos de nacre,  
e deume unha fror cheirosa  
pra que n-o seo a gardase

—¿E gardáchela?

—Gardeina,  
e cando fun a deitarme,  
coidei de poñela en auga  
pra que non se me muschase:  
tívena asina oito días,  
sempre d' os meus ollos diante,  
co' as miñas vágoas e bicos  
novo ser querendo darrle.  
Ó cabo morreu a probe,  
e miránda desfollarse,  
sufrín o que sufriría  
si o corazón me arrincasen.  
¡Dende estonces, miña nai,  
nin eu conezo os meus males,  
pouco a pouco, sin sabelo,  
mórrome de soedades!  
—¡Ay, vallame Dios d' os ceos  
e todolos santos vállanme!  
¿E que ch' ei facer, coitada,  
que ch' ei facer pra curarte?  
Mália o demo d' os meigallos  
e mália as bruxas que faden  
ás virxes nenas que teñían  
alma e corazón de ánxeles.  
Vouche a mercar unha figura  
e dourescritos; poraste  
a rente d' o escapulario  
d' a nosa Virxen d' o Carmen  
unha estampiña bendita  
d' o señor San Pedro Mártir.  
Xa verás, miña filliña,  
xa verás, cando Dios mande,  
como alcontrarás remedio  
co' a axuda d' estas imaxes:  
á eremita d' o Corpiño,  
pol-a festa, ei de levarte,  
y-ó Santo Cristo d' Ourense,  
á Escravitu, ós Milagres,  
hastra que te vexa, filla,  
tan boa como dinantes.

— Miña nai, miña naicíña,  
meu mal non-o cura naide,  
pouco a pouco sin, sabelo,  
mórrome de soedades.  
Déixeme co' as miñas coitas,  
qu' anque son fondas e grandes,  
non sei que feitizo teñen  
pois dolces consolos danme,  
de tal maneira, que solo  
compreto remedio hacháse  
vendo diante d' os meus ollos  
aquele que logrou fadarme,  
o mozo aquele tan garrido  
que me falou uaha tarde,  
cando arrecadaba o gando,  
n-o monte d' os Lumiares.  
Raparigas feiticeiras  
que n-o corazón gardades  
un tesouro de cariño  
pra quen d' amores vos fale;  
o mal d' esta probe nena  
vós por exemplo tomade,  
que pode n-a vida servos  
proveitoso e saudabre:  
n-as bruxas e n-os meigallos  
desde hoxe mais non creades,  
porque non houbo nin pode  
haber meigos que vos faden:  
os meigallos son os homes  
que con parolas amantes  
vanvos roubando d' a y-alma  
as ilusíos virxinales,  
hastra que vos deixan tristes,  
morrendo de soedades

Si unha nena dí que tén  
os meigallos, hacharase  
namorada sin sentilo...  
ou querendo namorarse.



## DOORA

Dis que queres vivir pra gozar moito;  
¡ay probe nena! xuzgas que o pracer  
d' os teus primeiros xuveniles anos,  
eterno pode ser:

Hoxe vives n-o ceo, eres un ánxel,  
sobre frores camiñan os teus pes;  
mañá... cando non vexas mais qu' espiñas,  
cobizarás morrer.

10000  
10000  
10000

10000  
10000  
10000

10000  
10000  
10000

## O MONTE SAGRO

*'O ilustrado médico, fillo  
de Galicia, don Cesdreo  
Fernández Losada.*

Monte Sagro xigante, qu' hastra os ceos  
ergues a tua cabeza,  
mentras bulindo van polos teus seos  
xenios d'a tua histórica grandeza,  
prácheme verte cando vas fendendo  
esa etérea rexión, e rubes, rubes,  
a inmensidá d'o vento traspoñendo,  
hastra chegar ás nubes  
ond'a alfombra de Dios estás sostendo.

Bica os teus pés o Ulla sosegado,  
que co' as correntes murmuixantes rega  
o val mais relembrado,  
o mais frorido d'a rexión gallega,  
o val que sempre foi admirado  
por todo aquel que a contempralo chega.

Eterno gardador, vixia forte  
d'a nosa terra, d'unha sola ollada,  
vel-os ríos e mar, pobos e montes  
d'esta patria pra min sempre adourada.  
Vel-o Atlántico louco,  
n-a costa que lle sirve de cadea,  
coraxudo estrelarse cando loita;  
qu'anque a forza que tén é grande e moita,

de cote será pouco  
pra domeñar a costa que o rodea.

Ves n-os eidos e leiras  
d' estas nosas montanas e ribeiras,  
traballar con afán os labradores  
pra precurar o pan d' o seu sustento,  
e namentres traballan dan ó vento  
as queixas d' as suas coitas e doores.

Ves o vello castelo ruinoso,  
erguido n-o picouto d' a montana,  
despoxado d' o manto esprenderoso  
que vistiu n-outros tempos, y-a cabana  
d' o pastor á sua veira, con mais sorte;  
pois en tanto qu' aquél, coberto d' edra,  
agarda resinado pol-a morte,  
ela, sin ter n-os muros unha pedra,  
e feita de cachotes, e tellada  
de pallas de centeo, de cangallo,  
cen anos vivirá sempre animada  
pol-a forza invencibre d' o traballo.

Ti ves correr o Miño maxestoso  
alá lonxe, n-as terras ourensanas,  
e vel-o Sil que leva seu tesouro  
n-as areas de ouro  
que recollen as virxes aureanas:  
    ves a eremita probe  
debaixo d' o corpudo castiñeiro,  
onde vai recollerse cando chove  
e lostrega, o cansado viaxeiro.  
Ves o monte Medullo, aquel sagrario  
d' a nosa independenza cobizada;  
ali a forza brutal d' o lexionario  
pol-os nosos abós foi domeñada;  
e ves cantos antigos menumentos  
recordan nosos feitos, nosa gloria,  
e xigante en recordos e protentos,  
ollas n-os mais pequenos pensamentos  
o pasado feliz d' a nosa historia.

Todo e subrime en ti: cando refrexan  
n-o teu pico os postreiros resprandores  
d'o limpo sol, os ollos que te vexan  
terán que ademirar os teus primores,  
pois entón asemellas un espello  
que d' os ollos de Dios a luz retrata:  
rey de todol-os montes, seu destello  
en coroa de pelras e de prata.  
El puxo n-a tua testa pra que foras  
o mais feitizador n-estas ribeiras;  
deuche por amorosas compañeiras  
brisas que falan, augas bulidoras,  
almas de xenios, páxaras piadeiras,  
alboriños de follas tremadoras  
onde cantan os ledos rousinores,  
e por alfombra, fiollos e silveiras,  
e cen garridas e cheiroosas frores.

Pol-a noite calada,  
cand' os rayos d' a lúa misteriosa  
pratean a tua testa, coroada  
pol-a mau d' o Creador esprenderosa,  
paresme mais subrime, mais xigante,  
    ó botarte pra diante,  
cal si bicar quixeses o terreo.  
¿Ou será que te sientes vacilante  
c' o gran peso que tés, sostendo o ceo?  
Todo é grandeza en tí: recordos, groria  
d'un tempo que pasou d'a nosa historia.  
Cando libre esta patria d' a inxusticia  
d' os reyes d' outros pobos estranxeiros  
admirada foi n-a terra toda,  
o sol d' a independenza de Galicia  
eiquí resprandeceu; os xusticieiros  
reyes suevos eiquí foron unxidos  
pra desdouro e baldón d' a casta goda,  
que loitaba por vernos confundidos.

Monte Sagro inmortal, o mais erguido  
de todos cantos tén a nosa terra;

denantes qu' este pobo sea vencido,  
volverás a escoitar cantos de guerra:  
n-os teus caboucos morrerán primeiro  
os fillos d' este pobo sin segundo,  
denantes que baixar diante d' o mundo  
a testa sua ós pés d' un estranxeiro.

## A CARREIRIÑA D' UN CAÑ

É xa costume en Galicia  
de moitos anos atrás,  
e como vella costume,  
n-as aldeas xeneral,  
de que cando un viaxeiro  
vaille a calquer perguntar  
si dende ali hastra o pobo  
d'o cal en camiño vai  
falta pouco, ou si cicaís  
tén moito que camiñar,  
decirlle, anque desviado  
s' atope unha légoa ou mais:  
«Non señor, falta pouquínio,  
*a carreiriña d' un can.*»

O Pepe de Chaguacedo,  
mozo como poucos hay,  
entrometido, valente,  
e non sei que cousas más,  
deixou a vila de Trives  
por ver d'Ourense a ciudá.  
Por vez primeira d'a casa  
sai o xuncras d'o rapaz,  
non coneccendo o camiño,  
mais coidado non lle da,  
pois sabe aquelo de que  
*quen tén léngoa a Roma vai.*  
Andivo, chegou ó Castro,

á Medorra e mais alá,  
 foi por Villariñofrío,  
 por Niñodairas, e más  
 pobos qu' hoxe non recordo  
 nin vén a conto lembrar,  
 e xa s'alcontraba canso,  
 pero dixo: «Non lle fai,  
 hei andar, queiras non queiras.  
 hastra que non podía mais.»

E cal o dixo, cumpriuno:  
 bota a monteira pr'atrás,  
 colga n-o brazo o fungueiro  
 que levaba n-unha māu,  
 e d'unha en outra alancada  
 chega a Esgos pra xantar.  
 Xantou o que moitos xantan  
 cando de camiño van:  
 unha boa cunca de caldo,  
 duas sardiñas, viño e pan.  
 Con mais forza e mais alento  
 d'Esgos saliu o rapaz,  
 e por un atallo estreito  
 camiña sin folguezar:  
 xa moiito andivera, cando  
 a rente d'un carballal  
 viu unha moza qu'estaba  
 n-unha roca fiando láa;  
 a carón púxose d'ela,  
 e díxolle: «¿Vosté fai  
 o favor de me decir  
 canto falta pra chegar  
 por este sendeiro á Ourense?»  
 Co'a vista fixa n-o chan,  
 a mocíña respondeulle:  
 «Pol-o camiño que vai,  
 andando moiito e de presa,  
 logo á Ourense chegará,  
 pois dende eiquí falta solo  
*a carreiriña d'un can.*

O Pepe d' o Chaguacedo  
 respirou, pois en verdá  
 iba alcontrándose canso  
 xa con tanto canear;  
 e por longas corredoiras,  
 traspondo montes e vals,  
 e brincando algús balados  
 ó Pinto logrou chegar,  
 pero levando n-os pés  
 unhas vinchas, que **xa xa**.  
 Topa c' un probe d' un vello  
 que guiando unhas vacas vai  
 as que d' un carro d' estrume  
 turran pra facelo andar.  
 «¿Cánto falta d' eiquí a Ourense?»  
 pregunta con louco afán.  
 Y-o qu' iba diante d' a xunta,  
 volvéndose car' atrás,  
 y-un monte cheo de piñeiros  
 amostrándolle co' a man,  
 dixo: «Baixando esa costa,  
 á volta d' o pífeiral  
 pode xa decir de fixo  
 que s' alcontra n-a ciudá,  
 pois dende alí vese a cruz  
 d' a torre d' a Catedral:  
 ande axiña, déase presa  
 si quere logo chegar,  
 pois fáltalle muy pouquiño,  
*a carreiriña d' un can.*

Perdeu a pacencia o mozo  
 e hastra chegou a xurar,  
 cousa que nunca fixera  
 n-a compaña d' os seus pais.  
 Tivo mentres de sentarse,  
 mais vendo a noite chegar,  
 siguiú camiñando o probe  
 facendo un esforzo mais.  
 Chegou diante de Lamela.

cando escoitou resoar  
aló muy lonxe unhas cantas  
bateladas de campás;  
víu unha muller, e díxolle:  
—¿Seica d' Ourense serán  
as campás que agora tocan?  
—Non son, enganado vai;  
é qu' están tocando a morto  
n-o Pereiro d' Aguiar  
por un rico vinculeiro  
que morreu esta mañá.  
—¿Entón dend' eiquí hastra Ourense  
fáltame moito que andar?  
—Non señor, fáltalle pouco,  
*a carreiriña d' un can.*

Por verse logo en Ourense  
degorábase o rapaz,  
y-anque canso e rabechando  
andivo cada vez mais;  
cando por fin s' atopou  
ond' as portas d' a ciudá,  
dando un suspiro, escramou,  
volvéndose car' atrás:  
«Non foi pequena, puñesflas,  
*a carreiriña d' o can!*

## VEIRA D' O ARNOYA

É de outono unha tarde, o sol que morre  
os hourizontes doura;  
a vila d' Allariz ó vento erguidas  
as espadanas d' as eirexas mostra.

Lambe seus pés con augas trasparentes  
o murmuxante Arnoya,  
onde tempraron n-outro tempo as armas  
co' as que loitaban, as mesnadas nosas.

A branda brisa con arrulo amante  
movendo vai as follas  
d' os salgueirales, bujos e loureiros  
e cantas herbas o seu manto forman.

N-os ábores, os páxaros piadeiros  
as cántigas entoan,  
todo é luz pol-os aires, armunías  
n-o monte e val, n-os pazos e nas chouzas.

¡Tarde d' encantamentos infinitos,  
tarde feitizadora,  
ben faga teu recordo que n-a y-alma  
deixa d' amor legrías cobizosas!

A noite vén; relocen as estrelas,  
de Dios n-a inmensa alfombra;  
as bateladas d' as campás, doídas,  
o toque d' oración á un tempo dobran.

As ovellas que volven ó cortello  
 balan n-as corredoiras;  
 c' o seu balar confóndense de lonxe  
 os *alalás* e cántigas d' as mozas.

¡Que subrimes concertos, que misterios  
 téñ n-esta terra nosa  
 unha tarde que morre cando chegan  
 d'a queda noite as enloitadas sombras!

N-un curruncho feliz d' esta ribeira  
 érguese Vilaboa,  
 paraíso onde teño os meus amores,  
 o niño virxinal d' a miña pomba.

A noite vén: xa non verán meus ollos,  
 logo que a tarde morra,  
 aquel verxel de perfumadas frores,  
 aquel ceo de espranzas e de glorias.

¡Ay que noite tan triste! Pol-os aires  
 os morcegos revoan,  
 os concertos d' a terra enmudeceron,  
 cobren as tréboas as bellezas todas.

Sólo quedando vou: esta tristeza  
 que agora sinto fonda,  
 faime querida a soedá d' as noites,  
 e dá mais desafogo ás miñas coitas.

¡Ay que noite tan triste! As probes almas  
 d' os que sufren e chorran  
 n-as áas d' o pensamento van voando  
 pol-as rexións d' o espíitu misteriosas.

¿Pr' onde camiñan? ¡Ay, ninguén o sabe!  
 Búscanse e non s'alcontran;  
 n-o deserto d' a vida non hay duas  
 almas que se comprendan e conozan.

A metá que lle falta á miña y-alma  
 pra non vivir tan sola,  
 ¿pódea ter, compoñendo un sólo espiritu  
 a fada virxinal de Vilaboa?

¡Quén o sabe, meu Dios! Un *algo* estrano  
 teñen as almas nosas,  
 que ó mirarse n-os ollos refrexadas  
 parés que se confonden n-unha sola.


Cal ó redor d' as luces alcendidas  
 as volvoretas voan,  
 d'a maneira c' o imán atrai ó ferro,  
 a ela m'atrai unha secreta forza.

¡Ay que noite tan triste! Lonxe d' ela  
 a vida é muy noxosa;  
 fáltalle a luz d' os ollos d' unha y-alma  
 xemela en pensamentos e memorias.

Cantaba asina un probe pelegrino  
 qu' espira de congoxas,  
 ó morrer unha tarde d' un outono  
 n-a vila d' Allariz, veira d' o Arnoya.

Ela morreu: d' a terra onde nacera  
 lonxe alcontrou a cova,  
 e din qu' un alma en pena, pol-as noites,  
 por riba d' ela acongoxada chora.

¿Atoparanse un dia n-outros mundos  
 d' amor e luz e grorías?  
 Por mais que se adouraban n-esta terra,  
 ¡ben pode ser que aló se desconozan!



## O MONTE MEDULLO

Dinantes que sufrir d' un estranxeiro  
a odiosa escravitú, con arrogancia  
morrer pol-as suas maus quixo en Numancia  
con valor exemplar un pobo enteiro.

Morre tamén Sagunto d' esta sorte;  
y-o lexionario, cobizando gloria,  
sólo pudo atopar que a nosa historia  
decote foi INDEPENDENZA OU MORTE.

Veu o ingrés a loitar co' a nosa terra:  
os patrios sentimentos louco alrita,  
e n-os muros d' a Cruña María Pita  
con esforzo inmortal venceu a guerra.

Chega o francés trunfante, cheo de gloria,  
y-é vencido en Madril o *Dous de Mayo*;  
en Galicia, n-a Ponte de San Payo,  
loita e loita sin ver a sua vitoria.

Estes feitos d' eterna renembranza  
proban que non se pode á nosa terra  
pol-a forza aldraxar, que non a guerra  
escravos nos fará sin ter venganza.

E cal poema d' estes grandes feitos,  
garda o MEDULLO d' o valor a palma;  
seu recordo un latido tén n-a y-alma,  
seu exemplo un altar n-os nosos peitos.

Indómitos, valentes, nosos móres  
n-él craras mostras d' heroísmo deron:  
por non escravos ser, libres morreron  
diante d' os lexionarios sitiadores.

O sol d' a independenza de Galicia  
garda n-él seus brillantes resprandores,  
e terá que trunfar, en días mellores,  
a causa d' o dereito e d' a xusticia.

O xenio gardador d' a nosa historia  
dorme n-os seus caboucos, agardando  
qu' outra xeneración volva loitando  
a recoller a croa d' a sua gloria.

Monte MEDULLO, n-a tua fonda cova  
a morte as cinsas d' eses héroes garda:  
¡si a vella patria en veneralas tarda,  
ten esperanza n-a Galicia nova!

## A ROLA MORTA

*Recordo á inspirada poeta gallega Elvira Luna d'o Castillo.*

Dolce cantora d'a nosa terra  
que as cinsas tuas a cova encerra,  
aló n-un pobo veira d'o mar;  
ti, c' os teus cantos arroubadores,  
homes, paxáros, brisas e frores  
fixeche un día d'amor tremar.

Muller, c' o fogo d'o sentimento  
cando fixabas o pensamento  
n-outros espacios, n-outras rexións,  
con tenra e vaga melancónfa,  
cal un perfume de fror, rubia  
tua y-alma preto d'a luz de Dios.

Por eso os tristes que se namoran,  
os afrixidos que penas choran,  
hachan consolo n-as tuas canciós;  
branda mistura de venturanzas,  
encantamentos, queixas, espranzas,  
de cote cheas d' inspiración.

¡Ay! é qu' axiña por mala sorte,  
d'a nosa patria levoute a morte  
pr' outro garrido mundo mellor;  
libre de enganos e d' amarguras,

rexenerada, vives co' as puras,  
co' as escollidas d' o Creador.

N-a feiticeira Vilagarcía,  
queixosa rola, deches un dia  
os teus primeiros hinos d' amor;  
alí d' a vida n-o derradeiro,  
con un sospiro muy lastimeiro,  
morreu cantando teu corazón.

A voz d' o xenio que se perdía  
fixo un esforzo cando morría  
aqueña virxen; o limpo sol  
d' o pensamento, que luz lle daba,  
con mais destelos alumearba  
ó darrlle ó mundo seu triste adiós!

Y-era qu' estoncés un *algo* estrano  
fondo misterio d' o ser humano,  
vida e mais forza deulle ó morrer;  
era que libre xa d' os terreos  
lazos d' a carne, iba pr' os ceos  
novos alentos a recoller.

Si n-aquel grande, feliz momento,  
cantar poideras c' o pensamento  
n-a nosa fala, n-a nosa voz,  
¡ay, que corrente de melodía  
n-este deserto s' escoitaría,  
e que concertos, que vibraciós!

Queixosa rola d' o noso outeiro,  
que baixo as herbas d' o cimeteiro  
asegada durmindo estás;  
durme, namentres qu' a tua memoria  
cantos de trunfo, croas de groria,  
eiquí en Galicia revivirán.

## A VOLTA D'A SEGA

### I

Por mala sorte inda hoxe  
a buscar van a Castela  
traballo de sega e malla  
os fillos d'a nosa terra;  
inda tempadas d'o ano  
pouco menos que desertas  
van quedando as nosas vilas  
y-acurrunchadas aldeas.  
¡Buscan o traballo fora,  
cal si eiqui non-o tiveran!

### II

Tristes están os gallegos  
que aló traballan n-as segas,  
sin os perfumados aires  
d'o lugar onde naceran,  
sin escoitar pol-as noites  
n-as sombrizas carballeiras  
as dofdas bateladas  
d' as campanas d'a sua eirexa.  
Tristes están os coitados  
n-os desertos de Castela,  
como páxaros sin niño,  
como ceo sin estrelas,  
cal corazón sin amores

e com' as almas en pena;  
 por eso falan muy pouco,  
 que sólo sinten e pensan;  
 por eso din os estranos  
 que os fillos d'a nosa terra  
 son insensibres e teñen  
 alma e corazón de pedra.  
 ¡Que son insensibres, cando  
 morrendo están de tristeza,  
 tendo o pensamento fixo  
 n-o lugar onde naceran,  
 folgándose c' os recordos  
 d' as suas romaxes ledas,  
 d' as suas montanas, d' as suas  
 encanadas e ribeiras!

## III

¡Cántas mulleres agardan  
 con louco afán n-as aldeas  
 porque ó seu lar volvan logo  
 os que traballan n-a sega!  
 ¡Ay! Cántos nenos espídos  
 que xogan á veira d' elas,  
 perguntarán impacientes,  
 cando pol-as noites vexan  
 que non hay pan pra cear,  
 nin hay lume n-as lareiras:  
 «Miña nai, ¿noso paicíño  
 cando virá de Castela?»  
 Cantas veces as coitadas  
 d' angustia e de medo treman,  
 vendo qu'a xusticia ás portas  
 lles vai a pedir as rentas,  
 e sempre agardando, sempre  
 co'a esperanza lisonxeira  
 de que traigan algúz cartos  
 os que traballan n-a sega,  
 entre fondos sufrimentos  
 pasan a vida n-a terra.

## IV

¿E volverán? ¡Quén o sabe!  
Ben pode que xa non veñan;  
algús d' aqueles, xa mortos  
farán debaixo d' as herbas;  
outros, mais probes que foron  
alcontraranse, e namentras,  
os nenos que teñen fame,  
degres, agurradas vellas,  
os que traballar non poden,  
mulleres que non folguexan,  
n-as probes chouzas agardan,  
agardan por quen non chega!

## V

Chéganllas cartas a moitos  
traballadores n-as segas  
d' os anacos d' a sua y-alma,  
que os agardan n-as aldeas;  
cartas queixosas e tristes,  
cartas que de cote levan  
un dór en cada palabra,  
un sospiro en cada letra:  
dinlle que se alcontran probes,  
sin centeo e sin facenda,  
que tiveron que vender  
o cocho n-a carta feira,  
e que n-o corral que teñen  
galifías non cacarexan;  
róganlle que volvan logo  
pra poder pagal-as rentas,  
que por Dios traballen moito  
pra ver si é qu' asina mercan  
un xato y-un marrauciño,  
o mesmo que os que venderan,  
e dinlle outras cousas mais  
que o recordalas dá pena.

¡E qu' inda aldraxen ós fillos  
d'a nosa quirida terra  
porque choran sin consolo  
cando teñen unha perda!  
¡E qu' inda digan que son  
semellanza d'a miseria,  
porque nunca dadiveiros  
se mostran aló en Castela,  
e porque gardan os cartos  
mais que un tesouro de pelras!  
os que tal din, ou non teñen  
sentimentos, ou non pensan  
n-as privaciós e traballos  
que pr' os xuntar padeceran;  
non saben que co' eles poden  
salvar d'unha ruina certa  
ás xentes suas que viven  
afrixidas co' a probeza.


## VI

Vel-ehi veñen os gallegos  
traballadores d'a sega,  
escarramelando os ollos  
por ver de lonxe a sua aldea:  
entoan un *alaldla*,  
a cántiga feiticeira  
que lles da forza e consolos,  
que os anima y-os alenta.  
Dempois d'un longo desterro  
respiran por vez primeira  
os prefumados airiños,  
os airiños d'a sua terra;  
e cal si rexenerados  
s'alcontrasen sólo en vela,  
as tristes almas de onte  
hoxe viven satisfeitas.  
Xa ó lugar en qu' os agardan  
os traballadores chegan;  
xa se ven co' as xentes suas,

¡Que de bicos e de apertas,  
cántas vágooas e sospiros,  
e cántas palabras tenras!

Os probes traballadores  
veñen negros, abofellas,  
qu' o sol de terras estranas  
moito mais qu' alumia, queima.  
Negros veñen, os traballos  
que tiveron en Castela  
son d' aqueles que n-os homes  
probas d' os seus males deixan.  
Mais non lle fai; ledos hoxe  
os sufrimentos non lembran,  
pois sólo d' a sua chegada  
pensan en facer a festa.  
Pol-a noite haberá gaita,  
algús fogos e boa cea;  
as mulleres locirán  
os brancos panos de seda  
y-os pendentes que trouxeron  
os seus homes de Castela.  
Alcóntranse satisfeitos  
tendo pra pagar as rentas,  
que non outra cousa logran  
os que volveron d' a sega,  
e son felices e folgan  
cicaes pol-a vez primeira  
desque deixaron a sua  
esquecida e probe aldea.

Non lonxe, ha de vir un tempo  
en que sin sair d' a terra,  
terán traballo os que hoxe  
van a buscalo n-as segas.  
¡Cánto tardas, cobizada  
rexeneración gallega!




EN CASDEMIRO

*A FEIXÓO*

Tiveron que pasar douscentos anos  
pra qu' en Ourense honrasen a tua historia  
¡dous siglos pra facer xusticia á gloria,  
que limpa ven brilar pobos estranos!

Naciche eiquí: os ceos soberanos  
dérонche, pra que fose mór vitoria,  
fonda cencia, virtú, xenio e memoria  
pra escoller as verdás entr' os enganos.

Teu xeneral saber d' abondo proba  
que de Dios a tua cencia recibiche,  
sendo luceiro d' unha idea nova,  
adiantándose ó siglo en que viviche.  
¡¡Que non teñas tuas cinsas n'unha cova  
d' acurrunchada aldea onde naciche!!



## VASCO PÉREZ DE MARIÑO

*Bo de rogar,  
mao de forzar  
pequeno de corpo  
grande d'esforzo.*

Cand' os gallegos en treidora guerra  
us c' os outros loitaban,  
vertendo a sangue que gardar deberan  
pra librar de nemigos a sua patria,

d' a esquerda e d' a dereita d' o rio Miño  
van chegando as mesnadas,  
pra ganar a contendida, co' a vitoria,  
ó feiticeiro chau de Ribadavia.

Un gallego esforzado, un nobre xenio  
que a Galicia adouraba,  
co' as suas forzas opúxose ó cativo  
intentio que os contrarios cobizaban.

Vai comenzar a loita, xa se moven;  
brilan ó sol as armas;  
drento de pouco xa fará de mortos  
esta frorida terra semeada.

— *Entr' a esquerda e dereita d' o rio Miño  
son ponte en Ribadavia,*  
Vasco Pérez Mariño dice, mentras  
sereo a vida d' as lexiós agarda.

—*Adiante! adiante!*, berra o mais garrido  
 d' as esquerdas mesnadas;  
 cheo de coraxe e de xenreiras,  
 d' os seus as fortes posiciós adianta.

Faise mórra refrega: inmobre, fixo,  
 d' o ponte o paso garda  
 aquel xenio d' a nosa independenza  
 e gardador d' as glorias d' a sua patria.

O nemigo non cexa: *Adiante! adiante!*  
 berra con louca rabia,  
 e caballos e homes misturados  
 van caendo n-o chau, baixo as suas prantas.

Morreu Pérez Mariño, como morren  
 os d' unha idea santa  
 mártires esforzados, xenerosos,  
 vertendo a sangue por lograr salvala.

Foron verdugos d' este bo gallego  
 os que hirmaus se chamaban;  
 déronlle a morte aqueles que deberan  
 a sua vida gardar mais que unha alhaxxa.

Seu recordo non morre, porque vive  
 n-o corazón e y-alma  
 de todos cantos queren e cobizan  
 as libertás e glorias d' a sua patria.

Xenio nobre, leal, d' a terra nosa  
 teu recordo ben faga:  
 d' heroísmo e valor un limpo espello  
 serás n-o pobo qu' as tuas cinsas garda.

## O CASTELO DE SANDIÁS

Aló de Xinzo n-o chau garrido,  
veira d' o *Lago d'a limia*, erguido  
fai o Castelo de Sandiás;  
mole de pedra que d' outros días  
garda lembranzas e melodias,  
morto recordo d' anos atrás.

Naide que viva n-o lar veciño  
deixa de telo por fondo niño  
d' estadeñas bruxas e mais;  
din que n-as tristes noites d' inverno  
o negro diaño d' o mesmo inferno  
alí co' elas vaise axuntar.

Us homes xuran qu' entrar o viroñ;  
outros din sólo qu' alí sentiron  
queixas, berridos e maldiciós,  
moito barullo d' unhas cadeas  
qu' arrastra o demo, cal as areas  
qu' as augas levan n-a inundación.

Non hay quen véndoo non se persine,  
nin quen de noite sereo atine  
pol-os redores a camiñar,  
que pol-a xente sendo temido,  
arruinado, vello, esquecido,  
fai o castelo de Sandiás.

Un alma sólo vai namorada  
aló n-a queda, noite calada,

buscar soego n-as suas mansiós;  
y-alma que fixa seu pensamento  
n-as vagas queixas que trai o vento,  
n-as soedades, n-o lago, en Dios.

Diantre de Celme tén o castelo;  
parés que folga moito con velo,  
pois n-él os ollos cravados tén:  
seica sospira, parés que chora  
aquelha y-alma que se namora  
de cantas cousas por diante ve.

¡Ay, probe virxe! D' os seus amores  
d' outros que foron tempos mellores,  
recorda o ledo feliz verxel;  
d' o limpo lago vese n-o espello,  
c' os mesmos coores, co' aquel destello  
que tén a lua que vai morrer.

¡Ay, probe mártir, esconsolada,  
chea de dóres, enamorada,  
dende outro mundo vén a chorar,  
buscando tola, n-a terra impura,  
a que lle falta dolce ventura,  
pra ser de todo feliz alá!

Probes aldeanos que medo tendes  
a este castelo; vós non sabendes  
cantos encerrran sonos d'amor;  
a y-alma en pena que por él vaga,  
nunca pensedes que mal vos faga,  
que non fai dano quen tanto amou.

Este castelo, de cen historias  
que xa pasaron garda memorias;  
pero ningunha tanto valeu  
com'a d'a virgen qu'eiquí penando  
a vida enteira pasou amando,  
e, coitadiña, d'amor morreu.

## MISTERIOS

Contan d' un home que morreu amando,  
qu' ó ver fuxir o sol d' o craro dia  
cantaba asina, triste, sospirando,  
cheo de soedades, recordando  
qu' ó ver morrer o sol tamén morria.

### I

Sol que te pós, sol que morres  
detrás d' eses castñeiros,  
recordo d' as miñas coitas,  
d' os meus amores espello,  
¡que solitario me deixas  
sin a luz d' os teus refrexos!  
Véndote morrer eu morro,  
pois sin verte non-a vexo,  
que son os amores d' ela  
o sol d' o meu pensamento.  
Vina unha tarde d' o vrau  
cal unha imaxen d' os ceos;  
dende estonces seu recordo  
fai n-o fondo d' o meu peito;  
cobiceina cal cobiza  
frescas augas o sedento,  
como quen chora, un consolo,  
com' a luz d' o dia un cego,  
busqueina como se buscan  
os recordos d' outros tempos,

as pelras n-o fondo mar,  
 os oasis n-os desertos;  
 mais alcontrándome probe,  
 e ademáis de probe, neno,  
 n-o corazón afogando  
 ambiciós e sentimentos,  
 facendo un esforzo, dixen:  
 «E muy cedo.»

## II

Oito anos pasei, muy triste,  
 enfermo de soedades,  
 levando n-os meus adrentos  
 a viva luz d'a sua imaxen;  
 busqueina sin alcontrala.  
 ¿Onde estará? ¡Quén o sabe!  
 Perdeuse como se perden  
 as ilusiós virxinales,  
 com' os lostregos n-a noite,  
 com' as areas n-os mares.  
 Xuzgueina morta e chorei,  
 chorei sin sabelo naide,  
 c'o mesmo door que choran  
 n-o mundo as perdas mais grandes;  
 abrin n-o meu corazón  
 unha cova; ali costante  
 gardeina; foi seu recordo  
 compañeiro d' os meus males.  
 Unha noite ¡triste noite!  
 vina d' os meus ollos diante,  
 e como n-un sono vin  
 rezusitar o cadáver,  
 y-as frías cinsas volveron  
 co' a labareda a quentarse.  
 ¡Ay, coitado, mellor fora  
 que nunca rezusitase,  
 qu'inda con chorala morta  
 tivera un consolo grande!  
 Entr' os dous hay un abismo

mais qu' o do mar insondabre:  
eu n-a terra, ela n-o ceo,  
eu un home y-ela un ánxel.  
¿Que xenio pode xuntarnos  
con lazos inseparabres?  
Sin espranzas, sin consolo,  
e con mais door que dinantes,  
ó vela, dixen morrendo:  
«¡E muy tarde!»

—  
¡Ay cántas almas que morren  
d' amores e soedades  
deixan d' alcontrar n-o mundo  
consolo ós seus fondos males,  
unhas veces por ser cedo,  
outras veces por ser tarde!



## O NOME DE GALICIA

¡Patria d' os meus amores,  
por Dios bendita seas!  
Semeados fan de frores  
teus montes e teus vals;  
a paz d' os ceos teñen  
decote as tuas aldeas,  
prateados son teus ríos,  
manífico teu mar.

O sol que doura as prantas,  
o vento que as arrola,  
as cántigas d' as nenas,  
os ecos d' as campás,  
o pio d' os paxaros,  
o sospirar d' a rola,  
a vida n'esta terra  
mais feiticeira fan.

Non sei qu' encantamento,  
que amor, que poesía,  
tén este chau garrido,  
a terra onde nacín:  
n-as alboradas ledas,  
n-as noites e n-o dia,  
terás sempre feitizos  
grorias e luz pra min.

Seu nome deprendino  
de neno con dilicia,  
direino mentras viva  
c' o fogo d' a pasión;  
cando a morrer eu vaya,  
o nome de Galicia  
direino misturado  
c' o nome d' o meu Dios.

Amor grande, subrime,  
qu' o corazón encerra,  
tesouro d' infinitos  
recordos e pracer;  
encantamento dolce  
o amor d' a nosa terra,  
de cote con nosoutros  
camiña hastra morrer:


Sol qu' alumea as tréboas  
d' os fondos sofrimentos,  
voz que d' outros espacios  
nos vén eiquí falar,  
n-a míseca d' os soutos,  
n-o sósiprar d' os ventos,  
n-o murmuxar d' os ríos  
e n-o muxir d' a mar.

Por eso en longas terras,  
de coitas e doores  
os fillos de Galicia  
morrendo tristes van:  
fáltalle a paz d' a y-alma,  
a luz d' os seus amores,  
os aires d' a sua patria,  
as glorias d' o seu lar.

¡Galicia! Nome santo  
que dixen con dilicia  
de neno, e que hoxe lembro

c' o fogo d' a pasión;  
cando a morrer eu vaya,  
o nome de Galicia  
direíno misturado  
c' o nome d' o meu Deus.

FIN



# ÍNDICE

## Páxinas

Un poeta sobresaliente . . . . .	7
Prólogo . . . . .	15


## RAMIÑO PRIMEIRO


Introducción . . . . .	21
Amor de nai . . . . .	23
N-o Cimenterio d' Ourense . . . . .	27
Queixas . . . . .	29
Desconsolo de nai . . . . .	33
O fiadeiro . . . . .	35
O toque d' agonía . . . . .	41
A miña aldea . . . . .	43
O nacemento d' o Padre Feixóo . . . . .	45
O cruceiro de pedra . . . . .	47
Recordo e queixa . . . . .	51
Un corazón doorido . . . . .	53
'A rola de Galicia Rosalía Castro de Mur- guía . . . . .	55
A Virxen d' os Doores . . . . .	57
Coitas d' a emigración . . . . .	59
Maria Pita . . . . .	61
A nai c' o neno que dorme . . . . .	63
Ó espertar o dia en Conxo . . . . .	67
Os aires d' a miña terra . . . . .	69
Pedro Pardo de Cela . . . . .	71
Cántigas . . . . .	73
A gaita gallega . . . . .	75
A volta d' o soldado . . . . .	77
O primeiro bico . . . . .	81
De riola por Galicia . . . . .	83

	Páxinas
O meu fillo. . . . .	87
¡Cánto tarda!. . . . .	89
Alborada. . . . .	91
Os ollos d' o ánxei d' a morte. . . . .	95
O día de festa . . . . .	97


## RAMIÑO SEGUNDO

O alalalaa... . . . . .	105
A Galicia . . . . .	109
As frores d' o Cimeterio. . . . .	113
Doora . . . . .	117
O toque d' oración . . . . .	119
Méndez Núñez. . . . .	121
Un sono veira d' o Miño . . . . .	123
Os amores d' aldea. . . . .	127
A carta d' a guerra. . . . .	131
N-o mosteiro d' Oseira . . . . .	133
¡Quen poidera chorar!. . . . .	137
A escasula. . . . .	139
Deus fratresque gallaici. . . . .	145
Soedades. . . . .	147
Frores e vágooas. . . . .	151
As aureanas d' o Sil . . . . .	153
Os meigallos. . . . .	155
Doora . . . . .	159
O Monte Sagro. . . . .	161
A carreiriña d' un can. . . . .	165
Veira d' o Arnoya. . . . .	169
O Monte Medullo. . . . .	173
A Rola morta. . . . .	175
A volta d' a sega. . . . .	177
En Casdemiro.—A Feixóo. . . . .	183
Vasco Pérez de Mariño. . . . .	185
O Castelo de Sandiás. . . . .	187
Misteiros. . . . .	189
O nome de Galicia. . . . .	193





A MUSA D'AS ALDEAS



OBRAS COMPLETAS  
DE VALENTIN LAMAS CARVAJAL

---

# A MUSA D' AS ALDEAS

VERSORS GALLEGOS



ORENSE  
IMPRENTA DE «LA REGION»  
1927

Es propiedad del autor. Re-  
servados todos los derechos.

## O TANGARAÑO

Naceu co' a raquitis;  
con bica, patacas, e leite, criárono,  
e medrou endebre,  
sin forzas, enfermo, sin sangue, mirrado.

Daba noxo velo  
n-o eixido d' a chouza n-un gueipo sentado,  
ou andar a gatas,  
ou ben com' as cobras n-o monte, d' arrastro.

Cando sol facía  
n-o inverno, á raxeira soliño deixábano;  
pol-o vrau poñíano  
á sombra d' un vello, corpudo carballo.

Os outros rapaces  
diante d' él pasaban reindo e troulando,  
con runfla e barullo  
correndo cal ledá bandada de páxaros.

Poñíalles medo  
o mesmo qu' os móustros, e dáballes asco,  
y-ó velo de lonxe,  
decían fuxindo: «¡Tenche o tangaraño!»

A nai unha bulsa  
colgoulle ó pescozo con escapularios  
medallas e figas,  
a pel d' unha cobra y-os ollos d' un sapo,

O señor Abade  
 mais de vinte veces foi a esconxuralo,  
 por mor de si tiña  
 o encrenque, n-o corpo metido un meigallo.

Cargou co' él ó lombo  
 seu pai, y-a pé feito foise ó zuruxano,  
 que o viu, e dispuxo  
 o mesmo qu' ás bestas, abrirlle un sedazo.

A Coba de Lobo  
 pra ver si o curaban tamén o levaron;  
 alí tres Marías  
 n-a pena furada tres veces pasárono.

Por si acaso fose  
 o ramo cativo, ¡non era mal ramo!  
 á San Pedro martir  
 duas vellas con moitas ofertas levárono.

Co' a probe criatura  
 correron o antroido, fixeron o diaño,  
 os pais, os vecíños,  
 a espaldas d'a cencia, y-en nome d' os santos.

Con tales securas  
 morreu consomido, viviu desecado,  
 un ser c' o que poido  
 o yodo con ferro facer o milagro.

¡Pra tan negros crimes  
 xusticia d'a terra non ergues cadalso!  
 ¡Non sólo n-os corpos,  
 tamén n-as concencias está o tangaraño!

{EY, BOY, EY!

Car' a vila de Monforte  
camiña Xusto de Alén,  
diante d' un carro de mollos  
que vai á feira vender;  
os bois turran con traballo  
por mais de que os tangue ben  
pois van rubindo unha costa,  
qu'inda pra rubila a pé,  
teñen os homes un pouso  
n-os comenzos que facer;  
e namentres que os bois turran  
e renxe o carro, o d' Alén,  
berrando de cando en cando  
«{ey, boy, ey!»  
vai axustando as suas contas,  
que nunca lle saen ben,  
por mais que as bota ó seu xeito  
como vandes a saber:  
«Nantronte ó brincar un balo  
estordegóuselle un pé  
ó meu fillo mais pequeno;  
onte paríume a muller;  
estou chamado a xuicio  
pr' os derradeiros d' o mes;  
debo dous anos de renta  
ó fidalgo de Sober;  
o preito c' o meu compadre  
fallouno en contra o xuez;

teño que pagar us piques  
 d' a botica que levei,  
 os rédetos de dez pesos  
 que m' emprestou don Manoel,  
 o trabuco de consumos,  
 o d' a sal, e mais non sei  
 cantas outras picalladas  
 que me trán a mal traguer;  
 c' os vinte centos de mollos,  
 (son vinte, conteinos ben),  
 que van n-o carro cargados  
 y-á feira levo a vender,  
 a duas pesetas o cento,  
 oito pesos collerei.

¿E co' estes cartos que fago?  
 Si cumpro c' o meu deber  
 y-a pagar empezo... ¡adiós!  
 vánseme n-un *santiamen*,  
 e si co' eles vou mercar  
 centeo pra nos manter,  
 vén a xusticia a embargarme...  
 Válame Dios, ¡que farei!  
 ¡Ay pol-as que pasa un probe  
 co' as obrigaciós que tén!  
 Mais... ¡cala! ¡Paroume o carro!  
 ¡Ey, boy, ey!

O fillo maor que tiña,  
 era bo mozo abofé,  
 e n-o precural-as terras  
 axudábame por dez;  
 aquel fillo, ¡mal pocado!  
 foi ó servicio d' o rey,  
 e mandárono pr' o Norte  
 o ano satenta e tres,  
 cando os calristas en guerra  
 andaban pra porno rey,  
 como si nós non tivésemos  
 un xa, que nos chega ben:  
 n-a promeira aución que tivo  
 seic' o día de San Miguel,

n-un que chaman Montexurra  
ou monte de Lucifer,  
caíu o probe ferido  
d'un balazo n-unha sen;  
d'alí levárono a Oteiza,  
onde o probe foi morrer  
n-un hospital esquecido,  
como morren os ningués,  
e cal si pais non tivera  
que a vida disen por él.  
Van pasados nove anos,  
día por día, mes por mes,  
e inda os ollos se m' engradan,  
e inda sinto remexer  
non sei que delor n-o esprítu,  
e no corazón non sei  
que sentementos extranos,  
que me fan, sin eu querer,  
dar agarimo a xenreiras  
que non son d' homes de ben:  
inda ó escoitar os salayos  
que a miña infeliz muller  
da, sempre que o morto fillo  
á memoria se lle ven,  
salayos, fondos, muy fondos,  
e mais amargos qu' a fel,  
queixas d' un alma doorida  
que outros consolos non tén  
mais que pensar n-o seu fillo  
e pedir a Dios por él,  
danme, sin sabelo, antoxos  
d'unha arrautada facer,  
pra me vengar d' os aldraxes  
que ós probes lles fan as leis,  
pra castigar esos crimes  
que non teñen mais xuez  
que Dios, nin outros testigos  
que os que en sacreto croel  
son d' eles viútimas sempre  
e calan hastra morrer.  
¡Ay d'os mártires sin nome,

sin coroas de laurel!  
 ¡Ay d' aqueles que non chegan  
 o esprandor d' a groria a ver!  
 ¡Ay d' o coitado paxáro  
 que nin áas nin niño tén!  
 ¡Ay d' o mísero labrego  
 qu' está condenado a ser  
 un escravo d' o traballo  
 precurando alleos bés,  
 pra loitar sempre co' a fame  
 como non loita ninguén!...  
 ¡Ay pol-as que pasa un probe!  
 ¡Vállame Dios, como ha ser!  
 Pacencia, moita pacencia,  
 co' as obrigaciós que un tén...  
 ¡E volta a parar o carro!  
 ¡Ey, boy, ey!

Que somol-os homes libres  
 vin escrito n-os papés,  
 que temos iguás dereitos  
 diante a xusticia y-a ley;  
 que os ricos son com' os probes  
 n-o tocantes a valer,  
 poil-os homes non se xuzgan  
 pol-as riquezas e bés,  
 sinon pol-o seu talento  
 e pol-a sua honradez,  
 non marra que o que lle poñen  
 din os xuncras d' os papés,  
 pol-o demais... ¡vaiche boa!,  
 todo pol-a contra é,  
 porque o rico gasta e trunfa,  
 y-o probe que nada tén  
 morre n-un curruncho á mioca,  
 ou adoece de se ver  
 esquecido pol-o mundo  
 sin que o aloumiñe ninguén.  
 Ponse un ladrón de lanvita,  
 e criminal como é,  
 alcontra quen-o agasalle,

quen lle fale con pracer,  
 e téñeno por fidalgo  
 e chámanlle de vosté;  
 mais, vai un labrego á vila  
 co' a chaqueta d' o rivés,  
 pol-a mor de conservala  
 porque outra millor non tén,  
 e non dispón de diñeiro  
 pra mandar outra facer,  
 pois o traballo non loce  
 e gracias a que o mantén,  
 y-os pequerrechos d' a escola  
 corren berrando tras d' él,  
 y-apúpano com' un lobo,  
 e non podéndoo morder,  
 póñense os cas a ladrarlle  
 co' a maor desfachatez,  
 cal si os cadelos soupesen  
 que n-o mundo ó que non tén,  
 hay que tratalo a baqueta  
 y-aldraxalo sin temer.  
 ¡Ave María de gracia  
 o que ás mentes se me vén!  
 ¡Que cousas un pensa ás veces!...  
 ¡Bruxas fora! ¡San Andrés!  
 E co' estas melanconías  
 estraido e sin saber,  
 ¡min que me vise unha fada...  
 paroume o carro outra vez!  
 ¡Tó, marello! ¡Anda, xubenca!  
 ¡Ey, boy, ey!

Estou xa preto d' a vila,  
 renxe o carro e renxe ben,  
 turran os bois canto poden  
 e muy logo chegare;  
 vou darrle enxabón ós eixes  
 pra que deixen de renixer,  
 porque sinon, Xusto, pagas,  
 a multa que puxo a ley,  
 e non estás pra soltare

os cartiños que non tés:  
 vou untar o carro eixiña  
 porque á vila xa se ve;  
 virán logo eses miñatos  
 que o que un trai veñen a ver,  
 e pidiránme o trabuco  
 y-as cadelas soltarei:  
 paguemos o de xusticia  
 que non é pouco facer;  
 mais, ¡ollo, Xusto! e ten tino  
 que non ch' esbaren os pés;  
 entra c'o teu carro untado,  
 que non-o sintan renixer,  
 a modiño, caladiño.  
 ¡Xo, marelo! ¡Xa acabei!  
 Teñen enxabón os eixes,  
 roda o carro e roda ben,  
 roda n-as lousas d' as ruas  
 e sin barullo meter:  
 botarme multas non poden,  
 pois fago o que manda a ley,  
 tan sabida, que non deixa  
 ós labregos remexer.  
 Camiño d'a feira voume,  
 d'os promeiro chegarei,  
 dareille ás benditas ánemas  
 doux cartos si vendo ben,  
 e si cerro axiña o trato  
 doulle un mais e xa son tres.  
 ¡Ay pol-as que pasa un probe  
 co' as obrigaciós que tén!  
 ¡Como a cabeza traballa  
 pra xuntar pra se manter!  
 Estou n-o campo d'a feira.  
 ¡Gracias a Dios que cheguel!  
 Agora non pára o carro;  
 maus ó nagocio, a vender.  
 ¿Quén merca un carro de mollos?  
 ¡Ey, boy, ey!

## A FESTA DE SAN WINTILA


Formiguean os romeiros  
n-os vagós, o tren subía,  
e sai a locomotora  
centeleando muxicas:  
o móustro de ferro alanca  
pol-os railes d' a via,  
nubes de fume deixando  
como estela fuxitiva  
pol-os aires, que se perden  
aló enriba, muy enriba,  
y-a borbollós pol-as bocas  
de vez en cando gomita  
encandescente mistura,  
auga quente, vapor, cinsas.

Os romeiros n-os vagós  
con pracer e con legria,  
cantan copras, aturuxan,  
ou ben pol-a caladía  
van acomodo buscando,  
os mozos y-as raparigas.  
A férrea serpente chega  
a Barbantes; asubía  
de novo, e rosmando ronca,  
deténse cal si a feriran.

Os romeiros a barullo  
d' os vagós y-a presa brincan

e como poden, en runfla  
de car' a Punxín camiñan.  
Foguetes de tres estralos  
qu' estrondan n-o aire a porfía,  
cregos que cantan n-a eirexa  
a mais solene d' as misas,  
devotos qu' entran e saen,  
campanas que repinican,  
cegos que a zanfona tocan  
entoando as suas copriñas,  
n-as que ós santos chaman demos,  
ánxeles ás Mesalinas,  
e fidalgos ós coachas  
e lapidantes d' a vila;  
maridos que levan cestas,  
nenos que mercan rosquillas,  
cortexos aparexados,  
solteiras postas en ringla,  
casados novos e vellos  
que conversan e latrigan,  
fato de mozos que andan  
de riola n-a romaría;  
santeiros que a puxas venden  
os lacós, millo e galiñas,  
que ó santo en ofrenda deron  
devotos d' aldeas e vilas;  
merendas pol-o agro adiante,  
o viño en xerras e pipas,  
pulpo en pratos e caldeiras,  
comida, moita comida;  
probes que piden a berros  
lles den unha limosniña;  
moitos lañas xa c' o viño  
que á cabeza lle rubira  
armando c' os mais quimérias  
acamballados co' a chispa;  
dous que promoven un lío,  
outros dous que acolá rifan,  
a garda civil poñendo  
as paces c' as carabinas;  
larpadelas pol-a nova,

comilonas pol-a fina,  
parexes que por querer  
vanse perdendo de vista,  
fillas que fuxen d' os pais,  
pais que se velan d' as fillas,  
primos que ll' están facendo  
a rosca d' o galo ás primas,  
e sin que ningún os vexa  
agasallallas cobizan  
pol-a mor d' o parentesco  
e pol-o amor á familia;  
mozos que lén de corrido  
e que saben a cartilla,  
facendó eses n-o aire  
e n-a terra xeometría;  
a gaita que soa de lonxe,  
a murga que condanida  
dando pitadas abouxa  
ás xentes menos artísticas;  
pandeiretas que se tocan,  
són de ferros, e cunchiñas,  
enxordecentes atruxos,  
algús morras, moitos vivas,  
un xentío en movemento,  
unha ciudá n-a campía,  
pol-as carballeiras moitos  
cadros vivos e realistas:  
tal vos é todol-os anos  
a festa d' o San Wintila.



## AMOR SIN NOME

Morreulle a Brás unha nena  
garrida como unha fror;  
as crenchas d' os seus cabelos  
esprandecían ó sol;  
tiña n-as meixelas rosas,  
coral n-os labios, n-a voz  
vagas cadencias de múseca,  
gorxeos de reiseñol;  
era un ánxel, un capulo,  
privilexada creación;  
era luz, groria, legría,  
n-a chouza d' o labrador.  
Viu Brás agoniando á filla,  
e viuna morta dempois,  
sin ter n-os seus ollos vagoas,  
nin ayes n-o corazón  
pra se doer d' o infortunio,  
soportouno con valor,  
c' un heroísmo de mártir,  
facendo esta refleusión:  
«Pra morrer vimos ó mundo...  
pacencia, mandouno Deus.»

Morreulle a Brás unha toura  
que tiña en estimación,  
pois xa lle dabán n-a feira  
onza e media, e non-a dou;  
a rés era d' as variles,  
en medrar era un primor,

¡péza de gando com' ela  
 non se viu, nin se criou!  
 ¡ós seis meses xa pensaba  
 o tio Brás botala ó boy!  
 Cando a mala nova soupo  
 entroulle tal afriución  
 que as maus levou á cabeza  
 e como un neno chorou.  
 «¡Mália a miña sorte moura!  
 —cramaba con ronca voz.—  
 ¡Vállame María Santísima!  
 ¡Toura do meu corazón!  
 ¡Maldito de cote sea  
 o valo que te matou,  
 que cantos por él avanten  
 non alcontren salvación!  
 ¡Ay! ¿Qué vai a ser de mí?  
 ¡Toleo, perdido estou!»  
 Doéndose algús veciños  
 d'as coitas d'o labrador,  
 pra consolalo dixéronlle:  
 «Home, ten resinación  
 e fai por te conformares  
 co'a voluntá d'o Señor.»  
 Oindo tales palabras  
 ergueuse, un terno botou,  
 e mirando car' os ceos  
 relaxado c' o furor:  
 «¿Que me console d'a perda?  
 dixo, ¡non, cen veces non;  
 xa non hay pra min consolo,  
 non me lembredes a Dios!»

## CHORAR POL-O QUE SE FOI

¡Recordos d'a mocedade  
agora que vou xa vello,  
por fada ou por bruxería,  
espertan n-o pensamento!  
Inda parés que foi onte...  
¡E como se vai o tempo!  
Era pol-o mes de Mayo,  
n-o mes mais frorido e ledo,  
n-os picoutos d' as montañas  
o sol íbase poñendo,  
arrendeábanse as follas  
movidas por maino vento,  
e como si citas disen  
pra un dolcísimo concerto,  
os paxariños n-os álboreas,  
y-os grilos entr' os centeos,  
en loita os aires enhíchan  
de marmullos e d' acentos.  
Eu era mozo ¡que mozo!  
forte com' un castiñeiro,  
ela, unha moza ¡que moza!  
o mirala daba xenio,  
pois eran estrigas d' ouro  
as trenzas d' os seus cabelos.  
Veira d'a fonte d' aldea,  
coberta por ameneiros,  
os dous soliños topámonos,  
sin pensalo nin sabelo,  
e como a meiga d' o amor

tifámol-os dous n-o peito,  
 ela sin pestanexar,  
 y-eu sin poder estar quedo,  
 puxémonos de parola  
 botando este parrafeo:  
 —¿Tí seica m' atentas, Calros?  
 Acouba un pouco, trasfego.  
 —Xa che dixen, Sabeliña...  
 —¡Uy, que diaño, estate quedo!  
 —Que m' estás facendo cóxegas  
 co' esos ollos churrusqueiros:  
 —¡Volta e dalle! ¡Ten xuicio!  
 ¡Vaya... arrenégote demo!  
 —Heiche de contar un conto...  
 —Pois vaillo contar ó crego.  
 —Heiche regalar un pano  
 y-un manifeco mantelo.  
 —Regálallos á Farruca,  
 qu' eu pra min, teño goberno.  
 —Déixate querer, xoíña...  
 —Xa che dixen que non quero.  
 —Pois que queiras que non queiras...  
 —¡Ay, Calros, olla que berro!  
 —Sendo antoxo, por min berra;  
 faino, que perdes o tempo.  
 —¡Seica toleas!  
 —Quen sabe;  
 pois arrautadas, ter, teño.  
 —¡Que che bato c' unha pedra!  
 Non pois... ¡cóllesme de xenio!  
 —Por mais que fales e fagas,  
 Sabeliña, non te deixo.  
 —¡Ay que bule-bule d' home!  
 Tira d' ahí, posme medo.

.....

O que dempois sucedeu,  
 agora non-o relembro;  
 o maino soprar d' a brisa,  
 o doceísmo concerto  
 d' os paxariños n-os ábores,

d' os grilos entr' os centeos;  
a luz d' o sol que morría,  
a fontela, os ameneiros,  
a meiga ou bruxa d' amor  
que anifiábamos n-o peito,  
non sei como foi, non sei  
que con nol-os doux fixeron,  
que nos esbaímos xuntos  
como si nos dise un vértego.  
O que non m' esquece nunca,  
o que n-a memoria teño,  
é que a pouco de sair  
d' aquel esmorecemento,  
ela díxome chorosa,  
limpando os ollos c' os dedos:  
—Díxencho, e volvo a decircho,  
Calros, «non quero, non quero».

100  
volumen que dura a la vista de  
los ojos de los que lo leen  
y no se pierde en el tiempo  
que dura a la vista de los ojos  
de los que lo leen. Los que  
lo leen no se pierden en el  
tiempo que dura a la vista de  
los ojos de los que lo leen.  
Los que lo leen no se pierden  
en el tiempo que dura a la vista  
de los ojos de los que lo leen.  
Los que lo leen no se pierden  
en el tiempo que dura a la vista  
de los ojos de los que lo leen.  
Los que lo leen no se pierden  
en el tiempo que dura a la vista  
de los ojos de los que lo leen.

## SECUENCIAS D' O VIÑO

'O sair d' a misa  
d' a misa d' o galo,  
foi pr' a casa chispo  
Xacobe d' o Pazo.  
Por eiquí me ergo,  
por alí me cayo,  
ás apalpadelas  
chegou hastra o patio.  
Chamou, non ll'oubiron,  
e desespranzado,  
tan longo com' era  
deitouse sin ánemos,  
e quedouse aixiña  
durmindo e roncando.  
Pasou d' ali a pouco  
o señor pedáneo,  
e póndose á espreita,  
dixo pr' o seu sayo:  
«Ladrós eiquí andan,  
collinos n-o allo;  
fágome hoxe célebre  
ou nunca me fago.»  
Enristrou a vara,  
tocou un silbato,  
mozos acudiron,  
un, outro, tres, catro,  
e xuntos, de súpito  
n-o corral entraron.  
Inda ben un d' eles  
non dira dous pasos,

tembrando c' o medo  
 com' un azougado,  
 cando os pés n-o corpo  
 puxo d' o borracho:  
 «¡Un morto, señores!  
 berrou tatexando.  
 ¡Un morto! ¡Que crime!»  
 Xacobe d' o Pazo,  
 mais morto que vivo,  
 e todo asustado,  
 ergueuse de presa  
 mais listo que un galgo,  
 y-ó erguerse, berraba  
 com' un condanado:  
 «¡Veciños, socorro...  
 ladrós n-o meu patio!»  
 Chegaron mais xentes,  
 armouse un escándalo,  
 ninguén s' entendía,  
 e chispo, e pedáneo  
 veciños, mulleres,  
 todos s' agarraron  
 sin dárense conta  
 d'a causa d' o caso,  
 hastra que o causante  
 Xacobe d' o Pazo,  
 facendo un esforzo  
 que foi n-él milagro,  
 dixo en voz solene:  
 «Haxa paz, ¡carafio!  
 oubíndeme, calma,  
 qu' equí son o amo:  
 nin ladrós nin morto  
 hay n-este cotarro;  
 son eu, amiguíños,  
 que dous medios tragos  
 botei á maiores  
 de viño cristiano,  
 ó sair d' o xuncras  
 d'a misa d' o galo.»

### A ALDEA

N-o medio d' un souto, ó pé d' unha serra,  
n-a cume d' un monte, n-o fondo d' un val,  
co' as chouzas de seixos telladas de colmo,  
están as aldeas, o mundo rural.

Por riba d' as casas, a torre d' eirexa  
destácase airosa mostrando unha cruz:  
abaixo, tristuras, miserias e loito,  
n-os ceos, feitizos, espranzas e luz.

N-o burgo de cote co' a fame loitando,  
están os labregos rabeando de bós,  
escravos que levan o nome de libres,  
que viven n-o inferno rezándolle a Dios.

Fozando c' o sacho n-a costra d' a terra,  
soportan os fríos, a chuviá y-o sol;  
a ley d' o traballo que rixe pr' os probes,  
ós nados n-aldea colleunos n-un rol.

Alí com' os corpos, o espiritu esmorece,  
sin outros alentos que a superstición;  
os mortos, as bruxas, os trasnos, as meigas,  
seus dioses penates, seus númenes son.

Fanáticos, chámanlle á cencia herexia,  
ó xenio loucura, grandeza ó poder,  
valor á osadía, ó medo pacencia,  
á usura comercio, vergonza ó non ter.

De labios afora renegan d' a curia,  
 mais pr' os seus istintos tén tal atraución,  
 que, como as serpentes fascinan ós páxaros,  
 atrainos e failles perder a razón.

Non terán botica que dar ós enfermos,  
 famentos, en coiro, d' arrastro andarán,  
 y-en preitos, partixas e xuicios verbales,  
 derreten os cartos que forran de pan.

Alí, os caciques engordan e chegan  
 a ricos, sin teren nin rentas nin bés,  
 namentras o triste maestro d' escola,  
 un ánema en pena de fraco parés.

Alí non pensedes hachar agarimo  
 si apóstoles sodes d' algún ideal,  
 a inmóvre rutina secou os celebros,  
 y-a cega iñorancia xunguíunos ó mal.

'O ver as coitadas mulleres histéricas  
 que coidan o demo n-o corpo manter,  
 e tidas por bruxas e meigas chuchonas  
 a vellas que honradas deberan de ser.

'O ver pol-os montes d' o gando en compañía  
 ós nenos, sin roupa, sin pan e istrución,  
 sinte un pol-as xentes que viven n-aldea,  
 tristura, vergonza, commiseración.

¡Alí todo é triste! O arrolo d' as auras  
 semella entr' as chouzas doído xemer,  
 salayo n-o souto, un grido n-o monte,  
 n-o val unha queixa que vai a morrer.

As notas d' a gaita que ri c' o punteiro  
 e chora c' o ronco, paresce que son  
 risadas de tolo n-as ledas romaxes,  
 agoiro n-as runflas, n-as bodas risión.

As vacas muxindo, balando as ovellas,  
os cas a ladraren, son tristes tamén,  
y-o canto d' os galos pol-a media noite,  
un deixo d' angustias insólitas tén.

¡Alí todo é triste! Os testos de albahacas  
que as mozas costuman poñer n-os balcós,  
as herbas parecen d' algún camposanto,  
y-as chouzas desertas, de mortos mansiós.

¡Alí todo é triste! N-o inverno as nevadas,  
en branco sudario convirten o chan,  
y-os lobos famentos que ousean n-o monte,  
as longas veladas mais fúnebres fan.

N-as tardes d' outono frotando n-as brétemas  
parés que unha fada fatídica vai,  
pois faise a morriña mais fonda n-o espiritu,  
mais triste o desterro d'a vida se fai.

N-o vrau o pedrisco que as nubes descargan,  
os agros arrasa y-o froito en sazón,  
y-os regos ruxentes qu'inundan a veiga,  
estenden n-os eidos a desolación.

¡Ay míseros, probes, coitados labregos  
qu'están n-as aldeas rabeando de bós...  
escravos que levan o nome de libres,  
que viven n-o inferno rezándolle a Dios!

1859, in coastal California to as far  
as San Francisco, and is found in the  
coastal areas along the coast of Oregon and  
the California coastline to points as

far south as San Diego, Mexico (Baird).  
This is a very common owl to the  
desert floor, especially in the arid or  
semi-arid areas of the Colorado Plateau.

It is a large owl with long tail and  
long wings, which are rounded and  
extending well beyond the tail, giving it a  
very distinctive appearance.

This owl is often seen flying about  
at night over open fields and in the  
desert areas of the Colorado Plateau.

It is a large owl with long tail and  
long wings, which are rounded and  
extending well beyond the tail, giving it a  
very distinctive appearance.

This owl is often seen flying about  
at night over open fields and in the  
desert areas of the Colorado Plateau.

## DE MAGOSTO

Tardar, afellas tardamos,  
pro cumprimos a palabra  
que doux anos fai nos déramos  
eu e Xan, e Luis d' as Laxas,  
de facermos un magosto  
os tres xuntos, n-a solaina  
d' a casa qu' herdou d' un tío  
que morreu aló n-Habana.  
Fixemos o longo viaxe  
en doux burros sin albarda,  
con mais fame que un maestro  
e c' unhos corpos d' espátula,  
c' os que si bestas non fosen  
poideran pasar por ánemas.  
Traballíños que pasamos,  
non son pra ditos, caráspeta;  
n-as ladeiras d' o camiño  
ó ventaren unha palla,  
botábanse a ela de súpeto  
como os mozos ás rapazas;  
ó turrarllés d' o ronzal  
era andar ás musarañas;  
moitas veces por prantárense  
dáballes con pouca lacha,  
e quedábanse cravados  
como si fosen estacas;  
nós, á apearnos, e eles,  
rexos, fixos como estáutas;  
nós, á turrar pol-a corda,

y-eles sin mover as patas;  
fixemos un viaxe os catro  
¡un viaxe, que vaya, vaya!  
Eu e Xan, que somos dous  
labradores de polaina,  
non poídemos c' os dous burros  
n-a condanida xornada,  
y-eles, como dous menistros,  
(enténdase fora a y-alma)  
chegaron ó pé d'a porta  
d'a chouza de Luis de Laxas,  
e nós chegamos suando  
e feitiños unha lástema,  
pol-o qu' inda temos dúbidas,  
qu' espomos por si s' acraran,  
si os burros fumos nosoutros  
y-eles os xinetes, ¡rábecha!  
Agasalleiro e fidalgo,  
qu' eso xa lle vén de casta,  
tratounos como dous príncepes  
a viño, pan e talladas,  
e puxémol-os estómagos  
acugulados de gana;  
vamos, qu' enchantas d'aquellos  
agora poucas se cazan.  
Pol-a tarde ó monte fumos  
con moita verba e mais cháchara  
a facermos o magosto,  
indo n-a nosa compañía  
tres nenas como tres soles,  
feituquiñas, coloradas,  
c' unhas cariñas de rosa  
y-unhos cabelos de fada,  
y-unhos ollos como estrelas,  
y-unhos lábeos como a grana,  
y-unhos dentes como a neve,  
y-unhos arrolos de páxaras,  
o demo y-a nai d' encantos  
c' os que as mulleres encantan,  
e que lles empresta o demo  
pra nos tentar e tentalas,

e pra nos botar de perda  
hastra collernos n-a trapa,  
e xungirnos ó pESCOZO,  
esa corda, esa cARRANCA,  
que por algo lle chamaren  
o matrimonio lle chaman.  
Como cabritos brincando  
iban as tres pol-a braña,  
corrían como os coellos  
sin arroparar n-as matas,  
e nós, pousoś como bois  
e co' esta nosa cachaza,  
ibamos como calóndrigos  
graves detrás d' as rapazas:  
eu fixeime n-unha d' elas,  
era moreniña e guapa,  
e como os ollos botándolle  
a unha non se m' escapa,  
dixen contra o meu chaleque:  
«Hoxe tóupame a castaña.»  
Chegamos ó monte, todos  
andivemos ás carrachas,  
ás foupas, ós garabatos,  
pr' axuntar leña de rabia;  
a moreniña d' o conto  
quedar atrás non quedaba,  
pois lixeira como a pólvora  
colleu foupas a brazadas  
y-ela sola fixo un feixe  
así de alto... de oito cuartas;  
abriuse unha focha fonda,  
botaron n-ela castañas,  
leña púxose por riba,  
prendéuselle lume, e ¡ala!,  
armouse unha labareda  
como si ardese a montaña.  
¡Ay que calor abafante!  
Ali non se vos paraba,  
y-a moreniña morena,  
por entre as longas pestanas,  
con mala intención chiscándome

os ollos, tales miradas  
dirixíame d' esgueira  
que cuáseque me queimaban;  
o dito xa non tén volta.  
hoxe tóupame a castaña.  
C' o calor d' a labareda  
tinguiánse d' escalrata  
os craveles d' o seu rostro,  
e tan churrusqueira estaba,  
tiña unha cara tan leda,  
e tan linda e tan simpática,  
que dera por non ser home  
n-aquela hora ¡caráspera!  
eu non sei o que daría,  
quedariáme sin nada.  
¡Ay, pasei unhos sofocos!  
¡que sofocos, Santa Bárbara!,  
d' aquel sono feiticeiro  
ou d' aquel estar en Babia,  
de súpeto despertoume  
o toupar d' unha castaña;  
¡risas como estonces houbo!  
reíronse as tres rapazas,  
reíronse os dous compadres,  
y-eu tamén rín, anqu' estaba  
mais que pra rir, adoecendo  
por facer unha arrautada.  
¿Non-o dixen? vai de certo,  
hoxe tóupame a castaña;  
y-o mesmo que os tres estralos  
as d' o magosto toupanban.  
Dempois apagouse o lume,  
y-elas co' as maucifías brancas,  
a modo por non queimarse,  
foron collendo as castañas,  
y-escomenzaron de présa  
e bulindo a debullalas;  
mais tarde a comer puxémonos,  
e como corria a xarra,  
e como a sede era moita,  
y-os tragos arreo baixaban,

fóronden pondo as cabezas  
 pol-o xeito d' as cabazas,  
 c' o rechispeante viño  
 que non tiña pinga d' auga;  
 y-a moreniña morena,  
 que c' os ollos m' atentaba,  
 mirándome fito a fito  
 e con cariña de páscoa,  
 con voz mintireira e dóce  
 e con moitisima lábia,  
 díxome: «Vaya, ¿que fai?  
 tome, colla esa castaña.»  
 ¿Vichedes outra com' ela?  
 ¡Ora o diaño! ¿seica é parba?  
 Non satisfeita con porme  
 como quen dí sobre d' áscuas,  
 non contenta con volverme  
 tarumba co' as suas olladas,  
 pra mó ultraxe d' un home  
 ó cabo diume a castaña;  
 ¿que había facer? collinlla,  
 tragueina como se traga  
 unha roda de muíño,  
 ou unha píldora amarga,  
 pro sin notar que m' a dera,  
 sin roparar que a tragara  
 dixen pra min outra vez:  
 «¡Hoxe tóupame a castaña!»  
 A noite foi vindo, vindo  
 con nubes mouras e pardas,  
 e nós tamén xuntos fumos  
 indo de volta pr' as Laxas;  
 os homes que ben bebéramos  
 andábamos cuasque a gatas,  
 porque non tiñamos ánemos  
 pra saltar valos e zanxas,  
 e como a noite era escura  
 e tiñan medo as rapazas,  
 iban a caron de nosco;  
 mais alcontrándose cansas,  
 onde poideron as tres

sentáronse á confianza,  
unha baixo d' un pendello,  
outra n-unha pedra baixa,  
y-a morena foi sentarse,  
fuxindo d' a caravana,  
drento d' unha caracocha  
que un castiñeiro formaba.  
¡Xa! ¿querendes saber mais?  
pra saber... a Salamanca.  
Non a todolos magostos  
se vai por comer castañas.

## DE CORPO PRESENTE

### I

De resultas d' achaques xa vellos,  
Xoquín de Marcelle  
acamou, e varado e queixándose  
pasou catro meses.

Os nemigos que tiña n'aldea  
en vez de doerse  
d'a desgracia, decían sourrindo:  
— ¡Bó! Pouco se perde.—

O veciño de porta con porta,  
Sidoro d' Alberte,  
a quen quixo poñer en xusticia  
c'un preito duas veces,

foi pior, porque dixo con sorna  
falando entre dentes:  
— Si me cadra, heino ver cando estea  
de corpo presente.—

Pol-a neta enteirouse o tolleito  
d' os ditos d' as xentes:  
— Eso dín? — escramou — ¡Ay netiña,  
pois sinto que pequen!

Pode ser que se vayan de diante  
algús, si Dios quere,

e, si van, hei gastar cinco pesos  
en gaita e foguetes.

—¿Conque dín esas cousas? Pacencia,  
non hay que facerlle:  
¡Ogallá que se vexan d' arrastro,  
mal demo ch'os leve!

## II

A levarlle o viático foron,  
e crego e feigreses  
achegáronse ó leito d' o triste  
Xoquín de Marcelle.

Asustado pra todos miraba  
y-o bobo facéndose:  
—¿Como dín? —respondía ás perguntas —  
estou xordo, berren.

—¿Perdonades ós vosos nemigos?  
—¡Ay, non se molesten  
amantiños de Dios... non lles oyo  
por máis que me berren!

—¿As xenreiras d' o mundo esquecendo  
contrito morredes?  
—¿Como dín? ¡Ay, Asús, que disgracia!  
non oyo, dispensen! —

Vendo o cura que o enfermo non daba  
resposta conteste,  
as preguntas deixou, e dispúxose  
a unción a poñerlle.

O animeiro, que venta os difuntos  
com' un can as lebres,  
dixo en tono de *requiem eternam*:  
—Un morto *me fecis*.


Cal run run apagado de rezos,  
algunhas mulleres,  
—d' esta noite—dicían—non pasa,  
está com' á neve.

## III

O animeiro y-o abade marcharon;  
dempois foise a xente,  
e soliño quedouse co' a neta  
Xoquín de Marcella.

Libre xa de noxosas visitas  
sintfuse valente,  
y-escramou:—¡Ay netiña, si podes,  
axúdame á erguerme!

Alá van eses malos veciños,  
¡mal demo ch' os leve!  
¡solo sinto morrer por non velos  
de corpo presente!



## CARTA SIN FRANQUEO

Meu estimado Farruco,  
mándoche esta carta aberta  
porque vai por mau d' amigo,  
por aforrar as cadelas,  
porque non caya n-as uñas  
d' os corvos d' as estafetas:  
tres ventaxas que c' un sello  
non se teñen, abofellas.  
Disme que che conte as novas  
que hoxe pasan pol-a aldea,  
que che fale de si o millo  
prende ben e moito medra,  
si os nagocios van a remo,  
si rende cal n-outras épocas  
poñer o diñeiro a logro  
e dar as vacas a medias;  
si as trécolas d' a política  
un pouco millor gobernan;  
si temos hoxe un alcalde  
que sentido común teña;  
si os rexidores deixaron  
d' andaren ás larpadelas,  
e si o médeco d' os probes  
que cobra unhas mil pesetas  
por asistir a douscentos,  
cumple c' o cargo a concencia:  
¡pra un labrego d' os mais rudos  
moitas perguntas son esas!  
Pro como sempre cobizo

darche gusto cal desexas,  
anque me custe traballo,  
farei de modo e maneira  
que a tua curiosidade  
quede axiña satisfeita.

Direiche, pois, meu amigo,  
que hoxe pol-a nosa aldea  
fanse ricos ó galope  
os que contan con pesetas  
pra poñérenas a rédetos  
e pra ter vacas a medias.  
¡Maxina o que ganarán  
cando por dez pesos levan,  
dous que lle quedan n-as uñas  
ó ter a obrigación feita,  
e seis que se cobran cando  
se fai a conta d'a deuda,  
a maiores d'as galifías,  
d'as patacas, d' a manteiga,  
d'as fabas, d'os garabanzos  
e mais d' outras meudencias  
que pol-o ano adiante pingan,  
pra que o señor non s'ofenda  
e non prante n-o Xuzgado  
algunha demanda en regra.  
Houbo algúin, e non che minto,  
qu'en tres anos n-esta angueira  
con un capital cativo,  
chegou a facer riquezas,  
soilo encabalando os rédetos  
acabalo d'a probeza;  
e pr'esta casta de xentes  
non che valen retranqueiras  
pois atan muy ben os cabos  
pra que non haxa diferencias,  
e poñen n-as escrituras  
un tornillo en cada letra,  
y-unha corda n-o pescozo  
d'o infeliz a quien emprestan  
e si te após n-a xusticia  
e por mais que razón teñas,

non sei que mil xuncras fan,  
non sei como se gobernan,  
que a eles danllas a razón  
y-a tí co' as costas te deixan.

Os nagocios d' a política  
o demo que ch' os entenda,  
qu' eu por moito que cavilo,  
por mais que trayo a cabeza  
com' unha devanadoira,  
dándolle volta ás ideas,  
canto mais penso, mais parbo  
eu voume volvendo apresa,  
e si burro era dinantes,  
agora paso de besta:  
figúrate, meu amigo,  
que caste de xente é ela,  
e cal serán os políticos  
que barullan pol-a aldea,  
que sempre están n-o poder  
como reises n-unha cesta,  
e fuxen d' a oposición  
cal si fose unha centella:  
pol-o xuncras d' a política  
andámosche os de monteira  
revoltos como nemigos,  
e vense tantas xenreiras,  
que mais que veciños somos  
famentos lobos d' a serra.

O médeco qu' eiquí temos  
encargado d' asistencia  
d' os enfermos probes, eche  
com' unha estátua de pedra;  
c' o gallo de que non cobra  
inda pra manter a besta,  
e porque tén solamentres  
de dotación mil pesetas,  
coidase mais que d' os probes  
que pol-a alcaldía enferman,  
d' os ricos qu' están enfermos  
n-as alcaldías alleas;  
e si algúnt fraco servicio

n-este mundo nos empresta,  
é darnos o pasaporte  
cando morremos, pr' a terra.  
N-o tocantes ós traballos  
d'a labranza ¡Santa Tecla!  
eses médranche a barullo  
como as ortigas n-as leiras:  
traballos faltar non faltan,  
pro en chegando ás recolleitas,  
por dez graus que sementamos  
collémosche ducia e media,  
si acaso non cae d' as nubes  
o pedrisco d' as tormentas,  
que se volve n-estes días  
de pedrisco ¡Asús! en pedra,  
que acabou c' os sementados,  
que podou de balde as cepas,  
que botou abaixo chouzas,  
que fendeu todal-as tellas,  
qu' esgazou todol-os álboreos,  
que arrasou todal-as terras,  
que nos deixou á mioca  
mirando, e co'a boca aberta.  
Con mal caris este ano,  
Farrueo, se nos presenta;  
xa vexo rodando a fame  
pol-as portas d' as aldeas;  
xa estou vendo qu' imos ter  
o aire por recolleita,  
e que o mesmo que n-os muros  
xa vellos, nacen as edras,  
vannos nacer ós coitados  
labradores de monteira,  
tearañas n-o ceo d' a boca,  
coucelos n-a faltriqueira.

Tales son todal-as novas  
que hoxe pasan pol-a aldea,  
novas que xa pra nosoutros  
se foron facendo vellas.  
Entramente, saudiña,  
*Martiño de Pardevedra.*

POR MOR D' UNHA CAPA

Eran Farruquiño  
e Marica Xuana,  
él, cumprido mozo,  
ela, unha rapaza  
tan xeitosa e linda,  
virxinal e cándeda,  
que pra ser un ánxeo  
faltábanlle as alas:  
él, unha monteira  
muy repinicada,  
chaqueta de pano,  
chaleque de grana  
e calzós de rizo,  
e camisa branca,  
a festas e feiras  
de cote levaba:  
ela, airosa viste  
dengue de escalrata,  
corpiño axustado,  
y-unha muradana  
con mais abelorios  
que manto de santa.  
Non viven sin vérense  
d' amores se falan,  
n-o adro d' a eirexa,  
n-outeiro d' a praza,  
e n-as corredoiras,  
e onde lles cadra,  
pois en parrafeos

a vida se pasan.  
Casarse cobizan,  
que as yellas teimadas,  
a rosmar comenzañ  
do honor d'a rapaza.  
Vanse xunt' o abade,  
botan as proeramas,  
fanse roupa nova,  
mercan as suas galas  
n-a feira d'a vila,  
e ledos agardan  
que chegue o promeiro  
domingo de Pascoa.  
Tardar non se fixo,  
que o tempo tén alas,  
y-a víspera á noite,  
cando s'alcontraba  
pondio leña baixo  
d'un pote de papas  
que a cachón fervía,  
a Marica Xuana  
díolle o Farruco,  
que chegou d'a sacha:  
—C' o teu pai acabo  
de falar, e ganas  
teño de deixare  
a boda co'a rabia.  
¡Pol-o San Alberte,  
que o que a min me pasa,  
tenche que lle digan...  
non lle pasa a nadia!  
Pra casarme, ¡craro!  
facíame falta  
cal todol-os noivos  
levar unha capa:  
a teu pai pedinlla,  
pois eu pra mercala  
non teño dous chavos  
nin de que me sallan.  
—¿E meu pai que dixo?  
¿dixo que cha daba?

—Deume cen mil demos:  
¡mal rayo cho parta!  
¡Dios queira que toupe  
com' unha castaña!  
Dixo que onte mesmo  
vendera unha vaca,  
y-en pagar trabucos,  
y-en mercar patacas,  
sal e mais farinha,  
quedouse sin branca.

—Pois ben, non t' apures,  
qu' eso non val nada,  
porque a nosa boda  
ninguén nol-a empata;  
pra min és o mesmo,  
quérote sin capa.

—¡Que non val a cousa!  
¡ti, Marica Xuana  
seica toleaches!;  
primeiro me matan,  
dinantes me deixo  
poñer en talladas,  
qu' á eirexa ir contigo  
sin levar a capa.

—Casar eu sin ela?  
vaya, vaya, vaya...

—Si tal non che oubira,  
qu' és outro pensara:  
¿e dis que me queres?  
¿e inda tés lacha?  
¡renégote, demo!  
estouche aviada  
si pol-o interés  
agora me prantas.

—¡Calal! non padriques  
que o tempo malgastas,  
penses o que queiras,  
fagas o que fagas,  
d'a idea que teño  
xa ningüén me saca;  
non ten volta o dito,

forremos palabras,  
eu non vou á eirexa  
si non levo capa,  
—¿Conque logo déixasme?  
—A conta non marra.  
—Entón vaite aixiña  
qu'eiquí non fás falta:  
hastra me da noxo  
mirarche pr'a cara;  
és burro e non podes  
pasar sin albarda.  
—Pois logo... namentres,  
quedas n-a tua casa,  
eu pr'a miña voume...  
non se perde nada.  
Desfixose a boda  
por mor d'unha capa.

## REZADEIRO DE ROSARIOS

Denantes de se deitar,  
todal-as noites de Dios  
un rosario habia rezar  
co' a sua parenta Pilar  
o patrucio Andreu Barrós.

Tiña n-o vello a costume  
de rezalo, poder tal,  
que o botaba, ben ou mal,  
n-o inverno, arrente d' o lume,  
n-o vrau, baixo d'un parral.

Ó rezar, tanto berraban,  
anque eran os doux soliños;  
que algús xa se maliciaban  
de si o rosario razaban  
pra que oubisen os veciños.

Com' o rezaban por xunto,  
¡era o rosario maestro!  
e chegaban hastr' o punto  
de non deixaren difunto,  
nin santo sin padrenuestro.

Os rezos iban levando  
ás veces tan astraidos,  
que sin saber como e cando,  
quedábanse os doux dormidos  
e despertaban rezando.

Outras veces, ó acabar  
de decir: *Santa María...*  
(sin deixaren de rezar),  
poñíanse a parolar  
d'as cen angueirás d' o día.

*Madre de Dios...* (decía o vello),  
«¿Está o porco n-o cortello?  
*Roga por nosoutros...* ¿Cando  
acomodaches o gando?  
Seica morreu un coello.»

Y-a parenta entre un *amén*  
y-un *Dios te salve*, decía:  
«¿Munguiches a vaca ben?  
¿Pagouche o Xil de Toén  
os cartos que che debía?»

E ambos a perguntar,  
a falaren y-a rifar  
si cicais a conto viña,  
non deixaban de rezar  
pol-a conta que lles tiña.

Pasou en certa ocasión  
que estando a medio rosario,  
tiveron unha cuestión,  
e farían o demo..., a non  
acodire o vecindario.

D'a cólera n-o arrebato,  
él, botando maldiciós,  
berraba:— ¡Fora! ¡que a mato!—  
Y-ela, chorando:— ¡Miñato!  
¡fillo d' o coxo Barrós!


¡Pillo! ¡Vés de casta ruin,  
e xa non podes ser bon!  
¿Pra que rezas, galopín?  
¿Quéreste botar a min?  
¡Ven, que te afogo ladrón!—

Dempois que á tales estremos  
puña fin o vecindario,  
decía Andreu:—¡Vaya c' os demos!  
Si che parés, poderemos  
seguir o noso rosario.—

Y-ela que tiña tamén  
por costume, incrinación  
a decir a todo amén  
pareciale muy ben,  
e... volta co'a devoción.

E rezaba e mais rezaba;  
íbaselle o santo ó ceo  
c' o sono, mais non paraba,  
porque sólo cobizaba  
botar o rosario arreo.

Ó rematar, satisfeito  
facia a sinal d' a cruz,  
daba tres golpes n-o peito,  
apagaba logo a luz  
e deitábase n-o leito.



## A DESAFÍO

Sete mozas casadeiras  
y-un fato de mozos truás,  
n-a fonte d' os ameneiros  
unha noite de luar,  
mentras elas enchen olas  
y-eles a velas están,  
un tras outros, n-o doido,  
dolce tono d' o alaláa,  
n-un desafío de copras  
así pónense a cantar:

### ELAS

Noites de luar, noites craras  
apacibres e sereas,  
non tedes mais que feitizos  
com' os amores d' as nenas.

### ELES

Moitos as noites comparan  
con voso amor solamentres,  
cando envolta en negras nubes  
a lua sai n-o crecente.

### ELAS

Saben o que fan os homes  
en mal falar d' as mulleres,

e coidan de non gabalas  
por medo de que ll' as leven.

## ELES

¡Alábate meu coitelo  
que por algo vas á feira!  
Non alcontras quen te merque  
por mais que te pós de venta.

## ELAS

Os homes que van á feira,  
non tendo gusto nin cartos,  
mercan desque outros escollen  
e levan o refugallo.

## ELES

Eso foivos n-outro tempo,  
pois os mociflos d' agora  
non mercan sin que dinantes  
lles den a catar a proba.

## ELAS

Sofnaba o cego que vía  
y-o coxo que tiña pernas:  
sempre dí que o buscan todas  
o que non tén quen o queira.

## ELES

Si nos buscades ou non,  
fale o crego d' a parroquia,  
que nos dí cando padrica  
que sodes o demo as mozas.

## ELAS

Pr' escoitar palabras vanas,  
temos nós oubidos xordos;

cando falandes, por un  
nos entra, e sainos por outro.

## ELES

Si non for descortesía  
diremos que hay n-elo engano;  
de que tal non aconteza  
tedes vosoutras coidado

## ELAS

Como non somos sabidas  
non gastamos de retrónicas;  
perdedes n-o desafío  
y-andádeslle dando voltas.

## ELES

¡Por fantesía non queda!  
O d' o portugués d' o conto,  
que dixo: «Nao tremes terra»  
e tremáballe a él o corpo.

## ELAS

Din alí que mal lle vai  
ó zorro cando and' ás uvas.  
¿Andades con contos? ¡Malo,  
vendes a perda segura!

## ELES

Vós si que vendes o lobo,  
e de medo pra entretelo,  
un a un vádeslle dando  
os años que hay n-o cortello.

## ELAS

Con lobos como vosoutros  
xa podemos ir pr' o monte,

pois anque ouseades cantando  
nin xiquera sodes homes.

## ELES

«Tira d' ahí non me luxes»,  
díxolle o pote á cazola:  
si nós ouseamos cantando  
vós parecedes cotorras.

## ELAS

Usandes n-o desafío  
as armas que nós deixamos,  
fagades o que fagades,  
habendes quedar debaixo.

## ELES

Si tal chega a soceder  
perdimos o tempo, xoyas,  
pois si nós quedamos mal,  
non quedandas ben vosoutras.

Estando n-esto chegou  
o tío Antón de Vilar,  
home a quén tiñan respeito  
pol-a sua ancianidá,  
y-anque fora n-os seus anos  
un mozo com' o que mais  
versado n-os desaffios,  
e lixeiro n-o falar,  
sorprendeuse d' as canciós  
e levóullelas a mal,  
(que nunca os homes se xuzgan  
como xuzgan ós demáis),  
e con certa sorna díxolles:  
«¡Vaya un modo de folgar!  
Millor fora qu' estivérades  
n-a casa de vosos pais,  
descansando cal Dios manda

pra ter ánemos mañá:  
n-os meus tempos ¡que tempiños!  
érawos outro cantar;  
nunca serviron as fontes  
pr' axuntarse nugallás,  
y-os desaffos tiñámos  
sin perder de traballar,  
solamentres n-as vendimas,  
n-a sega e malla d' o pan.»

Como si un tiro soara  
entr' un bando de pardás,  
como entre pombas a súpita  
presencia d' o gabilán,  
fixo entr' os mozos efecto  
tal maneira de falar,  
y-us rosmando, e caladiños  
como pantasmal-os mais,  
todos foron pol-os agros  
camiñño d' o lugar.



## A CONTA D' O PERDIDO

Matou Xan Ferrer un porco,  
e dempois de desfacelo,  
botando as suas contas, dixo:  
«¿Fixen a matanza? Bueno;  
pois vamos a ver agora  
o que me queda d'o cerdo.  
Frito con cebola o figado  
esta noite cenanémolo,  
pra botar, xa que se tercia,  
de camiño un par de netos.  
Os xamós son pr' o cacique,  
de non ll' os dar, ¡santos ceos!  
fará comigo cachizas  
n-os consumos e n-os preitos.  
A cachucha mandareilla...  
¿á quen ll' a hei mandar? Ó médeco  
por me raxar o furuncho  
que me saliu n-un lomedro,  
pois inda que a iguala cobra  
(dous ferrados de centeo)  
hay que facerlle agasallos  
pra que visite os enfermos.  
¡Xa se quedou sin cachucha  
e sin perniles o cerdo!  
Un lacón será pr' as ánemas:  
ofrecinlo xa fai tempo,  
y-o sacristán non me deixa  
pra que cumpra o que pormeto.  
O interés d' o sancristán,

e mais que o interés, o celo  
que tén polo Purgatorio,  
dame que pensar, ie penso  
unhas couosas tan estranas  
d' as ofertas e d' os petos!  
Fora malas tentaciós.  
¡Arrenegado sea o demo!  
¡E volta e dalle! ¿A que veñen  
somellantes pensamentos?  
Eles se teñen a culpa  
en polo arrente d' o peito,  
como de teren estómago  
cuáseque gala facendo.  
Outro lacón ó patrono  
cando haxa festa dareillo;  
ese vai ben empregado  
en foguetes e gaiteiro.  
Os touciños, pra pagar  
os trabucos, vendereinos;  
son os cartos que mais choro,  
pois como roubados lévanos.  
Os chourizos... os chourizos,  
algús serán pr' o usureiro,  
c' o gallo de que m' agarde  
pol-o capital e rédetos:  
os outros, heillos mandar  
de carabela ó pequeno  
qu' está estudiando n-a vila  
pra se facer señor crego.  
Os queixales... os queixales,  
¡ah, si! ben, regalareillos  
ó meu compadre Cascote  
por servicios que lle debo.  
Quédame solo d' o cocho,  
uñas, unto e rabo seco.  
¡Pra que che fai a matanza  
un coitadiño labrego!  
As uñas aló n-o entroido  
comereinas ¡bon porveito!  
parecereime a zugar  
n-elas, un can de palleiro.

D'o rabo, canto se poida  
turrarei, e turraremos  
eu, a parenta, un amigo,  
e si cadra, o curandeiro;  
quédame unto solamentres,  
e falta que fai pra eso  
d'untar o carro si atasca,  
e pra que o cheire o pucheiro.

Facer fixen a matanza,  
o cocho cobar cebelino,  
e gastei os meus aforros  
en mariñas e farelos;  
unhas dez ou doce arrobas  
pesaba en canal, é certo,  
era un manílico porco  
que valía vinte pesos.  
Xan Ferrer, cobar cebáchelo,  
pro comer... comeuno o demo.

ANALYSIS OF A TYPICAL

WELL-STRUCTURED REPORT

The following report illustrates the  
typical structure of a well-structured  
report. It consists of a title page, an  
abstract, a body containing several  
sections, and a conclusion.

REPORT ON THE INVESTIGATION  
OF A CRIME SCENE  
INVESTIGATOR: JOHN D. SMITH  
DATE: MARCH 15, 1985  
TIME: 10:00 AM - 12:00 PM  
LOCATION: 1234 FAIRFIELD DR., ALEXANDRIA,  
VA 22314

REASON FOR REPORT: TO DETERMINE THE  
CAUSE OF DEATH AND TO DETERMINE IF  
ANY CRIMINAL ACTS WERE INVOLVED.

EXAMINER'S SIGNATURE: JOHN D. SMITH  
DATE: MARCH 15, 1985

¡MAL AGOIRO!

Comenza a esfarna d' as uvas,  
as vides mostran d' abondo  
recimos que han ser c' o tempo  
rico e recendente mosto;  
amostran os sementados  
as suas espigas d' ouro,  
que docemento s' arrolan  
de mainas brisas ó sopro;  
vense os eidos coroados  
de ramalliños e froitos,  
y-a diosa Ceres sourrindo  
derrama seus bés a doito:  
esta fartura, folgándose  
d' o seu espíru n-o fondo,  
o acoradiño labrego  
contempra con ledos ollos,  
porque ll'anuncia e pormete  
un porvir d' os mais risoños:  
o poder pagar as rentas  
que paga como colono  
o pan que mantén seus fillos,  
a espranza d' algús aforros;  
pro namentres mouras nubes  
ameazan levalo todo,  
tremendo como un rapaz  
que venta de lonxe o lobo,  
acorado pol-as penas  
e pol-os tristes recordos  
qu' outros anos as tronadas

deixaron c' os seus estrozos,  
escrama con amargura:

«¡Mal agoiro!»

Moza que ronda de noite  
c' un cortexo pol-os soutos,  
que vai con él ás romaxes  
e nunca baila con outro;  
que volven sempre xuntiños  
y-escarriándose de todos,  
que falan pol-os falares  
sin falar de matrimonio,  
qu'ende vendo ó señor crego,  
como si visen ó zorro,  
fuxen e gánanlle as voltas  
por camiños sospeitosos;  
que saben que no seu creto  
a furgar comenzañ moito,  
e lonxe de correxirse  
d' elo se gaban no pobo,  
e van perdendo a vergonza  
d' este xeito pouco a pouco;  
inda que outra cousa pensen  
e teñan ós mais por bobos,  
e se rían d' o que falen  
e pensen vellos e mozos,  
non tén volta, os namorados  
han de ver pol-os seus ollos,  
como aquelas venturanzas  
se trocan en desconsolos,  
e como en Abril se volven  
vágoas as risas d' Agosto.  
¿Namoriscados e libres?

¡Mal agoiro!

O tío Antón de Casanova  
que ten douis mil pesos, forros  
á forza de pasar fame  
e de ll'os limpar a outros,  
que puxo vacas a medro  
pol-a usanza d' os tramposos,  
deu en acamar, alcóntrase  
non sei con que mal n-o corpo

que non-o entenden os médecos  
por mais que o consultan moito;  
non tén apetencia, esváiselle  
o sentido pouco a pouco,  
e vai perdendo a cabeza  
e non pode alcontrar folgo,  
e síntese estomballado,  
e doille a cana d' os hósos.  
Os parentes a chegaren  
comenzan unhos tras outros,  
anque nunca se falaron  
nin teñen d' él un recordo;  
vai a velo o señor crego  
pra n-a gracia de Dios pólo,  
y-o sancristán dí entre dentes:  
«Vai caír páxaro gordo.»  
¿Fai contas o sancristán?  
¿O médeco torce o morro?  
¿O tío Antón xa non come  
nin pensa n-os seus nagocios?  
¿O abade non sai d' a casa?  
¡Mal agoiro!

Can que lle poñen ó rabo  
unha lata de petróleo  
dempoixa que pol-as ruas  
pra roer non topa un hoso;  
labrador que deixa o sacho  
pr' andar c' o fusil ó lombo;  
moza que tén confianzas  
e amor con told-os mozos;  
estudiante que namentres  
que conserva os libros novos,  
anda seguindo ás rapazas  
feito un parbo, ou feito un tolo;  
médeco que c' os políticos  
aduana e barulla moito  
sin ter xiquera un enfermo  
a quen ver d' outono a outono;  
escribao que cal d' o lume  
escapa d' os protocolos;  
costureiriña que mira

con mirares melancónicos,  
mais que pr'a tela que cose  
pr' os traxes que tran os mozos;  
beata que sai d'a misa  
pra ir levar e traguer contos;  
xuez que se rube ós probes  
e se baixa ós poderosos;  
militar que deixa as armas  
pra se meter en nagocios;  
inda que outra cousa falen,  
eu darles creto non pudo,  
nin van n-o meu carro á misa,  
nin son d' os meus ¡que demoro!  
¿Nin a ben con eles viven?  
¡Mal agoiro!

EL É LERIA, OU RENXE A PORTA?

O vello Roque d' Alvar,  
c' unha rapaciña nova  
casouse por s' amparar:  
fuxira de se casar  
hastra verse ó pé d' a cova.

Ó cabo d' un mes c' os celos  
o probe falaba solo,  
y-ela ó ver os seus desvelos,  
xuraba: «Os homes? ¡Nin velos!  
Non caviles, non seas tolo.»

Namentras qu' así xurando  
estaba a mosquiña morta,  
pra lle falar agardando,  
andaba un mozo rondando  
todal-as noites a porta.

Pra se gardar d' o parente  
(que a parenta xa o sabia),  
o galán ó chegar xente  
súpita e caladamente  
tral-a porta se metía.

Pra barullo non facer,  
precuraba non toser,  
n-as puntas d' os pés andar;  
mais daba a porta en renixer  
y-a madeira en estralar.

Si oubía o patrucio memo,  
rosmando dicía: «Temo  
que o can salise d' a horta.  
¡Uy, uy, uy, verás o demo!

«¿El é leria, ou renxe a porta?»

Ela, que sabía finxir,  
facéndolle ver visiós,  
acababa por decir:

«¡Bó! vámonos a dormir  
en paz e gracia de Dios.»

Mais denantes de prender  
n-o sono, á larga ou á corta  
volvendo sentir renixer,  
rosmaba o vello: «Muller,  
¿el é leria, ou renxe a porta?»

E por compracelo ela,  
descorrendo a tarabela  
deixaba sin pecho a porta,  
pra que o xuncras d' a cadela  
se fose e' o can á horta.


Chegouse tanto a falar  
d' o conto d' a mosea morta,  
que vendo a Roque pasar,  
berrábanlle os d' o lugar:  
«¿El é leria, ou renxe a porta?»

## VIXILIA CON AUSTINENCIA

—Bule axiña, trayo frío;  
dame de xantar, Colasa,  
veño reloucando, bule,  
¿non oyes? ¡Muller, acaba!  
—Sempre vés metendo présa,  
non dís mais que ¡bule! ¡anda!,  
e trasme andando e bulindo  
como burra vella cansa.  
—Os vagares son pr' aqueles  
que comen e non traballan.  
—¡Uy! déixame de sentencias,  
vai comendo o caldo, e cala.  
—Xa non che m' o leva o estómago  
anque pol-as gorxas baixa,  
esto eche comer á forza  
langreneando co' as ganas.  
—Pois non teño que facerlle,  
¡como non me volva vaca!  
—Tés razón, poder non podes  
poñerme por berzas, magras,  
pro poideras ter mais tino  
pra non pólas arrichadas.  
—Si tivese a feito leña...  
—¿Que non-a tés? Poi dar dánnola,  
e co' a que ó lombo nos botan  
nos consumos e n-as cánimas,  
poderíamos cocer  
cen culeiros de patacas.  
—¿Seica tés gana de leria?

—De leria non, de talladas.  
—Sólo pensas en comer,  
e xa fai sete somanas  
que tras a carne n-os labios.  
—¡Ay, canté! Mira, Colasa,  
si n-os labios a trouxese,  
nó, lembrar non ch'a lembraba;  
pro como tí ves, a carne  
fuxe de nós e vai cara.  
—Ogallá te fartes d' ela  
hastra touparas co' a farta.  
—¿Toupar eu de carne farto?  
¡Si Dios te oira, Colasa!  
Mira, digoche o que sinto  
como si me confesara;  
teño tal degoramento  
por comer carne de vaca,  
d' esa que pr' os labradores  
alá pol-as nubes anda,  
como si as touras tivesen  
en troques de cornos, alas,  
que por tomar unha enhenta,  
por comer carne sin tasa,  
eu non sei o que faría,  
faría o demo y-a rabia.  
Sin ir mais lonxe, arestora,  
comendo estas poucas fabas  
que pol-o duras que son,  
e pol-o moito que nadan,  
figúranseme n-o mar  
unhas taborelas naufragas,  
estas berzas cuasque crudas  
como as que os bácoros tragan,  
esta auga quente con sal,  
y-estes cachos de patacas  
qu' entre nol-os labradores  
caldiño d' unto se chama,  
como si foran pelouros  
n-as gorxas se nos entalan.  
¡Ay que cousas nós comemos!  
¡non as comeran as cabras!

—Pois fillo, hay que ter pacencia.  
—D' eso si que temos farta.  
¿Haberá un trago de viño  
con que mollar as patacas?  
—¡Nin que te volveras parbo!  
A pergunta fai me gracia.  
¿Tí non sabes que o vendimos  
n-a derradeira somana  
pra pagar aqueles rédetos  
y-aquelas contas de marras?  
—Ben, falemos d' outra cousa:  
¿tel-a bica porparada?  
—Onte quebrouse o tixolo,  
y-hoxe por non ter nin brasas,  
quentei a pedra con lume  
de carqueixas e carpazas,  
e non aposto doux chavos  
a que salise queimada.  
—Pois eso agora, muller,  
solamentres me faltaba.  
—Fai de conta qu' é vixilia.  
—Si, vixilia gregoriana.



¡SEICA... SEICA!

A tía Rosa d' o Navallo  
a maiores de ser vella,  
tén a lingua que parés,  
pol-o que fura, subela;  
fala d' as casadas pestes,  
picardías d' as solteiras,  
conta a todos en sacreto  
pra que naide, naide o sepia,  
que o sacristán d' a parroquia  
furta os cabuchos de cera,  
e que d' o peto d' as ánemas  
limpando vai as cadelas;  
dí que tén o señor crego  
cartos e vacas a medias,  
que os d' o Concello non pagan  
contribución pol-as terras,  
que a muller d' o vinculeiro  
con todol-os mozos pégallas,  
que a viuda d' o zuruxano,  
que sai pol-os vraus d' aldea,  
c' o gallo de tomar aires  
vai soltar algo que leva;  
que andan todol-os casados  
perdidos pol-as tabernas;  
e tales faladurías,  
calunias e incomenencias,  
xura e perxura que as conta,  
non porque garde xenreiras,  
nin por liar matrimonios,

nin por mal, nin por envexa.  
¡Diol-a libre de tal cousa!  
¡Ave María! ¡Eso ela!  
Faino con santos cobizos,  
pra ver si cicais s' enmendan.  
pra que vivan cal Dios manda  
e nin un alma se perda;  
e pra elo dez rosarios  
(tendo tino de que a vexan)  
bota dempois d' oubir misa  
en descargo d' os que pecan,  
e fai a sinal d' a cruz  
a calquer cousa que vexa,  
e pásmase d' o que pasa  
entr' os vecíños d' aldea,  
que nos profundos infernos  
non están xa de cabeza,  
pol-a gran misericordia  
d' a divina Providencia,  
pois non hay alma cristiana  
pura e limpia de concencia,  
nin que teña relixión  
fora d' o seu neto e d' ela.  
¡Condanida de beata,  
roñona e camanduleira,  
sendo n-a parroquia o demo,  
pol-o que ás xentes atenta,  
pretende pasar por santa...!  
¡Seica... seica!

## AS CAMPANAS D' AMIUDAL

*As campanas d' Amiudal  
dicen cando repinican:  
«Quen tén, val, quen tén, tén, val.»*

Era Goriño d' Andrade  
vello cuasementes xa,  
un patrucio d' os enxebres,  
honrado a carta cabal:  
non se vira n-a xusticia  
por crímes nin por reás,  
e vivía a ben con Dios,  
e c' os veciños en paz;  
nunca os probes á sua porta  
petaron pedindo en van,  
nin un orfo coitadiño,  
nin unha famenta nai,  
sin que levasen patacas,  
un anaquifío de pan,  
unha migá de touciño,  
ou unha presa de sal  
pois tiña un alma ¡que alma!  
toda amor e caridá.  
Viuse Goriño d' Andrade  
afrixido por un mal;  
seis meses pasou n-o leito  
a padecer e xumiari,  
e' unhos delores n-a res  
adoecendo como un can:  
os veciños visitárono  
duas somanas e algo mais,  
e púflanse ó seu servizio

de muy boa voluntá;  
pro logo se foi quedando  
a solas c' o seu penar,  
solíño c' os seus achaques,  
en loita co' a enfermedá,  
sin ter un alma cristiana  
que fose pr' o consolar;  
y-o que se vira tan sólo,  
mais tarde quedou sin pan,  
e probe como as arañas,  
pois non dispuña d' un real.  
O que o Goríño pensou,  
non vol-o quero contar;  
mais ó ver n-os seus veciños  
un desligamento tal,  
sentiu n-a cana d' os hósos  
frío e frebe, todo á par,  
afogos n-o corazón  
e n-o esprítu moito mais,  
que sintiu que ll' o queimaban  
as lavas de cen volcás,  
e chegou esconsolado  
moitas veces a chorar,  
véndose xa vello, enfermo,  
sin agarimo e sin pan.  
A morte que tiña diante  
fría, escarnada e tenaz,  
púñalle medo n-as noites  
negras como a eternidá,  
e pol-o dia tremaba  
n-ela póndose a pensar.  
¡Quén lle dixerá ó Goríño  
cando tiña pr' os demás  
n-a sua chouza, unhas patacas,  
un anaquiño de pan,  
unha migia de touciño  
y-unhas areas de sal,  
que pra él naide tería  
nin consolos que lle dar!  
Con tan tristes pensamentos  
espertou unha mañán,

y-esmorecente sintíndose  
co' as saudades e c' o mal,  
e vénbose probe, sólo,  
e sin vágooas que chorar,  
pensou n-o pago que o mundo  
ós homes de ben lles da.

E pensou... pensou n-os ceos  
a onde as almas libres van:  
d' aquela repinicaban  
as campanas d' Amiudal,  
e n-os seus sonos d' angustias  
antoxóuselle pensar,  
que o mesmo que si falasen  
pol-as bocas de metal,  
decían n-o seu sonoro  
e ledo repinicar,  
(estrevérase a xuralo):

*Quen tén, val; quen tén, tén, val.*  
Un Cristo que á veira tiña  
colleu co' as convulsas mans,  
os ollos cravou n-a imáxen,  
bicouna con ansiedá,  
e como si n-os seus labios  
as campanas d' Amiudal  
repercutiran os ecos  
d' o ledo repinicar,  
a cada bico decia:

*Quen tén, val, quen tén, tén, val.*  
Así se foi d' este mundo  
á rexión d' a eternidá,  
así morreu aquel home  
honrado a carta cabal,  
que vivía a ben con Dios  
e c' os veciños en paz.

the first time I have seen it  
in the country. It is a  
large tree, with a trunk  
about 18 inches in diameter,  
and a height of about 30 feet.  
The leaves are large and  
ovate, with serrated edges,  
and a pointed apex. The  
flowers are white, and  
are produced in clusters  
at the ends of the branches.  
The fruit is a small, round  
seed, which is covered with  
a thin, yellowish skin.  
The wood is very hard,  
and has a fine grain.  
The bark is smooth,  
and has a reddish-brown  
color. The roots are  
large and thick, and  
are covered with a  
thin, brownish skin.


## O CONTO D'UN CONTO

¡Si virades o qu' eu vin  
n-o folión de San Antonio!  
¿Queredes que vol-o conte?  
¿Que si? Pois sí, vaya logo.  
Alá n-o cabo d' o campo  
sin luz, sin moscas, e sólos,  
fuxíndolle á xente andaba  
unha parexa. ¡Demoro!  
váiseme a lingua escurrindo  
agora que me recordo!  
Eu non sei si vol-o conte...  
¿Que si? Pois que siga o conto.  
Era un mozo y-unha moza,  
eso ben xuralo podo,  
porqu' ela levaba faldras,  
y-él calzós, d' eso respondo,  
pois funlles seguindo a pista  
e vinos pol-os meus ollos.  
D' alí a pouco ambos sentáronse,  
e como dicía o outro,  
tiñan vagar, tiñan tempo,  
y-estas son cousas de mozos:  
emprenderon un palique  
muy animado e sabroso,  
y-eu coidando non ser visto  
funme a carón d' eles pondo.  
—Xa cumprin o teu encargo,  
dixolle, xa queda morto;  
mateino como mandache

pra que non sirva d' estorbo.  
 (¿Si teremos algúñ crime?  
 ¡Ay, vállame San Antonio!)  
 — Pol-a mor d' él o meu pai  
 sabía qu' eu tiña noivo,  
 sabía as horas a qu' iba,  
 todol-os sacretos soupo,  
 e xa ves, d' esa maneira  
 iban a sabelo todo.  
 — ¿Chegarán a descobrilo?  
 — ¿Como ha de descobrirse, bobo,  
 si d' esa morte que fixen  
 non hay un testigo sólo?  
 — Y-agora ben, ¿que facemos?  
 — Pois nada, asalo n-o forno.  
 (¡Arrepiáronseme as carnes!  
 ¡Que crime tan moustruoso!  
 Dempois de matalo, vaya,  
 ¿non queren queimar o morto?)  
 — Si che parés, millor fora  
 enterralo eiqui os doux sólos  
 mañán pol-a noite, traendo  
 a comadre con nosoutros,  
 que se pinta pra estes casos  
 cal non hay outra, ¡recoiro!  
 (¡Asús! n-a que te metiche,  
 n-a que te alcontras envolto!  
 Vante a compricar n-o crime,  
 e pra librar o pescozo  
 hache custar mais traballo  
 que ganar seis onzas d' ouro.  
 N-estes trances, caladiño;  
 calo, pois, e morra o conto).  
 ¿Queredes que vol-o conte?  
 ¿Que non mola? Vaya logo.  
 Pois a parexa seguiu  
 parolando pol-os codos;  
 falaron d' o amor, d' o ceo,  
 de viaxes, de casorio,  
 pro non volveron d' a morte  
 a falar nin por asomo.

Ó cabo dixo a rapaza:  
— Detércheme mais non podo,  
vamos de vagar pr' a chouza  
arrodeando pol-o souto,  
pra que a xente non-os vexa,  
e mañán será outro tono;  
enterrarémol-os dous,  
os dous soliños o morto.  
¡E si viras que manífico!  
¡Eche un galo como hay poucos!

Estoncés cain d'a burra,  
e tarde cain, ¡que boiro!  
A nena matara un galo  
que ó sentir n-a casa o noivo,  
tiña a endiañada costume  
de cacarexar sin folgo,  
y-a comadre ¡ay! a comadre,  
vexo agora craro todo,  
era unha bota soberba  
que levaba medio moyo.  
Conque xa vedes, amigos,  
n-o que parou este conto.



## O GAITERO DE PAIZÁS

¡Que bos tempos recordou  
o gaiteiro de Paizás!  
Mozo, pra servir ó rey,  
saliú d' aldea natal;  
ó ver as vágoas n-os ollos  
d'a sua noiva e d'a sua nai,  
botándose de valente  
non se volvceu pra mirar,  
e dando atruxos, berraba:  
«¡Adios terra de Paizás!  
¡Adios mulleriñas todas!  
¡Adios aldea! Adios pais!»  
Iba ledo, anque deixaba  
os seus amores atrás.

Seis anos dempois volvceu  
feito un home pr'o lugar;  
foron surtirle ó camiño  
a sua noiva y-a sua nai,  
que ó velo déronlle apertas  
e puxéronse a chorar;  
abrazábano, choraban,  
tolas de felicidá.  
El non s'amostrou valente  
cando veu, com'ó marchar;  
engradáronselle os ollos,  
saliulle d'o peito un ¡ay!  
e dixo: «¡Gracias a Dios

que te volvo a ver, meu lar!»

Tocou pol-a vez primeira  
n-a foliada de San Xuan;  
o mordomo deulle os laudes,  
apraudiuno a mocedá,  
d'o novo gaiteiro as vellas  
non sabían que contar,  
era un milagre d'a Virxen,  
nunca viran outra tal,  
tiña n-o punteiro xilgaros,  
n-o fol, o demo y-a nai;  
as mocíñas churrusqueiras  
arrente d'él ó pasar,  
mirábano fito a fito,  
e d'un xeito que xa, xa;  
non tiñan elas mirares  
millores pr' os seus galás.  
Era pra él o turreiro  
unha caste de corral,  
n-o que campaba de galo  
e de pitos os demáis.

¡Que feliz foi algún tempo  
o gaiteiro de Paizás!  
Non había onde él non fose,  
festa, legría nin paz;  
en dez legoas á redonda  
chamábano pra tocar,  
e tocaba n-as trulladas,  
n-as runflas d'a mocedá,  
n-as bodas, n-os fiadeiros,  
pol-o antroido, n-o nadal.  
Mollaba a palleta sempre  
que a cobizaba mollar,  
pois convidábano todos  
a beber y-a moito mais,  
e tiña a pedir de boca  
canto quixera tomar,  
que tiña pr' os homes, méreto,  
pr' as mulleres, pedra imán.  
¡De que riquezas dispuña


o gaiteiro de Paizás!  
 Andaban cacarexando  
 as pitas pol-o corral,  
 tiña tulla pr' o centeo,  
 forno pra cocer o pan,  
 unha xugada de bois  
 qu' era pasmo d' o lugar,  
 y-unha vaquiña de leite  
 pol-o inverno e pol-o vran.  
 Traguía os fillos coidados  
 como os fillos d' as ciudás,  
 e hastra fixera propóseto  
 de poñelos a estudiar;  
 tiña d' aforros n-a hucha  
 de dous a tres mil reás.  
 Tiña bés, sona, fartura,  
 tiña gando, tiña lar,  
 todo de seu, fora vicio  
 que soñase con ter mais.

Unha moda condanada  
 trouxo as murgas por acá,  
 invadiron os turreiros  
 tocando danzas e vals,  
 o baile d' o agarradiño  
 trastornou a mocedá,  
 que louca berraba: «¡Múseca!  
 ¡que non toque a gaita mais!»  
 O cair d' o trono a reina  
 d' a múseca popular,  
 escomenzaron as coitas  
 pr' o gaiteiro de Paizás.  
 Si pr' as festas d' o Concello  
 era chamado a tocar  
 non iba con aquel rumbo  
 que fora tempos atrás:  
 iba com' os condenados  
 á pena de morte van.  
 N-o medio d' a murga vénzose  
 sentía un coraxe tal,  
 que a non ser home, de fixo

adoecerá com' os cás.  
 O son guerreiro d' os rudos  
 instrumentos de metal  
 impuña silencio á gaita,  
 nin-a deixaba trinar.  
 Os músecos ó gaiteiro  
 tíñano por caridá,  
 pra que servira d' adorno,  
 pra que non perdese o pan.  
 ¡Que de canas lle naceron  
 estes ditos ó escoitar!  
 Somellantes herexias  
 sabianlle a sulimán,  
 e como agullas candentes  
 feríanlle a vanidá.  
 Por eso entre os seus compadres  
 sedento de se vengar,  
 dixo con fero sarcasmo:  
 «Non sabendes o que hay?  
 Pois meteuse o demo a múseco  
 e xa pol-o noso mal,  
 tocando as murgas d' o inferno  
 n-as festas d' os santos van».

¡Que triste foi a vellez  
 d' o gaiteiro de Paízás!  
 Desterrado d' os turreiros,  
 esquecido sin piedá,  
 viu a miseria n-a casa  
 de rondón e fosca entrar;  
 o cacarexo d' as pitas  
 non s' oubía n-o corral,  
 non tiña vaca de leite,  
 nin forno pra cocer pan,  
 nin a xugada de boís  
 qu' era pasmo d' o lugar:  
 tiña com' os outros probes  
 caldo e patacas n-o vran,  
 caldo e bica pol-o inverno,  
 e sempre necesidás.  
 Arrostrou a sua desgracia

con alentos de titán,  
iba colemando a fame  
con pacencia patriarcal;  
mais ó ver a gaita muda,  
e n-un curruncho d'o lar  
c'o fol com' un odre vello  
rachado pol-a mitá,  
prendía n-o seu espiritu  
unha morriña tenaz,  
sentía degoramentos  
de morrer pra descancar.



## COLLENDO CASTAÑAS

N-o souto de Vilarelle  
Mauro Farruco de Gándara  
que viña de pisar viño  
n-a casa grande d'a Laxa,  
topou con María Remedios,  
xeitosa e linda rapaza,  
que s'acupaba en guindar  
d'un castiñeiro as castañas.  
Ó ver a xoya, parouse  
e mirouna cara a cara,  
e como non tiña presa  
e pra parolas estaba,  
dempois de chiscarlle os ollos  
con mais intención que gracia,  
sentouse a carón d'a moza  
pra falarlle unhas palabras,  
pra lle contar unhos contos  
d'amoriños e de fadas,  
que por non ter ocasión  
e tempo, non lle contara.  
Era Maruxa Remedios  
mociña d'aquela casta,  
e Mauro Farruco un mozo  
d'os qu'entr' as mulleres andan  
como quem non quer a cousa,  
mais non a fume de pallas,  
d'os que s'arrisan ó velas  
e teñen mel n-as palabras,  
azongue n-as maus, e lume

alampador n-as olladas.  
 Véndose xuntos n-o souto  
 libres de toda compaňía,  
 e facéndose de conta  
 que a ocasión a pintan calva,  
 botaron un parrafeo  
 como en ningures botaran.  
 —¿E logo que fas, Maruxa?  
 —¿Non-o ves? Collo castañas.  
 —¿E con quen vas a comedelas?  
 —Pergúntallo ós páis n-a casa.  
 —Non vou alá co'a pergunta.  
 —Millor, tampouco te cansas.  
 —¿Faste a boba Maruxiña?  
 —Non é milagre que a faga,  
 pois venme, seg n dixeches,  
 a bobaría de casta.  
 —¡Uy! ¿Temos contos por medio?  
 —Por medio non, pol-a espalda,  
 mais heiche poder con eles.  
 ¡Como son besta de carga!...  
 —Déixate de tolari as,  
 non veñas con argalladas.  
 —Non quero que de min falen  
 alg s que non teñen lacha.  
 —Eso non che vai comigo.  
 —Pol-o menos ben t' alabas.  
 —¿Eu alabar me? ¡Arren gote!  
 Erel-o diaño, rapaza.  
 —Si, por diante moitos laudes,  
 poratr s c rtasme sayas.  
 —¿E paresche, mi a prenda,  
 que de xastre te o trazas?  
 —T las de calquera cousa.  
 —Xa non sabes o que falas.  
 ¿Eu por tras furtarche o creto?  
 ¡Eso si que non, car speta!  
 —Como te conezo, podes  
 falar o que mais che praza,  
 que pra min os teus falares  
 son com' os d' os cas que ladran,

- ¿Afellas? ¿Ti dismo ou cóntasmo?  
—Millor será que te vayas  
a ter un d' eses paliques  
que tés de noite n-a Laxa  
co' aquela que veu d'o Pinto  
pra gardar porcos e vacas.  
—Fórache descurtesía  
irme, e deixarte prantada,  
sabendo que non tés forza  
pr' arrebolar as castañas.  
—Non preciso d' axudantes,  
pois son muller pr' apañalas.  
—E si eu axudarte quero?  
—¡Que xuncras d' home! Xa rallas.  
—Non seas tola, qu' os ourizos  
as tuas manciñas mancan,  
e sin axuda non sales  
d' angueira n-esta somana.  
—Ninguén corre tras de min;  
si non sayo, que non saya.  
—¿Que tras de ti ninguén corre?  
¡Ora o demo! Anqu' eres galga,  
tras de ti corren algús  
c' o gallo de si t' atrapan.  
—¿Quéres calar, abesouro?  
Xa che dixen que te vayas.  
—Repítoche que me quedo  
pra che coller as castañas,  
e si foras tan amante  
asar unhas, asabámolas.  
—Non acostumo facer  
magostos fora d'a casa.  
—Pois falo agora comigo.  
—¡Pol-a tua bonita cara!  
—Pois non ch'a teño tan fea  
que non se podia mirala,  
—¡Astís, que rallante d' home!  
Xa che dixen que te vayas.  
—Y-eu digo que non me vou,  
e d' eiquí ninguén me saca.  
—Vaiche rifar a d'o Pinto

e sería unha disgracia.  
—Maruxiña, non me atentes.  
—Sin che ser bruxa nin santa  
sei qu'estandes pol-as noites  
de parola n-a solaina.  
—Así cegue quen tal dixo.  
—Estonces moitos cegaban.  
—Non fales d'esa maneira  
Maruxiña que me matas;  
xa que non me teñas ley,  
temme tan xiquerá lástema.  
—¿Sasme con esas agora?  
¡Non, a burla non-a fagas!  
—Tí eres a que te bulras  
e fas comigo xudiadas.  
—¡Malia a costume que tés!  
Hastra que choro non paras.  
—¿Chorar pol-a miña culpa?  
Non chores, roliña, cala;  
si eu son o causante, voume.  
—Non, agora non te vayas.

## ¡ARRENÉGOTE PECADO!

¡Que cousas se ven, que cousas!  
¡Ó velas quedase un parbo!  
Hoxe, n-o sigro d' as luces,  
e non n-o sigro d' os cartos,  
porque nunca os labradores  
se viron tan acabados,  
d' un rapaz que sai d' a escola  
escribindo garabatos,  
sin barba nin verba, faise  
a todo vapor un sabio;  
d' un *quidam* que por meolos  
tén pébedas de cabazo,  
pol-as artes d' a política  
faise un ministro de rango,  
e todo se fai de présa  
pol-a norma d' os adiantos,  
sin se dar conta d' o feito.  
¡Arrenégote pecado!

Os que aló en Madril remexen  
as trécolas d' o cotarro,  
que se lle chama Goberno  
por lle dar o nome d' algo,  
barullan de patriotas,  
diutan leises a destallo,  
fan e desfán ó seu gusto,  
mandan asegún os casos,  
turran d' a corda sin xeito  
cal si turrasen d' un carro;

pra pedir pecan de pródigos,  
pra daren vólverse avaros.

¿A esto chámase Goberno?


¡Arrenégote pecado!

Rouba con medo e vergonza  
un pelingrín esfamiado,  
e sin que naide lle valla  
vai a presidio tres anos;  
en troques, algús manates  
rouban millós con escándalo  
pra sosteren grandes vicios,  
pois de comer están fartos,  
e non hay civís que os collan  
porque se poñen en salvo,  
e rinse véndose ricos  
d'os probes qu'están chorando.  
¿A esto chámase xusticia?

¡Arrenégote pecado!

Ser un quisque nugallán  
enemigo d'o traballo,  
non ter en bés nin en rentas  
o valor de seis ichavos,  
barullar a tempo e moito,  
sentir cobizos de mando,  
deixarse ver pol-as ruas  
grave, pouson e finchado,  
c'un puro alceso n-a boca  
e rodopergo n-os cascos;  
mirar por riba d'a hombreira  
ós que pasan ó seu lado,  
intrigar pol-a calada,  
arrastrarse com' os sapos,  
laudar ós que mandan sempre,  
facerlle a contra ós mandados,  
agarimarse ós que poden,  
fuxir d'os que pidan algo,  
pretender medrar facendo  
escaleira d' os d'abaixo,  
meter n-a bulsa a vergonza

y-o decoro n-os zapatos,  
enxergarse n-os partidos  
pra vendelos e sangralos,  
facer aldraxe d' os crédulos  
e mofa d' os enganados,  
asegún hoxe s' estila,  
é ser un home avisado,  
un político de sona,  
un personaxe de rango.  
¿Y-a esto chámanlle política?  
¡Arrenégote pecado!



## POL-O ATALLO

—Non m' o perguntes, Catuxa,  
cen veces ch'o teño dito:  
quérote pol-os quereres  
como as nais ós seus roliños.  
—Ós teus mentires amantes  
non creas que lle dou tino,  
que naciche mintireiro  
e tés que morrer mintindo.  
—¿Que minto eu, Catuxiña?  
¿sabes o que dis? ¿que minto?  
Si non che digo verdá,  
si o meu sentir non che digo,  
por estas cruces que poño,  
¿velas? ¿tí ves como as bico?  
permita Dios que me volva  
sapo, zorro, can ou grilo.  
—Non xures así, Lourenzo.  
—Pois non fales desvaríos  
nin me rifes sin razón  
nin t'anoxes por capricho,  
que d'os teus labios de meiga  
eses aldraxes oubindo,  
eu non sei o que me pasa,  
xa non sei o que me digo;  
pois dame unha volta a sangue  
e bárresem o xuicio.  
—¿E logo por que non casas?  
—Direiche, verás: motivos  
pra me non casar, non teño,  
pol-a contra, pro cavilo  
que mentras teu pai s'agache  
e se faga o esquecedizo,

eu como xenro que son  
 déboche calar o pico.  
 —Xa se ve... si non lle falas...  
 —Mais d' o que lle teño dito,  
 (que o demo se faga xordo)  
 n-a miña vida hey decirlo.  
 —Estonces pídele o dote.  
 —¿Pidir eu? ¡Asús! non pido.  
 —Non pois a min, ¡arrenégote!  
 de cote me estás pedindo,  
 que non fale c' o Farruco  
 nin c' o Xan d' o Carrasquizo,  
 que non vaya pol-as noites  
 levar o grau ó muíño,  
 que te agarde ó sair d' a eirexa  
 e non sei que mais... xudio.  
 —¡To, to, to! con que me vés!  
 esas sonche, meu feitizo,  
 faladurías d' os noivos  
 e toladas d' o cariño;  
 n-o tocantes a intereses  
 en ningures hey pedilos.  
 —Dícello ó señor abade.  
 —Cen veces ll' o teño dito.  
 —¿E que che dixo?  
     — ¡Vay boa!  
 ¿e perguntas que me dixo?  
 Pois que n-eso de casorios  
 sólo s' entende de oficio,  
 ó ver ós noivos n-a eirexa  
 e por diante de padriños.  
 —Por mais que tola me volvo  
 a cavilar, non atino  
 a maneira de sair  
 d' o paso en que nos metimos.  
 —Deixa esas cousas ó tempo  
 que xa de seu irán vindo,  
 e por casar non te mates  
 namentres nos divertimos.  
 —E si me perdes a ley...  
 —¿Eu perdercha? ¡Santo Cristo!

—¿Que ch' ei perder ley nin diaños,  
s'estou xa por ti perdido?

—¡Mintireiro, mintireiro!...

—¿Xa volves? ¿Xegas comigo?

Por estas cruces que poño,  
¿velas? ¿tí ves como as bico?  
permita Dios que me volva  
sapo, zorro, can ou grilo.

—Non xures, que me pós medo.

—Tí can? ¡San Roque bendito!

—Pois si queres que non xure,  
confia n-o meu cariño.

—Foi de groma.

—Estonces, calo,  
y-o xuramento arretiro.

—Pro sendo mozos, e libres,  
e non tendo impeditivos,  
¿por que non hemos casar?

—Pol-o que che levo dito.

—Estrévete, pide o dote.

—¡Volta ó vezo! Non-o pido,  
porque o laña d'o teu pai  
onte n-a bodega, dixo,  
tomando c' o seu compadre  
un taco de pan e viño:

«¿Eu dotar a filla? ¡Un corno!  
Que a manteña o seu marido,  
e si non tén pra mantela,  
¿pra que colle compromisos?»

—Seria un falar...

—Sería,  
pro fálache com' un libro,  
discurre com' un letrado  
e córrechese de listo.

—E pra que o dote non negue,  
¿que che parés que faríamos?

—Sólo temos un recurso.

—¡Ay, por Dios, Lourenzo, dimo!

—Que collamos pol-o atallo  
sin roparar n-os peligros.

—¡Pol-o atallo!... non entendo.

—Si, muller, pol-o Bautismo  
e deixar o Matrimonio  
que xa de seu irá vindo.  
¿Non reloucas por casares?  
Pois o que non pasa o río...  
—¿Y-eso a que vén? Ou te bulras  
ou perdiches o xuicio.  
—Engánaste, Catuxiña.  
—Entón estarás n-o imbo.  
—Non irás descamiñada  
si vas por ese camiño.  
—¿E soñas con bruxerías?  
¡Arrenégote nemigo!  
—Soño con facer de modo  
que o teu pai solte os cartíños  
e que mais se apure a dalos  
qu'eu me canse de pedilos;  
soño conque o noso abade,  
que se rí d'o que lle digo,  
dé pra nos casar mais voltas  
que da voltas un rodicio;  
soño con facer de xeito  
que os que hoxe me chaman pillo  
e trescentas perrerías  
por querer casar contigo,  
me trayan en precesión  
pra que me case bulindo.  
—Eso que me dís, Lourenzo,  
parés cousa de feitizo.  
—Eche unha cousa de tantas  
que se ven n-o mundo pícaro,  
un d'os mil encantamentos  
d'o novo *Ciprianillo*.  
—De termos qu'ir polo-o atallo,  
poñámonos ó camiño.  
—Por estas cruces que poño,  
¿velas? ¿tí ves como as bico?  
permítala Dios que me volva  
sapo, zorro, can ou grilo,  
si dinantes de seis meses  
eu non son o teu marido.

## RETRATOS

Ende ventando unha moza,  
os ollos escarramela,  
bule com' un azougado,  
derrétese, ri, tatexa,  
póñenselle casque guichas  
como ós burros as orellas;  
sintindo ruxir de faldras  
non atoa nin sosega;  
vai tral-as mulleres sempre  
com' os cas tras d' as cadelas,  
á forza de ser un macho  
non vive mais qu' entre femias.  
Temos un retrato feito:

Xan Entr' elas.

Pasa, infeliz a sua vida  
com' un negro traballando;  
n-aldea, non lle dan tino;  
n-a vila, non lle fan caso;  
os probes com' él despréciano,  
os que son ricos aldráxano,  
tén razón e non ll'a dan,  
mantense de bica e caldo;  
si pide xusticia, néganlla,  
si ll'a fan, cástalle os cartos;  
morre probe y-esquecido,  
vive á mioca, e calando,  
bautizano por costume,  
pero como a mouro trátano.

Está sacando a monteira  
Xan Paisano.

De solteiro foi un besta,  
casou, e volveuse mandria,  
a muller pégalle tundas,  
ela come y-él traballa;  
namentras él dorme canso  
de sofrir, ela descansa,  
e parola c' os veciños  
e vaise ós grilos si cadra;  
él como si nada fose,  
cal si nada vise, cala,  
mete o xenio n-as faltricas,  
non tén vergonza nin rábecha,  
quer o mesmo ós que o protexen  
como ós que o firen e aldraxan.  
Abonda pra conecelo,  
é Xan Lanas.

Con osadía soberba  
era un quisque e campa d' home,  
d' un anaquiño de mando  
com' un boy turra o que pode.  
É gasalleiro c' os ricos,  
fosco e severo c' os probes,  
sin saber nada de nada  
medra e trunfa com' os próceres,  
leva fume n-a cabeza  
e n-o corazón rencores;  
está por fora rixoso,  
por dentro valeiro e podre,  
é cobarde c' os manates,  
c' os debres valente a voces.  
Un d' os páxaros de conta.  
Lucas Gómez.

PERO... PERO... PERO... PERO...

D'a morte d'a agricultura  
e d'o triste acabamento  
en que os labradores viven  
aguniando fai tempo,  
con razón de sobra quéixanse  
cobizando hachar remedio;  
mais ós seus salayos, xordos  
están, n-a Corte o Goberno,  
n-a provincia os diputados,  
y-os caciques n-os concellos:  
non s'ergue unha voz amiga  
en defensa d' os labregos,  
todos, todos n-eles tanguen,  
e canto poden esprémenos;  
trátanlos sin compasión  
como a bestas d' arrieiro,  
e zúrranos si se moven,  
e mállanos si están quedos,  
e fanles pagar por todo,  
hastra por tomar alento:  
n-o espiritu de Xan Paisano  
ferve un odio d' os infernos,  
n-o seu corazón a rábecha  
fai xordamente progresos,  
e rúbenlle as lavaredas  
d'a indinación ó celebro,  
y-un estropicio faría  
si se levase d' o xenio;  
calá por que mais non pode,

que lle pón o falar medo;  
 as suas íntimas congoxas  
 sofrindo vay en sacreto;  
 non se queixa nin protesta,  
 pero... pero... pero... pero...

Roque Antón o sancristán  
 d'a parroquia de Sestelo,  
 cumple como Diol-o manda  
 seu deber anque vai vello;  
 toc' as campanas, enterra  
 os mortos e sirve ó crego;  
 tanto qu' o señor abade  
 xa non sabe onde poñelo,  
 e di qu' o seu sancristán  
 é o mellor d'o mundo enteiro;  
 non furta o aceite d'a lámpara,  
 nin-o vende pra remedios,  
 non alumna con cabuchos  
 a sua casa pol-o inverno,  
 tén a todol-os feigreses  
 c' os seus servicios contentos;  
 mais cando sai pol-a eirexa  
 de ronda a pedir c' o peto  
 e sinte ó cair os cartos  
 tinguelear alá drento,  
 o diaño d'a tentación  
 revólvelle os pensamentos;  
 él pedir pide pr' as ánemas,  
 pero... pero... pero... pero...

Don Mariño d'Abeleda,  
 é d' os alcaldes modelo;  
 por compromisos políticos  
 ademinstira o Concello,  
 déronlle os veciños votos  
 e non houbo mais remedio;  
 deixa o goberno d'a casa  
 por compracer ó Goberno,

n-as angueiras d'a alcaldía  
 trabállavos com'un negro,  
 e por moito que traballa  
 nin xiquera gana un céntemo;  
 si algúen lle disputa o mando  
 ponse un basilisco feito,  
 e vai, vén e volve á vila  
 pra se soster n-o puleiro;  
 o que dí será verdade,  
 eu non-o dubido, bueno,  
 esquécese d'os seus bés  
 por servir os d'os alleos,  
 e pol-a mor d'a política  
 manda, contrariand'o xenio;  
 haberá moitos que o crean,  
 pois por home honrado téñeno,  
 non lle vale o ser alcalde  
 nin un cigarro, nin esto,  
 pode ser sin ser milagro,  
 pero... pero... pero... pero...

Maruxiña d' os Casares,  
 moza de rumbo e de xeito,  
 que tén pedra imán n-os ollos  
 pr' os homes namoradeiros,  
 vai a todal-as romaxes  
 n-a compaña de cortexos;  
 si hay feira, non perde a feira,  
 baila en todol-os turreiros;  
 rise d' os pais si lle rífan  
 e d' os que lle dan consellos;  
 anda de cote c' os mozos  
 de trullada sin receos,  
 pois sabe por esperencia  
 e millor que sabe o credo,  
 que unha moza divirtirse  
 pode sin perder o creto,  
 e que a muller que non quere  
 gárdase ben ¡ora o demo!,  
 que os homes s' estreven sólo

si lle dan pé pra facelo.  
Pode ser que así soceda,  
o que dice será certo,  
terá tino de gardarse,  
pero... pero... pero...

## REVOLTAS

### I

Alá n-os tempos d' Esopo  
cando falaban as bestas,  
(privilexio qu' inda teñen  
algunhas d'a nosa terra),  
facía d' alcalde un burro,  
e de xuez d' a mantela  
un zorro que xa de vello  
non tiña mais que a pelexa.  
Cando o alcalde daba órdes  
(o mesmo que hoxe as enxergan),  
os seus ademistrados  
cumprífanas con pacencia,  
dicindo: «¡Que alcalde temos!  
¡Que alcalde, que ben ornea!»  
(anque non esto, din hoxe  
cousas que algo s' asemellan).  
E cando o xuez diutaba  
contra xusticia as sentencias,  
cargando as costas ós probes  
anque o direito tiveran,  
(vese pouco agora d' eso,  
que por algo se progresá),  
os probes d' os preiteantes  
botando as maus á cabeza,  
cramaban: «¡Que xuez, que zorro!  
¡arrabuña que rabea!  
Cal si fóramos galiñas

vai en nós facendo presa.»  
(Hoxe irían a presidio  
aqueles que tal dixeran).  
Mais un dia burro e zorro,  
alcalde e xuez d'a mantela,  
dous animáles con mando  
y-autoridade á desfeita,  
(as autoridás son hoxe  
sabidas e circuspeutas),  
pol-a mor d'unha disputa  
como pode ter calquera,  
e sobre si o burro tiña  
mais que o zorro sabidencia,  
pois si él levaba aparellos  
era en troques d'a chaqueta,  
e sobre si o burro ó zorro  
d'intento un couce lle dera,  
que si o zorro andaba ás uvas  
ou si o burro andaba ás herbas,  
armaron unha liorta  
que deu que falar n-aldea.  
(N-os tempos que van andando  
as autoridás xiqueran  
dan escándalos, ¿que han dar?  
Dan exemplos de prudencia).  
¡Que más quixeron as xentes  
que saber a liorta aquela!  
Como non teñen respeto  
ás autoridás, e pensan  
que non están obrigadas  
a lle sacar a monteira  
ó velas vir dende lonxe  
ou cando a carón d'un chegan;  
como a quien manda o mandado  
sempre lle garda xenreira,  
tal como pasou o conto  
contáronno pol-a aldea  
sin quitar nin porlle pero,  
pe a pa ó pé d'a letra.  
¿Verían vostés n-a vida  
outra cousa como ela?

¡Falar d' as autoridás!...  
 Zorro e burro con presteza  
 enrabechados de cólera  
 y-esquecendo as suas diferencias,  
 facendo as paces, puxéronse  
 d' acordo os dous a concencia  
 pra ll' armar unha gayola  
 ós faladores d' aldea  
 hastra botar a presidio  
 a dez pol-a irreverencia.  
 ¿E lográrono? ¡Quen sabe!  
 As crónicas mais non rezan.  
 (Hoxe d' esto xa non pasa,  
 pol-o menos que se sepia).

## II

N-aqueles tempos antigos  
 d' o rei que rabiou por sopas,  
 un esfamentado lobo  
 que andaba n-a serra á mioca,  
 c' o gallo de que os pastores  
 d' as ovellas tiñan conta,  
 púxose a pel d' un cordeiro  
 e manso e con sorna morna  
 baixou d' aquel xeito á vila  
 pra vivir entr' as presoas:  
 (hoxe os homes non enganan,  
 son o que n-o traxe amostran).  
 Aquel cordeiro mansiño  
 ó parecer, non acouba,  
 siguelle o rastro ás ovellas,  
 vai n-a compañía de todas,  
 e bala cando elas balan  
 e pitisca n-as queiroas,  
 e n-a manada metido  
 vai cal si fose entr' as lobas;  
 pro cando o pastor se dorme  
 a unha bótalle as gadoupas  
 e come en carne de ovella  
 como lobo qu' é de conta.

(Esto non ten comparanza  
c' o qu' está pasando agora).

## III


Tiña un señor moitos páxaros  
n-unha gran xaula metidos,  
e sempre que lles botaba  
n-o comedero paizo,  
mais barulleiros e ledos  
piaban os paxariños;  
pro si por casuallidade  
quedaban algús sin milllo,  
botábanse ós que comían  
como cas adoevidos,  
y-estrapexaban co' as alas  
e non paraban c' o pico  
hastra botaren pra fora  
d' o comedero ós amigos.  
(Que o d'a paxareira é conto  
xa se cala de sabido,  
que c' os páxaros non teñen  
nin comparanza os políticos  
e qu' estas loitas non son  
com' as loitas d' os partidos,  
eso... por se ver tan craro  
xa non hay pra que decilo).

## CASAR...

—*¿Por que non te casas Xan?*  
—*As que me dan non as quero,*  
*as que quero non m' as dan.*

(Canción popular)

—*¿Por que xuncras non casas, si eres xa vello?*  
—*Que lle queres, non caso por unha cousa.*  
—*Seica non atopaches muller a gusto?*  
—*Como gustar, direiche, gústanme todas.*  
—*¿E por que, Xan, estonces vives solteiro?*  
—*Porque son os casoiros custión de fochas,*  
*n-as que algús sin sabelo can de fuciños*  
*e quedan enterrados sin darse conta.*  
Eu casar, casaría pol-os casares  
si entre tantas mulleres vise unha sola  
que fose como a busco, d' esta feitura:  
non falar sin sentido como as cotorras,  
nunca saír d' a casa sin o seu home,  
non andar de visitas feita unha posma,  
arrenegar d' os primos como d' o demo,  
como ás bruxas, facerlle figas á moda;  
non ter, como as coellas, a mala maña  
de dar arreo fillos sin levar conta;  
non saber os nagocios d' o seu parente,  
e si os sabe, calando, facerse a boba;  
ser n-o traballo escrava, facer aforros,  
n-o goberno d' a casa ser reina e dona,  
renunciar ás fiadas e romarias,  
velar pol-os d' a casa sin ser fisgona,  
non coidarse d' a vida d' os mais veciños  
e ser rica, modesta, garrida e nova.



## UNHA VENDIMA N-O RIBEIRO

*Pra quen as cousas de Galicia estima  
un cadro arroubador e feiticeiro,  
é o cadro qu' amostra unha vendima,  
unha leda vendima n-o Ribeiro.*

### I

¡Qué protentos, gran Dios, que fermosura  
aló por San Miguel tén o viñedo  
pr' o labrador que vendo co' a fartura,  
seu traballo premear, móstrase ledo!  
Mais non folga; abofellas, non sosega  
hastra qu'o dia d'a vendima chega,  
que non ve seu desexo ben comprido  
mentras non tén o viño recollido  
fervendo drento as cubas, n-a bodega.

Com' a rico tesouro qu'e gardado,  
as recedentes uvas él vixila  
aló n-a noite prácida e tranquila:  
tamén de dia, pol-o sol queimado,  
pon tú montós de toxos n-o valado,  
que dí veira ó camiño,  
por si cicais tén mentres un veciño  
de lle furtar o froito regalado  
que dipindura n-o cepal d'a viña,  
n-ela non pódea entrar, e sea bulrado.  
Unha escopeta que seu pai xa tiña,  
c' o tempo enfurruxada,  
descarga á media noite, e d' este tono,

quer lle dicir ás xentes, que gardada  
a viña fai pol-o sen mesmo dono.

Pracer mais verdadeiro,  
nin mais legrías este mundo encerra  
pra quen, non usureiro,  
nin dado a barafullas, nin folganza,  
fillos mantén c'os froitos que dá a terra;  
pra quen rico porvir, ledá esperanza,  
n-o seu traballo pón, e cobizoso  
d'o adianto de seus bés, sólo precura  
facel-os millorar. Non mais dichoso  
home pode vivir. Igoal ventura  
n-o seu dourado pazo esprendoroso,  
o manate que vive n-a fartura,  
non poderá sintir, como a que siente  
o labrador n-o fondo d'o seu peito  
cando a vendima chega: e non lle minte  
a conta que botou d'o seu proveito,  
págalle entón a recolleita toda  
seu traballo e sudor: Dios, dadiveiro,  
abondosa lle fai a sacha, a poda,  
y-a lódriga que fixo n-o Xaneiro.  
Non hay conxunto eiqui mais feiticeiro,  
nin prenda algúia de millor estima,  
qu'o conxunto e ventaxas d'a vendima,  
d'unha ledá *vendima n-o Ribeiro*.

## II

Poéteco xardín, terra querida  
d'o Miño pol-as augas arrolada  
pol-o Outobre parés que nova vida  
adique teu sér; rexenerada  
érguese logo, y-on barullo ledo  
n-as aldeas resoa: os labradores  
recolleitar os froitos d'o viñedo  
agasalleiros van: n-o Mayo as frores,  
n-o San Xoan o centeo  
e n-o Abril o lameiro remollado,  
non teñen mais feitizos, mais primores,

qu' os qu' amostra un terreo  
n-este tempo de cepas ben prantado.

Mira o tío Cibrao a viña sua  
con namorados e riseiros ollos,  
que ó cabo n-ela tén como fortúa,  
viño n-as uvas, e n-as vides mollos.  
¡En verdade que groria causa vela!  
Baixo de cada folla hay un cangallo,  
carga que xa non pode ben sostela  
o varal de carballeo.

Cal este, pol-o menos, tén un cento  
pol-o cepal endiante:  
de madural-os graus, abren c' o vento:  
de locentes, somellan o deamante;  
non pode pidir mais, que vicio fora.  
Limpa de tearañas a bodega,  
—que d' a limpeza lle chegou a hora,—  
e dempois de facer outras angueiras,  
dispón a sua lexión vendimadora  
con mocetós e mozas casadeiras.

## III

Inda non ven a lus d' o novo dia  
esparxe craro o sol desde o nacente,  
cand' os berros comenzañ; a legria  
corpo tomando vai n-aquela xente.  
Ó lombo os mozos botan o culeiro,  
cada moza seu cesto colle eixiña,  
os rapaces n-o brazo un gueipo colgan,  
e todos xuntos van pol-o carreiro  
brincando car' a viña,  
e atruxan, berran, cantan, nada folgan.  
O tío Cibrao agarda ond' á cancela  
pra lles dar órdes; manda qu' os culeiros  
pousen ali, e quedan preto d' ela  
hastr' os hencher, en garda os carrexeiros:  
os demáis compañeiros,  
a vendimar comenzañ; recollendo  
os dourados recimos, vánse pondo

eiquí y-aló, e de camiño henchendo  
 un hastra acugular cesto redondo,  
 van tamén con mais ansia e lixeireza  
 que mostra o cazador n-o mesmo istante  
 en que preto de sí, ventou a peza  
 que d'il fuxindo vai diante por diante.  
 Non hay un que se faga perguiceiro  
 en axudar, non quer por cousa algúa  
 que se deixe d'hencher logo un culeiro;  
 si un sin folguexo vai, o outro súa.  
 O tío Cibrao qu'herdou d'a nosa raza  
 un tan bo corazón como nobreza,  
 os seus esforzos a premiar empeza:  
 chea de viño trae unha cabaza  
 que, d'unha mau en otra, con cariño  
 deixa pasar; e todos, anque alleo,  
 según teñen a sede, d'aquel viño  
 beben hastra comprir o seu desejo,  
 que alí, sin comprimentos cortesaoas,  
 amo e vendimadores,  
 non vos son nada mais que bos hirmaos,  
 pois o traballo xunta os seus amores.

O vificio vai facendo o seu oficio,  
 pois anque non beberon  
 pra que a perder chegasen o xuicio,  
 mais faladores todos se fixeron.  
 —Non tivo mala sorte, tío Cibrao,  
 con voz agasalleira dí un d'os mozos,  
 non pode ser millor o brenzellao,  
 mui ben debeu de lle poñer os pozos.  
 —¡Pois non che digo nada d'o caíño!,  
 dille unha moza con acento brando,  
 penso que n-o Ribeiro, vendimando  
 ninguén un viño está como este viño.  
 Namentres estes falan, agachados  
 d'un parral entr' as follas amarelas,  
 sin deixar de guichar a carón d'elas,  
 alcóntranse acupados  
 doux gordillós e brincadores nenos,  
 en comer grao a grao, con moita presa,  
 un recimo de náparo, que pesa

de tres a catro libras pol-o menos.  
 Embaixo, n-o fondal, seica non fala  
 a xente que vendima, d' alí chega  
 hastr' enriba unha cántiga gallega,  
 o eco xemidor d' un *alalala*;  
 canción subrime, que n-as áas d' o vento  
 dende lonxe traída,  
 d' un alma d' outro mundo doorida  
 un sospiro parés ou un lamento;  
 canción feitizadora,  
 que axuntando tristuras e legrias,  
 tén pra o felis pracer e melodias,  
 consolo n-as soedades pra quen chora.

Os carrexeiros mentras van levando  
 á pia d' o lagar cantos culeiros  
 hencheran os demáis, e precurando  
 non ser en valeirar d' os derradeiros,  
 y-anque a carga que levan é d' abondo,  
 de mais forza e valor, gala facendo,  
 dinlle que poña ó mozo qu' está erguendo  
 rib' o cesto culeiro outro redondo:  
 asina van pol-o camiño adiante  
 co' a testa baixa, mais de presa andando,  
 e sostendo co' a forza d' un xigante  
 os cestos, que de cheos van deitando.

Pra quen as cousas de Galicia estima,  
 ¡cantos feitizos ten unha vendima!  
 cadre de máxia, é, onde se moven  
 animadas e ledas cen figuras:  
 eiquí doux mozos fan, aló unha xoven:  
 mais embaixo duas probes criaturas  
 bótanse a reboladas pol-a terra:  
 un mocetón atruxa, o outro berra.  
 Cestos veñen e van, un xa valeiro,  
 o outro cheo d' o sabroso froito  
 todo aquelo parés un formigueiro  
 que sai a provisiós en tempo enxoito.

D' a mirada de Dios debre refrexo,  
 o sol que co' a sua lus o dia encanta,  
 diante d' aquel poéteco festexo  
 n-a sua carreira maxestoso adianta.

As doce son: n-o erguido campaário  
 soan as bateladas de costume;  
 paran de vendimar, é necesario  
 xantar con apetencia verdadeira  
 a comida que ben botando fume,  
 pois fai pouco saiu de xunt' o lume  
 qu' ardía en lavaredas n-a lareira.

Veira d'a cesta ond' os pucheiros veñen,  
 ús, d' os outros dempois, todos acoden,  
 e como en que sentarse alí non teñen,  
 n-o chao se sentan o millor que poden.  
 O tio Cibrao, que está mui compracido  
 d'a xente, pol-o ben que lle traballa,  
 querendo mais sirvir que ser sirvido,  
 un pan centeo groso e ben cocido  
 a rabanadas curta co'a navalla:  
 dalle primeiro d'él ós d'a sua veira,  
 dempois, de mao en mao fáinio ir pasando  
 anaco por anaco, de maneira  
 que non s'esqueza un: están xantando.  
 ¡Que barullo e pracer! Xa corre o viño  
 ó redor, ó redor, sin parar nunca;  
 non hay moza, nin vello, nin mocíño,  
 que non teña talladas n-a sua cunca.  
 Parolando e xogando, satisfeitos,  
 comen, si non millor, con mais fartura  
 que n-a mesa d'un rei: non tal ventura  
 n-ela poideran ter, nin mais proveitos.

## IV

O sol pónose vai: seus resprandores  
 douran o val, feitizan o hourizonte;  
 os carneiros y-os años brincadores  
 a miudo bálan n-o veciño monte;  
 cantan as rás á veira d'os regatos,  
 pian os paxariños n-a alboreda,  
 y-algús grilos saindo d'os buratos  
 entoan a sua canción de cote leda.  
 Armonías sin fin henchen o vento,

todo é misterio, amor e poesía  
 n-esa hora de dolce encantamento  
 qu' os agros teñen ó morrer o dia;  
 n-esa hora de paz en que fuxindo  
 vai o sol alumear outros terreos,  
 e cando a lua xa parés rubindo  
 pol-a infinita immensidá d' os ceos;  
 n-esa hora, ind' os mais vendimadores  
 os recimos curtando co' a ganchela  
 n-os viñedos se ven; ind' os millores  
 mocetós agardando ond' a cancela  
 están, porque lles henchan os culeiros,  
 de tal modo e maneira acogulados,  
 que por onde camiñan, os carreiros  
 van deixando de uvas sementados.  
 Inda atruxan e berran; inda entoan  
 algúin ledo cantar d' a sua terriña,  
 e como respondéndolle, resoan  
 outros berros y-atruxos n-outra viña.  
 Barullo xeneral, voz que chegando  
 ás probes chouzas d' os veciños pobos,  
 n-os corazós d' os homes espertando  
 un novo pracer vai, feitizos novos.  
 Rebulicio feliz, concerto ledo  
 que lle dá vida e lus á morta aldea:  
 ¡c' o cadre d' a *vendima* n-un viñedo,  
 comparanza non téns cousa terrea!

E xa noite pechada,  
 cando a xente camiña car' a aldea  
 cansa de traballar; xa perparada  
 n-a casa o tio Cibrao tenlle a cea,  
 e dempois de lla dar, agasalleiro,  
 como gallego enxebre e verdadeiro,  
 dinantes de facer a lagarada,  
 goza en vel-os folgar n-unha trullada:  
 manda vir o gaiteiro,  
 —pois sin él unha festa non é nada,—  
 y-en menos d' unha hora, xa beilando  
 alcóntranse felices n-o turreiro,  
 cantos o dia enteiro  
 estiveran n-a viña vendimando.

Anque cansos, non hay un que resista  
ós infruxos d'a gaita arroubadora,  
que todos teñen corazón d'artista;  
sinten bulir n-a y-alma soñadora  
emocións de legría verdadeira  
ó escoitar esa máxica mistura  
de amor, pracer, tristezas e tenrura  
que tén a nosa crásica muiñeira.

## O GAITERO

*Nadie se afoga n-o vrav  
nin siente frio en Xaneiro,  
nin cóitas, nin soedades  
n-a compaña d' o «Gaitero».*

### I

D' as soedades tristes d' o pobo,  
d' o seu carauter e sentimentos,  
d' as suas legrías e relembranzas,  
d' as suas costumes, d' os seus misterios,  
a semellanza mais verdadeira,  
o mais fulxente, límpido espello  
n-o feitizado chau de Galicia,  
é o lembrado, probe GAITERO.

Diante d' él, todos un *algo* estrano  
sinte n-o fondo bulir d' o peito;  
é n-as aldeas indispensabre  
como pr' as frores o sol y-o vento,  
como pr' os peixes as frescas augas,  
como pr' os homes a lus d' os ceos:  
dolce recordo d' outras edades  
é pr' os cansados e debles vellos;  
pr' as raparigas carrapucheiras,  
pr' os soñadores mozos solteiros,  
é un costante, leyal amigo  
que fai de cote que vivan ledos:  
un sol qu' esparxe legría e grorias,  
imán que atraye, é pr' os pequenos,  
que cal-os polos tras d' a galiña  
van-o seguindo rebulideiros.

Gabarse pode de quen n-as almas  
 a sua presencia tén moito imperio,  
 segün que estéan ledas ou tristes,  
 n-elas asina move os afeutos:  
 n-unha romaxe, co' as suas tocatas,  
 sostén a groria de cen cortexos,  
 fai as trulladas mais animadas,  
 e maor feitizo dalle ós fiadeiros.  
 El é d' as coitas e venturanzas  
 d'a sua aldea, craro refrexo;  
 ledo, n-as festas, vese co' a gaita,  
 triste, sin ela, vai n-os enterros,  
 ó vel-o solo, triste, calado  
 polo camiño d'o cimenteiro  
 seguindo a un morto, sinten os mozos  
 n-os seus espiritus un dooir inmenso,  
 as raparigas sospiran tristes,  
 e hastr' os rapaces mais pequerrechos,  
 ó velo asina, como non teñen  
 d'o qu' é a morte conocemento,  
 us contra outros, dinse moi baixo:  
 «¡Que caladiño vai o *gaiteiro*,  
 esta non debe ser cousa boa!»  
 y-ó morto siguen con moito medo.

## II

¿Quen é o *gaiteiro*? ¿Como á facerse  
 artista? Sin ter escola,  
 sin mais qu' os própeos conocementos,  
 sendo mui xoven, as soñadoras  
 ansias d'o xenio sintiu n-a y-alma:  
 quizayes d' elo sin darse conta,  
 él d' os concertos d'a natureza,  
 foi recollendo tonos e norma:  
 sin ter mayestros que lle ensinasen,  
 sin ningúis libros, e sólo á forza  
 de cen traballos e mais pacencia,  
 dempois de darrle miles de voltas  
 ós dedos, riba d' os buraquiños

que d' o punteiro fan sair as notas,  
 dempois d' estare dias e noites  
 moll' a palleta, sopra que sopra,  
 henchend' o fole, compondo o ronco,  
 chegou, ¡que leda, felis vitoria!  
 a remedarse, non sin fortua,  
 unha muiñeira rebulidora  
 que pr' o nacente rudo *gaiteiro*  
 foi a patente mais validosa,  
 santo bautizo que recibía  
 pra entrar n-a vida d' un arte nova:  
 e como larva que volvoreta  
 sai d' o capulo, lixeira voa,  
 él escomenza n-a sua carreira  
 tendendo as áas, facendo probas.

Sempre os novatos n-un arte teñen  
 moito de medo, mais de vergonza,  
 e pr' amostrarre, n-o fiadeiro  
 d'a sua aldea, primeiro toca:  
 ¡ben pol-o novo *gaiteiro!* dinlle  
 berrando a unha, mozos e mozas,  
 y-aqueles berros agasalleiros  
 alentos dánlle, dánlle mais forzas,  
 e mais adiante, xa vai rubindo,  
 toca n-a festa d' a sua parroquea;  
 d' ali a dous meses n-unha veciña,  
 n-outras mais lonxe toca dempoixa,  
 hastra que a tere renome chega  
 en sete legoas pol-a redonda;  
 entón, xa vida fai mui difrente,  
 de pobo en pobo anda de riola,  
 e ben n-a casa d' o señor crego,  
 ou d' o mordomo n-a homilde chouza,  
 danlle bo leito, xantar sabroso  
 a mais d' os cartos que tamén cobra.

El, n-os turreiros vese de cote  
 agasallado por xente moza  
 que compracente vai ofrecerlle  
 vasos de viño que sólo proba,  
 pois dí que pode, bebendo moito,  
 facerlle danos, e non téñ conta.

Os días de festa, mentres n-aldea  
 as mais d' as xentes dormen e folgan,  
 él, agardando que chegue a y-alba,  
 non ben xiixerá n-o leito acouba.  
 Escarramela de pouco en pouco  
 os ollos, mira de car' á porta,  
 e cando ó longo d' as rendixelas  
 olla algúis rayos de lus dudosa,  
 érguese logo con moita presa.  
 O lombo o pao d' o ronco bota,  
 recorre os dedos pol-o punteiro,  
 o fole infra y-a gaita soa,  
 e n-a compañía d' o inseparabre  
 tamborileiro, sáise pra fora  
 ledo entoando d' unha alborada  
 as melodías arroubadoras.

¡E que prantado vai pol-as ruas  
 dándoll' ós dedos, sopra que sopra!  
 ¡Ben-o farrapo d' a gaita, afellas,  
 movendo leva riba d' as costas!  
 N-estes momentos, o bo *gaiteiro*,  
 tenvos duas vidas, vai n-as suas grorias,  
 millor fortua xa non cobiza,  
 por cantos ricos hay non se troca.


¡Que indefinibre vaga tenrura  
 tén a alborada d' a terra nosa!  
 ¡E que feítizos tén unha gaita  
 cando á saída d' o sol a tocan!  
 Os ledos *chios* parés que rien,  
 o ronco triste parés que chora,  
 e ronco e *chios*, que misturados  
 aló mui lonxe dolces resoan,  
 forman un tono que d' os espiritus  
 semella a fala queixumbradora.

Cantos espertan, d' unha alborada  
 ouvindo os ecos qu' os aires pobran;  
 d' as armonías non deprendidas  
 n-este desterro de pranto e coitas,  
 ouvir os coros anxelicales  
 diante d' o Eterno, parés que sofian,  
 ¡tan infinitas, amorosíñas,

vagas e tenras son as suas notas!

Ben haxa ó nobre, felis *gaiteiro*,  
enxebre tipo d'a terra nosa,  
co'a sua monteira repinicada,  
calzós de rizo, brancas cirolas,  
chaqueta xusta de pardemonte  
e co'a sua gaita feitizadora.

Ben haxa ó artista, que sin mayestro  
sin mais axuda qu' as própeas forzas,  
cautivas soubo facer d'a gaita  
as melodias d'o mundo todas,  
sendo d' as nosas probes aldeas  
encantamento, pracer e groria.



## AS CAMPÁS DE VILANOVA

Cantos recordos n-o mundo  
a vida d' o espiritu forman  
d' o meu pasado as legrías  
e d' o meu presente as coitas,  
meus sonos e meus amores,  
de cote se me recordan,  
cando n-a calada noite  
lentas e dooredas soan,  
as campás d' a miña aldea,  
as campás de Vilanova.

D' outono unha leda tarde  
repinicaban a groria:  
un ánxei morto levaban  
outros ánxeles pr' a cova;  
estoupan os foguetes,  
y-unha alborada melosa  
iba o gaiteiro tocando  
cal si pra unha festa fora.

Detrás d' o morto anxeliño  
iba chorando unha moza,  
garrida com' unha virxen  
e triste com' unha rola.  
Vina e viume; un pensamento  
animou as almas nosas,  
e sin que os lábeos falaran  
entendéronse unha y-outra.  
Ó adro d' eirexa o enterro  
chegou, deixaron n-a cova


o corpo d' o pequenijo,  
e fóronden as xentes todas:  
eu y-ela sólo quedamos,  
vendo, eu triste, ela chorosa,  
botar o sepultureiro  
montós de terra n-a focha,  
e namentras resoaban,  
e repinicando a groria,  
as campás d' a miña aldea,  
as campás de Vilanova.

Dous anos dempois, a morto  
dobraban lentas, queixosas:  
camiño d' o camposanto  
un entero vai, e choran  
sin consolo cantos seres  
o triste cortexo forman.

Croada de mirtho e frores  
vai n-unha caixa unha morta,  
queda, inmobre, os ollos pechos  
e pecha tamén a boca;  
mais parés fada que dorme,  
ou muller que amores soña  
que non puido a fermosura  
roubarlle a morte traidora.  
Ó adro d' eirexa o entero  
chegou, puxeron n-a cova  
o corpo d' aquela virxen,  
e fóronden as xentes todas.  
¡Eu solo quedei! sintindo  
as soedades mais fondas,  
cheol-os ollos de vágooas  
y-o corazón de congoxas:  
¡eu solo quedei! ouvindo  
cair a terra n-a focha  
con barullo xordo, estrano,  
e con pausa pavorosa;  
e como si responderan  
ou contasen miñas coitas,  
seguian dobrando a morto  
lentas, dooridas, queixosas,

as campás d' a miña aldea,  
as campás de Vilanova.

¡Ay coitado, Anxelo! dixen  
falando comigo a solas:  
n-o camposanto nacera  
teu amor, y ó pé d' a cova  
onde nacera, pra sempre  
somiuse entre loito e sombras,  
a virxe que ch' o ispirara,  
a tua querida Eurosia,  
¡que amores que a morte alcende  
nunca moita vida logran!  
¡Ela morreu, mais non morre  
sen recordo n-a memoria,  
non deixarei de lembrala  
chorando con pena fonda,  
non deixarei de querela  
nin d'amala, mentras oya  
soar n-a calada noite  
lentas, tristes, melancónicas,  
as campás d' a miña aldea,  
as campás de Vilanova.



## O NAMORADO AUSENTE

### I

¡Adourados recordos, relembranzas  
d' outra edá feiticeira;  
chegade a dar consolo a un alma horfa  
que morre de saudades e tristezas!

¡Aires, vagos concertos d' as montanas,  
aires d' a miña terra,  
voade a refrescar a miña frente,  
que os pensamentos d' un amor a queiman!

### II

De fortua e de medro cobizoso,  
deixei a miña aldea.  
¡Namentras sinta o corazón latexos,  
non podrei esquecer a noite aquela!

A luz d' a lua fulguraba triste  
n-os montes, vals e veigas,  
y-as ánemas dobrando resoaba  
a voz doorida d' as campás d' eirexa.

Cando eu sólo con mais malancunía  
qu' a que n-a noite reina,  
sain d' o pobo aquil, tolo chorando  
cal chora quen o que mais ama deixa.

## III

Como alborada d' o frorido Mayo  
feitizadora e leda,  
com' os ánxeles pura e candorosa,  
n-o meu probe lugar vin unha nena.

Ó momento d' a ver sintín n-o peito  
unha forza secreta,  
que a ela m' atraguía soballante  
co' a d' os abismos atraución suprema.

Algo infinito, grande e misterioso  
que nunca coneccera,  
que hastr' os ceos erguía o meu espiritu  
en áas d' unha sublime compracencia.

## IV

Virxen d' o meu amor, ispiradora  
d' as mais nobres ideas,  
ela alcendeu n-un corazón escuro  
a luz perene d' a pasión primeira.

Anxel de redención, á nova vida  
resucitei por ela,  
por ela sinto alento n-os traballos,  
e valor n-as desgracias que m' aqueixan.

Por ela as saudades me consomen  
n-estas estranas terras:  
¡por mirarme n-o espello d' os seus ollos,  
por oubila falar... non sei que dera!

## V

Namorado infeliz, lonxe d' o niño  
d' a miña rola tenra  
enmudecín, non pudo cal dinantes  
dar ó vento canciós gratas e ledas.

¡Que de dolces recordos á memoria  
caladamente chegan!  
¡Que de sonos d' amores cando durmo  
a ond' ela vive prácidos me levan!

E como si n-a enfancia feitizada  
inda hoxe estivera,  
cal si n-os xogos d' os primeiros anos  
vise a vida fuxir rebulideira,

c' o pensamento vexo o rio, os montes,  
os lameiros e leiras,  
y-os piñeiraes, y-as casiñas brancas  
d' o pobo onde nacín, d' a miña aldea.

Inda parés que vexo a miña xoya  
d' o cruceiro de pedra  
n-os escanos sentada, parolando  
comigo, namorada e satisfeita.

Inda parés que d' a sua voz escoito  
a suave cadencia,  
non deprendida mûseca qu' un tempo  
m' adormeceu d' o vrau n-as longas sestas.

## VI

Unha tarde, ó morrer a luz d' o dia,  
d' o limpo rio á veira,  
xúntal-as nosas maus, cal s' entretexen  
n-o folloso touzal arbustos y-edras,

díxome sospirando congoxosa:  
«Alberte, non t' esquezas  
de qu' iste amor que n-o meu peito gardo,  
como por tí naceu, para tí medra.

Nobre n-o meu sentir, non acollida  
dou a dudas rastreiras,  
en tí confiada estou que non s' esquece  
cando duas almas a entenderse chegan.

Non esquecerse poden, cando as duas  
unha d' outra xemela,  
sinten goce e door cal si unha fosen,  
e d' un xeito tamén de cote pensan.

Co' esta aseguranza, xa ben podes  
andar terras e terras;  
feliz ou desgraciado, probe ou rico,  
dono serás d' o corazón d' Euxenia.

Si cicayes o amor d' outras mulleres  
un día che fai guerra,  
recorda o xuramento aquel d' a Ermida:  
*Súpito morra quen perxuro sea.*

E calo, que a decirche canto quero  
meus labios non acertan,  
que o lenguaxe d' o mundo é mui cativo  
pra falar d' un amor que o ceo enxendra.»

¡Canto chorei, meu Dios! ¡ay! e que vágoas  
pol-as miñas meixelas  
esbararon ardentes, recordando  
estas d' o meu amor palabras tenras!

¡Cantas veces de noite, esconsolado,  
triste pensando n-ela,  
sofrín as infinitas saudades  
d' un namorado corazón n-ausencia!

¿Pra que viñien eiqui? ¡Fado nemigo!  
a sede d' as riquezas  
tróuxome dend' as prayas de Galicia  
a este areal deserto d' as Amérecas.

¿Que foi o que adiantei? Tal como viñen  
hoxe estou n-a probeza,  
inda mais probe son, que xa non teño  
o tesouro de ver a miña prenda.

## VIII

Volven as anduriñas pol-o Mayo,  
volven á miña terra,  
cóbreñse os agros de cheiroosas froles,  
resucita de novo a natureza.


O barullo d' as mallas xa s' escoita,  
soa a gaita n-as festas,  
y-os alalás y atruxos pol-os aires  
alí resoarán ¡ay miña aldea!

Inda m' agarda ali d' os meus amores,  
a virxen pracenteira,  
inda alí teño un alma que costante  
tremando d' emoción, n-a miña pensa.

Inda alí teño un corazón que sinte,  
que chora as miñas penas,  
a metá d' o meu ser alí palpita  
icando, meu Dios, eu volverei a vela!

N-este desterro consumido morro,  
afóganme as tristezas,  
y-as soedades fondas que padezo,  
mais longa, mais croel fanme esta ausencia.

FIN





## ÍNDICE

### Páxinas

O Tangaraño . . . . .	5
¡Ey, boy, ey! . . . . .	7
A festa de San Wintila . . . . .	13
Amor sin nome . . . . .	17
Chorar pol-o que se foi . . . . .	19
Secuencias d' o viño . . . . .	23
A aldea . . . . .	25
De magosto . . . . .	29
De corpo presente . . . . .	35
Carta sin franqueo . . . . .	39
Por mor d' unha capa . . . . .	43
Rezadeiro de rosarios . . . . .	47
A desafio . . . . .	51
A conta d' o perdido . . . . .	57
Mal agoiro . . . . .	61
¿El é leria, ou renxe a porta? . . . . .	65
Vixilia con austinencia . . . . .	67
¡Seica... seica! . . . . .	71
As campanas d' Amiudal . . . . .	73
O conto d' un conto . . . . .	77
O Gaiteiro de Paizás . . . . .	81
Collendo castañas . . . . .	87
¡Arrenégote pecado! . . . . .	91
Pol-o atallo . . . . .	95
Retratos . . . . .	99
Pero... pero... pero... pero... . . . . .	101
Revoltas . . . . .	105
Casar..... . . . . .	109
Unha vendima n-o Ribeiro . . . . .	111
O gaiteiro . . . . .	119
As campás de Vilanova . . . . .	125
O namorado ausente . . . . .	129

ES-  
TE LIBRO  
SE ACABÓ DE  
IMPRIMIR EL DIA  
15 DEL MES DE MAYO  
DE 1927 EN EL ESTABLECI-  
MIENTO TIPOGRÁFICO  
DE «LA REGIÓN»  
LUIS ESPADA  
15, OREN-  
SE.





OBRAS  
COMPLETAS

Federico Laredo Brújula

ENSAYOS FOLLAS  
RES

AS AL-

S

REAL ACADEMIA  
GALEGA

3024

17 biblioteca